

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

PROGRAMACIÓN XERAL CURSO 2022-2023

PROFESORADO DO DEPARTAMENTO

- CAMPOS VIÑAS, ANTONIO (XEFATURA)
- FERNÁNDEZ RAMOS, CONSUELO
- RODRÍGUEZ PAZ, FRANCISCO XABIER
- CASAS GIL, PILAR
- CHAVES MONTENEGRO, PABLO
- FERNÁNDEZ SUÁREZ, CRISTINA

ÍNDICE

1.- ASPECTOS COMÚNS DA PROGRAMACIÓN

- 1.1** **Introdución e contextualización**
- 1.2** **Contribución ao desenvolvemento das competencias clave**
- 1.3** **Relación de estándares de aprendizaxe avaliados da área que formarán parte dos perfís competenciais**
- 1.4** **Concreción para cada estándar de aprendizaxe de: obxectivos e contidos desenvolvidos, temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación**
- 1.5** **Concrecións metodolóxicas da materia**
- 1.6** **Materiais e recursos didácticos**
- 1.7** **Criterios de cualificación e promoción do alumnado (adaptados á nova Orde da Consellería de Educación, mes de xaneiro de 2023)**
- 1.8** **Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes**
- 1.9** **Organización de procedementos, de ser o caso, para acreditar coñecementos previos (Bach)**

- 1.10** **Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente**
- 1.11** **Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados**
- 1.12** **Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital.**
- 1.13** **Concreción dos elementos transversais en cada curso**
- 1.14** **Actividades complementarias e extraescolares do departamento**
- 1.15** **Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora**

2.- XEOGRAFÍA E HISTORIA DE 2º DE ESO

3.- XEOGRAFÍA E HISTORIA DE 4º DE ESO

4.- ESA NIVEL III – ÁMBITO SOCIAL - MÓDULOS I ao IV

5.- HISTORIA DE ESPAÑA 2º BACHARELATO

6.- XEOGRAFÍA 2º BACHARELATO

7.- HISTORIA DA ARTE 2º BACHARELATO

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA DO IES ARMANDO COTARELO VALLEDOR

I.- ASPECTOS COMÚNS DA PROGRAMACIÓN

1.1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O presente curso escolar 2022/23 vén marcado pola mellora na situación sanitaria e polo implemento da nova lei educativa, LOMLOE para os cursos impares, que ha de desenvolverse en paralelo á LOMCE vixente nos cursos pares do ensino secundario.

A programación que se proporciona a continuación recolle os distintos principios curriculares que lle son propios a cada nivel educativo. Ante calquera eventualidade, adaptárase a programación ás circunstancias cambiantes; sobre todo no que se refire ás liñas metodolóxicas e ao achegamento ao alumnado.

Con carácter xeral, a elaboración da programación do departamento de Xeografía e Historia deste Centro baséase, neste curso 2022/2023, na seguinte normativa:

- *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- Orde pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- *Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/2023 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22.
- Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

Os novos currículos conlevan unha serie de novidades organizativas, metodolóxicas e avaliadoras das materias que buscan un proceso de aprendizaxe activo e formativo do alumnado, garantindo a axeitada atención á diversidade e a plena obxectividade na avaliación dos alumnos e alumnas.

En canto á **contextualización**, o IES Armando Cotarelo Valledor localízase na localidade de Vilaxoán, no Concello de Vilagarcía de Arousa, centro da comarca do Salnés, na ribeira sur da Ría de Arousa. O centro imparte ESO, Bacharelato, Ciclos Medios e Superiores de Formación Profesional e Formación Profesional Básica, así como formación para persoas adultas.

Algúns problemas que non podemos obviar como centro de ensino son os seguintes:

- A elevada taxa de desemprego existente na comarca, así como o escaso tecido industrial.
- A valoración negativa que existe sobre a posibilidade de acceder ao mundo laboral en condicións minimamente dignas (o que, xunto coas poucas expectativas de continuar estudos superiores, é fonte dunha gran desmotivación).
- O escaso -nalgúns casos nulo- hábito de estudo e mesmo de lectura do noso alumnado, así como de familiarización coa elaboración de contidos en recursos TIC, a pesar de moverse no mundo da internet.
- Respecto da lingua, cabe dicir que o alumnado, maioritariamente, se expresa en castelán, con excepcións nos niveis da ESA.

A XEOGRAFÍA E HISTORIA NA ESO

Para comprender e coñecer o mundo actual con toda a problemática existente nel e que inflúe na nosa vida cotiá, é necesario ter unhas bases e instrumentos que poden proporcionar as materias de Historia e de Xeografía.

O coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu achéganos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro.

As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que abranguen a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require a intervención doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias, para a mellor comprensión da realidade social.

En ESO, a materia de Xeografía e Historia pretende afondar nos coñecementos adquiridos polo alumnado na educación primaria; favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, tendo sempre en consideración as escalas de estudo (o mundo, Europa, España e Galicia); analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade.

O currículo da ESO que introduciu a LOMCE contempla organizar a Xeografía, no primeiro ciclo (de 1º a 3º de ESO), nos bloques titulados "O medio físico" e "O espazo humano", para centrarse no cuarto curso na globalización. Quedan excluídos neste ano académico os cursos impares coa nova lei educativa, LOMLOE.

Por outra parte, no que atinxe á Historia, estudaranse as sociedades ao longo do tempo, seguindo un criterio cronolóxico ao longo dos dous ciclos de ESO.

A XEOGRAFÍA E HISTORIA NO BACHARELATO

A **Xeografía que se imparte no 2º curso do Bacharelato** ocúpase especificamente do espazo, as paisaxes e as actividades que se desenvolven sobre o territorio, e analiza a relación entre a natureza e a sociedade, así como as súas consecuencias. Ten como obxectivo a comprensión do territorio, produto da interrelación de múltiples factores, e, ademais, que o alumnado poida explicar a realidade xeográfica española, con especial atención ao territorio galego, como referente e identidade próxima. Grazas a este coñecemento adquirido, a xeografía pode transmitir a idea de responsabilidade dentro da sociedade, posto que o ser humano é o principal axente de transformación do medio natural: desta maneira, a materia de Xeografía participa moi profundamente na formación en valores no eido dos principios do desenvolvemento sustentable e o medio, como recurso escaso e non renovable.

O uso dos instrumentos propios desta disciplina (entre outros a cartografía, e imaxes ou estatísticas de distinto tipo) achega a posibilidade de analizar e realizar interpretacións globais, sistemáticas e integradas da realidade, identificar as unidades territoriais, as paisaxes, e os resultados da actividade humana para poder coñecer e comprender o espazo. Deste xeito, a materia de Xeografía proposta neste curso ten como obxectivos fundamentais dar unha interpretación global e interrelacionada de cada fenómeno xeográfico, e ofrecer os mecanismos que sirvan para dar respostas e explicacións aos problemas do territorio español; unhas aprendizaxes que leven á comprensión da coevolución socioecolóxica dos territorios.

A distribución de contidos que se propón pretende afianzar os coñecementos sobre xeografía adquiridos na ESO e, por outra banda, afondar no coñecemento da ciencia xeográfica para proporcionar as conexións con opcións posteriores.

A xeografía de España non pode concibirse só na diversidade que lle proporcionan as nacionalidades e rexións que conforman o mapa autonómico do Estado, senón que é necesario coñecer ademais as interdependencias que a vinculan co resto do mundo, en especial coa Unión Europea (UE), xa que estes aspectos teñen a súa tradución nos procesos de organización do territorio. Os conxuntos espaciais cos que o noso país se relaciona (UE, áreas xeograficamente próximas e outras zonas do mundo cuxos aspectos políticos, sociais e económicos manteñen relacións con España) inclúense nun tema final que contextualizará España nas súas relacións coa UE e co resto do mundo. Ademais, a través destes coñecementos rescátanse os aspectos aprendidos polo alumnado que non deben perderse.

Os primeiros temas conteñen os coñecementos básicos para a construción do coñecemento xeográfico do territorio español e para explicar a variedade de paisaxes de España.

O estudo da materia de **Historia do Mundo Contemporáneo (HdMC) que se imparte en 1º de Bacharelato** é esencial para o coñecemento e a comprensión do mundo actual. Non menos importante é o seu carácter formativo, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. Por outra banda, a historia contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

Historia do Mundo Contemporáneo pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais do mundo pero prestando, cando é preciso, unha especial atención a España e a Galicia.

O seu estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non discriminación e os valores democráticos.

O estudo da **historia de España (HdE) de 2º de Bacharelato** é esencial para o coñecemento e comprensión non só do noso pasado senón tamén do mundo actual. Non menos importante é o carácter formativo da materia de Historia de España, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. Por outra banda, tal e como acontece

coa materia de HdMC, o estudo da historia recente do Estado español contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

Historia de España de segundo curso de bacharelato pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais dos territorios que configuran o actual Estado español, prestando, cando cumpra, unha especial atención a Galicia, pero sen esquecer por iso a súa pluralidade interna e a súa pertenza a outros ámbitos máis amplos, coma o europeo e o iberoamericano. Neste sentido, a materia recolle, na análise dos procesos históricos, tanto os aspectos compartidos como os diferenciais, ofrecéndolles aos alumnos e ás alumnas que chegan á vida adulta, a posibilidade de coñeceren a historia de España de xeito continuo e sistemático. Na distribución cronolóxica dos contidos outórgaselle unha maior importancia ao coñecemento da historia contemporánea, sen renunciar por iso aos referidos ás etapas anteriores, pois en grande medida a pluralidade da España actual só é comprensible se nos remontamos a procesos e feitos que teñen a súa orixe nun pasado remoto.

O ÁMBITO SOCIAL DA EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS (ESA)

Desenvólvese neste centro, baixo a modalidade presencial, en catro módulos ao longo de dous cursos académicos, baseada esta na asistencia regular ás actividades lectivas e no seguimento directo do alumnado. O ámbito social, de acordo co regulado na **ORDE do 20 de marzo de 2018** pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia, integra elementos do currículo de educación secundaria obrigatoria relacionados coas materias de Xeografía e Historia, Economía, Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial e os aspectos preceptivos correspondentes ás materias de Educación Plástica, Visual e Audiovisual e Música.

O ámbito social ten como finalidade que o alumnado perciba, interprete e describa adecuadamente o mundo actual, para participar á vez que configura valores persoais e cívicos valiosos. O logro deste fin implica a progresiva adquisición de habilidades para acceder á información e realizar unha elaboración persoal do coñecemento, observar a realidade, adoptar criterios válidos para a toma de decisións, desenvolverse con autonomía e iniciativa persoal e relacionarse positivamente cos demais, mostrando actitudes de responsabilidade e respecto que contribúan a mellorar a súa calidade de vida e o benestar colectivo. Contribúe ao entendemento que todo iso require o coñecemento do espazo onde se desenvolven as sociedades, así como a comprensión da sociedade, a súa organización e funcionamento ao longo do tempo.

Os contidos do ámbito social contribúen ao coñecemento do medio físico, dos espazos humanos, ao desenvolvemento da ciencia e da tecnoloxía, ao funcionamento económico e á evolución histórica da humanidade. Tratan saberes de diversas disciplinas: xeografía, historia, socioloxía, demografía, economía, ecoloxía, arte, arqueoloxía etc. Procuran favorecer a comprensión dos acontecementos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, a análise dos procesos que dan lugar aos cambios históricos e á reflexión sobre experiencias colectivas de todos os tempos ata a actualidade cunha visión de futuro. Axudan a

ter unha visión clara da importancia do comportamento económico, individual e colectivo das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e organización dos bens e servizos e a distribución dos recursos.

Segundo as instrucións da devandita orde, o currículo deste ámbito adaptarase no noso centro educativo ás condicións e circunstancias concretas do alumnado e do contexto en que este se desenvolve.

Os apartados que figuran a continuación nesta programación, a diferenza de anos anteriores, seguen o ditado no Capítulo V, Art. 24 que se recolle na resolución do 15 de xullo de 2016, pola que se ditaban instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, de adución secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da comunidade Autónoma de Galicia

1.2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN NA QUE SE RECOLLE A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do 18 de decembro de 2006, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, **a LOMCE recolle en parte as competencias básicas determinadas con anterioridade pola LOE e que foron recollidas no decreto do 2007 ás que pasa a denominar Competencias Clave.**

As competencias básicas permiten ao alumnado identificar e aplicar os saberes adquiridos nas distintas materias, capacitándoo así para a súa realización persoal, a incorporación satisfactoria á vida adulta e o desenvolvemento dunha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

No actual decreto incorpórase a clasificación e denominación das definidas pola Unión Europea.

Considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Xa que logo, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais; conceptualízanse como “un saber facer” que se aplica a unha diversidade de contextos educativos, sociais e profesionais.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial débese abordar desde todas as materias de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais; o seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

As competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado.

As situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento deberán incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia. Neste deseño é responsabilidade do centro docente e do profesorado a adecuada selección da metodoloxía, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

As actividades de aprendizaxe integradas poden incluír elementos curriculares procedentes de distintos bloques. Á súa vez, estes elementos poderán formar parte de diferentes actividades e, co obxecto de mellorar os resultados, esas actividades poderán ter carácter interdisciplinar.

O feito de tratar simultaneamente, nunha mesma actividade, contidos de bloques distintos e, mesmo, de materias diferentes, halle permitir ao profesorado determinar a conveniencia de avaliar a totalidade ou só unha parte das competencias clave relacionadas con cada estándar de aprendizaxe. Corresponderalle ao centro docente velar por un tratamento equilibrado das competencias clave nas programacións didácticas.

A posta en práctica desta recomendación deu lugar á aprobación polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte da Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias chave é moi salientable. Deste xeito, poderíamos dicir que a través da materia se desenvolven competencias que na práctica funcionan como propias (as **competencias sociais e cívicas**, en relación con contidos propios tanto de Historia como

de Xeografía, e a **competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**, en Xeografía); a **competencia de conciencia e expresións culturais** ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da **competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor** evidénciase na dimensión conceptual desa competencia posta en relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedemental dela.

O desenvolvemento das **competencias de comunicación lingüística e dixital**, e de **aprender a aprender**, impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO.

1.3. No referente A CONCRECIÓN NA QUE SE RECOLLE A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS remitirémonos á consulta de cada materia e nivel concretos máis adiante.

1.4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DA SÚA TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. (ver cada materia por separado)

1.5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIREN AS MATERIAS CONTEMPLADAS NESTA PROGRAMACIÓN.

En liñas xerais entendemos que no tratamento das diferentes materias relacionadas coa xeografía e historia ás que lles afecta a implantación da LOMCE, será preciso combinar contidos sólidos e completos con actividades e tarefas relacionadas cos estándares de aprendizaxe. O alumnado será protagonista da súa propia aprendizaxe: facerse preguntas, procurar información e informarse, participar, aprender a controlar a aprendizaxe, emprender proxectos...

Iremos combinando actividades sinxelas e tarefas de maior complexidade, encamiñadas ao desenvolvemento das competencias, a ensinar a pensar ao alumnado, á resolución de problemas e situacións reais, ao desenvolvemento do pensamento creativo...

Intentarase iniciar ao alumnado na aprendizaxe por tarefas e proxectos, como obxectivo de futuro.

O profesorado que imparte as distintas materias procurará atender a unha educación inclusiva, ao contemplar na programación de aula (en diante PDA) actividades de reforzo para o alumnado con dificultades, pero tamén de ampliación e profundización para aqueles que poden ir máis aló.

A exposición máis concreta aparece na programación de cada materia.

1.6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR. (ver cada materia por separado)

1.7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO. (consultar cada unha das materias)

Este departamento dará a coñecer por distintos medios (aula virtual, web do centro, etc) toda a información necesaria ao alumnado, ao comezo do curso, sobre os contidos da programación, os criterios de avaliación e cualificación. Será cada profesor/a a persoa encargada de transmitir dita información aos seus cursos nos primeiros días de clase. Tamén o profesorado vai dispor dunha hora de atención aos pais/nais reflectida no seu horario, e dita hora se lle comunicará aos alumnos e alumnas a través do titor/a.

Cando se determinen probas escritas en calquera das materias, a asistencia ás mesmas é obrigada nas datas e horas indicadas. Só por razón grave ou debidamente xustificada disculparase a falta de asistencia; noutro caso, perderase a opción da proba correspondente, tendo que pasar á proba de recuperación.

Cando un alumno ou alumna de calquera curso sexa sorprendido copiando nunha proba escrita, retiraráselle a folla de exame, non se cualificará, e o alumno ou alumna terá que realizar a repetición da proba cando o profesor decida.

1.7.1. Criterios sobre a avaliación e cualificación	
1ª Avaliación	<p>Cálculo da nota da 1ª avaliación:</p> <p><u>ESO</u></p> <p>O procedemento está establecido na programación deste Departamento e queda recollido desta forma:</p> <ul style="list-style-type: none">- 70% da cualificación corresponde ás probas escritas.- 30% da cualificación corresponde a actividades e tarefas. <p><u>BACHARELATO</u></p> <ul style="list-style-type: none">- 80% da cualificación corresponde ás probas escritas.- 20% da cualificación corresponde a actividades e tarefas.

	<p>Procedemento de recuperación da 1ª avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recuperación das probas escritas se a nota media, sumadas as actividades/ tarefas, é inferior a cinco puntos. - Se un alumno ou alumna non aproba debido á que non entregou as actividades ou tarefas, tendo as probas escritas superadas, daráselle a oportunidade de presentalas sen repetir os exames. - A recuperación da avaliación será das partes non superadas no trimestre, no caso de haber varias probas escritas, agás no Bacharelato no que a recuperación contemplará toda a materia traballada en dito trimestre.
2ª Avaliación	<p>Cálculo da nota da 2ª avaliación:</p> <p><u>ESO</u></p> <p>O procedemento está establecido na programación deste Departamento e queda recollido desta forma:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 70% da cualificación corresponde ás probas escritas. - 30% da cualificación corresponde a actividades e tarefas. <p><u>BACHARELATO</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - 80% da cualificación corresponde ás probas escritas. - 20% da cualificación corresponde a actividades e tarefas. <p>Procedemento de recuperación da 2ª avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recuperación das probas escritas se a nota media, sumadas as actividades/ tarefas, é inferior a cinco puntos. - Se un alumno ou alumna non aproba debido á que non entregou as actividades ou a tarefa, tendo as probas escritas superadas, daráselle a oportunidade de presentalas sen repetir os exames. - A recuperación da avaliación será das partes non superadas no trimestre, no caso de haber varias probas escritas, agás no Bacharelato no que a recuperación contemplará toda a materia traballada en dito trimestre.
3ª Avaliación	<p>Cálculo da nota da 3ª avaliación:</p> <p><u>ESO</u></p> <p>O procedemento está establecido na programación deste Departamento e queda recollido desta forma:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 70% da cualificación corresponde ás probas escritas. - 30% da cualificación corresponde a actividades e tarefas . <p><u>BACHARELATO</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - 80% da cualificación corresponde ás probas escritas. - 20% da cualificación corresponde a actividades e tarefas. <p>Procedemento de recuperación da 3ª avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recuperación das probas escritas se a nota media, sumadas as actividades/ tarefas, é inferior a cinco puntos. - Se un alumno ou alumna non aproba debido á que non entregou as actividades ou a tarefa, tendo as probas escritas superadas, daráselle a oportunidade de presentalas sen repetir os exames. - A recuperación da avaliación será das partes non superadas no trimestre, no caso de haber varias probas escritas, agás no Bacharelato no que a recuperación contemplará toda a materia traballada en dito trimestre.

Cualificación final	<p>Cálculo para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Media aritmética das tres trimestres unha vez que o alumnado teña superadas as tres avaliacións. - O alumnado que a finais de curso teña aínda avaliacións suspensas, despois de realizadas as recuperacións, ofreceráselle a opción de presentarse a unha última proba global no mes de xuño cos contidos dos trimestres non superados.
Proba extraordinaria para BAC	<p>Consistente en:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realización dunha proba única que contemple toda a materia traballada durante o curso.
ESA	<ul style="list-style-type: none"> -MÓDULOS I e III. Realización das probas para superar os módulos pendentes do primeiro cuatrimestre, na última semana de maio cunha única proba escrita. -MÓDULOS II e IV. Realización dunha única proba escrita a finais de xuño.
Alumnado de materia pendente	<p>Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O cálculo para obter cualificación será a media aritmética das tres avaliacións. - O alumnado que decline seguir o plan de traballo de recuperación de materias pendentes de forma trimestral, tal como establece o Departamento, ou que teña suspensa a materia, poderá realizar unha última proba final global no mes de xuño.
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Caderno de actividades (30% da nota). - Proba/s escritas (70% da nota).

1.7.2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)	
Metodoloxía	Especificada na programación do Departamento (ler e entender conceptos, análise de documentos, gráficas, mapas, obras de arte, etc).
Actividades tipo	<p>Estarán orientadas á recuperación das avaliacións non superadas e á preparación do exame final e/ou actividades de ampliación para mellorar as cualificacións. En síntese son:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Define con precisión termos e conceptos. - Analiza os documentos (históricos, xeográficos ou artísticos) que se proporcionan seguindo os modelos de comentario traballados en clase.

	- Realiza informes, mapas de conceptos, sínteses, eixes cronolóxicos, etc.
Materiais e recursos	Os materiais e recursos serán os que se empregaron durante o curso lectivo (libro de texto, material fotocopiado proporcionado polo docente, aula virtual, recursos da internet).
1.7.3. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC (Preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría)	
Metodoloxía	Especificada na programación do Departamento (ler e entender conceptos, análise de documentos, gráficas, mapas, obras de arte, etc).
Actividades tipo	<p>Estarán orientadas á recuperación das avaliacións non superadas. En síntese son:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Define con precisión termos e conceptos. - Analiza os documentos (históricos, xeográficos, artísticos) que se proporcionan seguindo os modelos de comentario traballados en clase. - Realiza informes, mapas de conceptos, sínteses, eixes cronolóxicos, etc.
Materiais e recursos	Os materiais e recursos serán os que se empregaron durante o curso lectivo (libro de texto, material fotocopiado proporcionado polo docente, aula virtual, recursos da internet).
1.7.4. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC (Preparación probas extraordinarias e avaliación de acceso á universidade)	
Metodoloxía	Especificada na programación do Departamento (ler, entender, definir conceptos, análise rigorosa de documentos, gráficas, obras de distintos períodos artísticos, etc).
Actividades tipo	<ul style="list-style-type: none"> - Define con precisión termos e conceptos. - Analiza os documentos (históricos, xeográficos, artísticos) que se proporciona seguindo os modelos de comentario traballados en clase. - Realiza informes, mapas de conceptos, sínteses, eixes cronolóxicos, etc. - Análise de documentos seguindo os modelos propostos na ABAU.
Materiais e recursos	Os materiais e recursos serán os que se empregaron durante o curso lectivo (libro de texto, material fotocopiado proporcionado polo docente, aula virtual, recursos da internet).

1.7.5. OBSERVACIÓNS

- *Recóllese na programación do Departamento que as actividades e/ou tarefas serán custodiadas polo alumnado unha vez corrixiadas e devoltas.*

- *Tendo en conta o principio de avaliación continua que debe rexer no proceso de ensino e aprendizaxe e tendo en conta tamén o carácter integrador e multifocal deste proceso, indicar que a materia de Xeografía e Historia posúe contidos diferenciados e que o alumnado deberá mostrar en cada parte da materia (xeografía, historia e arte) uns coñecementos mínimos e saber desenvolver uns procedementos básicos en cada un dos ámbitos mencionados.*

1.8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

- O departamento de Xeografía e Historia impartirá clase, de xeito voluntario para as familias, e atenderá a todo o alumnado con materias pendentes de 1º, 2º, 3º de ESO para facilitar a consecución das aprendizaxes non adquiridas.
- Dado que os contidos se reducen aos mínimos, pódese impartir o programado para cada avaliación, xa que ademais este tempo de clase de pendentes é para axudar ó alumnado a estudar a materia e aclarar as dúbidas. O alumnado será avaliado con carácter trimestral e farase constar a nota en cada boletín.
- Os instrumentos de avaliación, dentro desta planificación serán:
 - **probos escritos**, que terán un peso do **70%** na cualificación de **cada trimestre**, e que se aterán sempre a contidos desenvolvidos na aula, mediante un caderno de traballo con actividades facilitado polo docente. Realizarase polo menos unha proba por avaliación. De ser varias as probas a nota será a media aritmética e o alumnado disporá dunha recuperación por avaliación.
 - o desenvolvemento das actividades do **caderno de traballo e aquelas outras propostas polo docente** suporá o **30%** da **cualificación trimestral** cando sexan resoltas satisfactoriamente polo alumnado e entregadas en tempo e en forma.
- Para o alumnado que **decline asistir ao programa de recuperación de pendentes**, que presente absentismo, ou que sexa excluído por comportamento inadecuado, o profesor encargado desa hora de docencia de pendentes facilitará, a través dos titores e titoras e do profesor/a de nivel, un material de estudo e unhas follas de actividades que o alumnado entregará debidamente cubertas en **cada trimestre** supoñendo estas un 30% da nota. Así mesmo, o profesor que imparte estas clases de pendentes, coordinará co titor ou titora de cada curso que teña alumnado con Xeografía e Historia pendente, a data dunha única proba por avaliación (70% da nota). Será o profesor de nivel quen supervise o plan de recuperación do alumnado coa materia pendente. Se aínda así o alumnado non supera a materia, terá a posibilidade de realizar unha última probal global final no mes de xuño.

Tanto as avaliacións trimestrais, como o seguimento das actividades de recuperación serán competencia do docente que imparte as horas de pendentes, e no caso do alumnado que decline asistir á clase de pendentes será o profesor ou profesora de nivel, quen comunicará o resultado das cualificacións á xefatura de estudos e/ou titor/a do alumno/a que ten a materia pendente.

O alumnado será avaliado con carácter trimestral, para facilitarlle a recuperación da materia, e farase constar a nota en cada boletín.

Alumnado de 2º de BACHARELATO, tanto ordinario como de ADULTOS, que ten pendente a HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO DE 1º BACHARELATO.

O alumnado de 2º de BAC/BACAD que teña a materia de HdMC pendente, fará as probas trimestrais nas datas que anunciará o departamento no taboleiro situado no vestíbulo do centro (aproximadamente a finais de novembro, mediados de xaneiro e primeiros días de abril); suporán o 100% da nota, sendo o material de estudo os temas fotocopiables. As probas trimestrais non teñen recuperación, pois haberá en maio unha proba extraordinaria marcada pola Xefatura de Estudos para iso.

- **Con todo, aquel alumnado de 2º de BACAD** que teña a posibilidade de asistir con certa regularidade ás clases de 1º BACAD, pode optar por facer as probas trimestrais, recuperacións, actividades e tarefas igual que o resto de alumnado do grupo de referencia. De poderse presentar á ABAU (selectividade) se lle adiantará a terceira avaliación a maio en lugar de xuño.

Os/as docentes que impartan a materia de Historia do Mundo Contemporáneo de 1º BAC no réxime diúrno e de adultos, respectivamente, serán as persoas responsables de avaliar cadansúa materia de pendentes.

1.9 ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO.

Non procede nesta materia

1.10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Como indicadores de logro pódense distinguir os previos ou de preparación, que anteceden a materialización do proceso de ensinanza-aprendizaxe e os posteriores ou de realización que aluden a posta en práctica do proceso.

Entre os indicadores de logro previos, cabe salientar todos os referentes á preparación dunha programación didáctica axeitada á realidade do centro: a elección de libros de texto e de traballo, e outro material didáctico; a preparación de medios audiovisuais; a previsión de datas satisfactorias para a realización de actividade e probas, tanto ordinarias como extraordinarias e de pendentes; as xuntanzas para coordinación dos membros do Departamento; análise de resultados do curso anterior.

Como indicadores de logro do proceso, cómpre enumerar:

- As revisións quincenais de control de cumprimento da programación.
- A avaliación cualitativa, mensual e trimestral, da marcha e resultados obtidos polos alumnos/as co traballo e resposta na clase e nas probas obxectivas.

- Os feedbacks periódicos da materia xa explicada para contrastar a súa asimilación real polos alumnos/as.
- Análise da relación entre actividades orais e escritas e entre actividades grupais e individuais, para asegurar o seu adecuado equilibrio.
- Análise das medidas adoptadas para dinamizar as clases e a frecuencia das mesmas e os seus resultados.
- Observación e avaliación da mellora de nivel do grupo e dos seus alumnos/as, respecto de aqueles nos que se detectou déficit de aproveitamento na materia previamente impartida.
- Observación e control dos alumnos/as que presenten retrasos na aprendizaxe para establecer ou propoñer, segundo sexa o caso, sobre patróns obxectivos e ben fundados as decisións sobre a eventual necesidade de adaptacións curriculares ou plans de mellora.
- Reclamar das familias as intervencións precisas para mellorar a situación do alumno/a que o necesite, axudando ao seu diagnóstico ou a colaborar no estímulo, orientación ou corrección de condutas que se estime pertinente.
- Analizar se as instrucións aos alumnos/as son claras, precisas, intelixibles para eles, e o uso que fan de elas, para comprobar que alcanzan o seu fin.
- Asegurar que os instrumentos de avaliación son os axeitados, son coñecidos polo alumnado na súa estrutura e tipoloxía e que seu contido concorda ao 100% coa materia a avaliar.
- Asegurar regularmente o repaso da materia xa explicada e sempre ante a celebración dunha proba de calado sobre ela.

1.11. DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Comezado o curso celebrarase a **avaliación inicial** que resulta fundamental para axustar as medidas necesarias en función das carencias do alumnado. Estará coordinada pola xefatura de estudos e participará o equipo docente xunto coa orientadora do centro.

No **deseño** da avaliación inicial teranse en conta os seguintes aspectos :

- 1.- Características do alumno ou alumna en canto a: actitude, motivación, intereses, habilidades sociais, autoconcepto.
- 2.- Entorno socio-familiar: datos destacables que poidan influir no proceso de ensinanza aprendizaxe.
- 3.- Contexto educativo incidindo en dous aspectos: aula e dinámica grupal na que vai desenvolver a aprendizaxe do alumno ou alumna e a súa historia escolar. Neste último caso realizarase o estudo e análise dos informes individualizados do curso escolar 2020/2021 prestando especial atención ao alumnado de 1º de ESO que se incorpora ao centro dende Primaria.

4.- Competencia curricular nas áreas instrumentais (comprensión lectora, comprensión escrita, resolución de problemas) e coñecemento e procedementos básicos de Xeografía e Historia.

Podemos empregar **múltiples instrumentos**: probas escritas, observación na aula os primeiros días de clase polo profesorado, entrevistas, informes de orientación, os propios informes individualizados do alumnado, a análise de produción do alumno e alumna (resumos, traballos, probas, caderno de clase, etc).

Este coñecemento das características básicas do alumnado vai permitir tomar unha serie de **decisións** a adoptar relativas a:

- a) Planificar e programar as actividades docentes.
- b) Tomar medidas de atención á diversidade na aula.
- c) Escoller metodoloxías e estratexias didácticas e pedagóxicas a empregar.
- d) Orientar a organización da aula, das actividades a desenvolver; en síntese da propia programación.

Con carácter xeral:

- Repaso selectivo da materia do curso anterior durante unha semana.
- Medidas de reforzo máis permanentes.
- Aos alumnos/as con nivel baixo á media seralle facilitado un programa específico de repaso ou reforzo temporal e breve.

1.12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL

As medidas de atención á diversidade están encamiñadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e a consecución das competencias clave e dos obxectivos da ESO.

Un dos obxectivos principais dun ensino de calidade é ofrecer unha aproximación á diversidade do alumnado, dado que hai diferenzas tanto nos seus intereses como capacidades e ritmos de aprendizaxe.

O tratamento desta diversidade debe producirse desde o momento da detención dos distintos niveis de coñecementos e actitudes do alumnado. Tal e como se explica no punto 11 desta programación, trala avaliación inicial e tendo en conta as informacións aportadas polas diferentes ferramentas empregadas no proceso, tomaranse as decisións oportunas entorno a diferentes planos.

A atención a diversidade polo tanto debe converterse nun aspecto característico da práctica docente diaria e que no departamento contemplaremos a catro niveis: na propia organización do centro, na programación, na metodoloxía e nos materiais.

Atención á diversidade na propia organización do centro

Enténdese por medidas de atención á diversidade de centro a aquelas actuacións, estratexias e ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado en xeral que dependerán do propio proxecto educativo de centro. Falamos de medidas como o Agrupamento de materias por ámbitos, agrupamentos específicos, a oferta de materias optativas ou os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento entre outras.

Neste sentido o departamento, seguindo as directrices da comisión de coordinación pedagóxica implementará estas medidas e desenrolará a conseguinte programación das mesmas.

Atención á diversidade na programación

A programación terá en conta que non todo o alumnado adquire ó mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados. Por iso se deseña de modo que asegure un nivel mínimo para todos os alumnos o final da etapa, dando oportunidades para recuperar os coñecementos non adquiridos no seu momento permitindo ó mesmo tempo que o alumnado máis avantaxado poida ampliar os seus coñecementos. Tratarase de prescindir dos detalles no primeiro contacto do alumno cun tema e preocuparse por ofrecer unha visión global do mesmo.

Por outro lado, o alumnado que trala avaliación inicial e posterior derivación, o departamennto de orientación, realizaranse Adaptacións Curriculares individualizadas.

Atención a diversidade na metodoloxía

No mesmo momento en que se inicia o proceso educativo, comezan a manifestarse diferenzas entre o alumnado. A falta de comprensión dun contido pode ser debida, entre outras causas, a que os conceptos ou procedementos sexan demasiado difíciles para o nivel de desenvolvemento do alumno, ou a que se avanza con demasiada rapidez, e non da tempo para unha adecuada comprensión. Debido a este feito organizaranse as actividades de consolidación, reforzo e ampliación, nas que poidan traballar ou afondar os alumnos menos ou máis adiantados.

Nos casos extremos, ou de atención a necesidades educativas especiais, se levarán a cabo, en colaboración co Departamento de Orientación, as correspondentes medidas de atención á diversidade que propón a Administración Educativa.

Atención a diversidade nos materiais utilizados

A selección dos materiais utilizados na aula ten unha grtan importancia á hora de atender ás diferenzas individuais no conxunto de alumnos/as.

Utilizaranse materiais e recursos didácticos variados co fin de atender á diversidade da aula. Así, ben a partir de informacións escritas, visualización ou ás novas tecnoloxías poderemos facer chegar os coñecementos dunha maneira comprensiva ós alumnos. Canta máis variedade de medios manexemos a máis alumnos poderemos chegar. Porén, deberemos de recordar que estes materiais deben ser sempre moi ben escollidos porque non poden deixar de ser un medio e non un fin para a adquisición de novas aprendizaxes e coñecementos.

Atención ao alumnado con problemas de conectividade e dificultades derivadas da fenda dixital

A non existencia de recursos informáticos por parte do alumnado non pode ser un impedimento para a consecución da súa aprendizaxe. O dereito á educación ha estar garantido en todo momento. Prestarase especial atención por parte do centro a dispoñibilidade de equipos informáticos e de recursos por parte do alumnado, garantindo a igualdade de oportunidades. Os alumnos-as recibirán por outras vías o material de traballo (correo postal, etc) e os docentes prestaremos especial atención tamén, xa no comezo de curso, ás carencias que pudiera presentar todo o alumnado no uso e manexo dos medios telemáticos.

1.13. PLAN ESPECÍFICO PARA O ALUMNADO REPETIDOR

As medidas de atención á diversidade que se prevén neste programación para alumnado repetidor baséanse nas alternativas legais existentes e que se encadran no plano do Reforzo Educativo. Todas elas son medidas de carácter ordinario enmarcadas en pautas e estratexias de metodoloxía didáctica.

No relativo a medidas que se implementaran *antes e durante a realización das tarefas na clase* podemos destacar:

- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Antes de empezar unha actividade, explicar de xeito claro e sinxelo o obxectivo último da tarefa.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.
- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución.

No concernente as propias *tarefas ou deberes*:

- Supervisión dos exercicios asegurándonos de que o alumno entendeu o que ten que realizar.
- Pedir ao alumnado que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.

Consideramos importante ter contacto coas familias. Para iso manteremos unha comunicación fluida co titor, para que as familias estean informadas sobre o proceso de aprendizaxe do alumnado, co obxectivo de buscar puntos fortes para a superación da materia no curso repetido. O seguimento deste alumnado que repite a materia debería constar nun informe individualizado que determine o centro e farase seguimento nas actas de Departamento, ao igual que o alumnado que ten a materia pendente.

1.13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.

Con independencia do que en cada materia se especifique, deberase ter en conta o traballo de todos os elementos transversais do currículo cando cumpra. Neste sentido, merecen unha mención especial a educación cívica, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, e o traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. A materia de Xeografía e Historia é un vehículo adecuado para animar ao emprendemento. Ademais, o desenvolvemento sustentable e o medio, os riscos de explotación e o abuso e maltrato son ineludibles.

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.

O carácter transversal que a educación en valores ten, implica a súa inclusión en todos os momentos do proceso educativo. Debemos aproveitar o traballo da comunidade educativa para fomentar a tolerancia e o respecto, tanto ás persoas como ás súas ideas e á súa forma de vida.

Igualmente debemos dar a coñecer as N.O.F. e aplicarlas con flexibilidade, insistindo en que o traballo colectivo e a colaboración non está en contradición coa organización xerarquizada do centro e do traballo na aula.

Os temas transversais tratados en cada unidade desta programación inclúen aspectos relacionados coa educación en valores.

APORTACIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA.

O plan de convivencia debería contemplar e desenvolver todos os aspectos normativizados nas N.O.F.C.

Serán importantes, entre outros aspectos:

- Xerar un ambiente escolar rico, libre, estimulante e de colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.
- Integrar a todos os membros da comunidade educativa, dando unha recepción cordial e empática aos novos membros.
- Ademais da información das normas correctas de comportamento e respecto, informar aos alumnos dos mínimos esixibles e dos criterios de cualificación.
- Intentar reflexionar colectivamente sobre os problemas posibles ou suscitados, estimulando a comunicación entre os membros da comunidade, intentando sempre chegar a consensos razoables e suxeitos a norma.
- Crear un clima de respecto e colaboración á hora de facer traballo individual ou en equipo, así como de respecto e coidado do material colectivo e do mobiliario.
- Intentar detectar canto antes procesos de acoso na aula, xa sexa este de forma ostentosa (con violencia ou insulto) ou ben de xeito máis sutil que teñen como orixe a pertenza a unha minoría étnica, ou relixiosa ou ben causado por eivas de orixe físico, diferenzas motoras ou psíquicas.
- Combater e sancionar todo tipo de comportamento violento, lesivo e discriminatorio para co alumnado e o profesorado. Aplicar as sancións pertinentes e establecidas por norma e protocolo cando proceda.
- Pasar ao XADE as faltas de asistencia diariamente.
- Manter información e comunicación constante entre o profesor/a e o titor/a. Informar de inmediato ao titor e facer chegar ás familias todo tipo de incidencias pertinentes en canto a rendemento, comportamento, actitude, etc.
- Manter informadas ás familias e recabar delas información en casos puntuais.
- Falar co Departamento de Orientación sempre que proceda.

FOMENTO DA LECTURA

Nas sesións de aula realizaranse lecturas en voz alta dos textos contidos nos libros do estudante, procedendo despois a realizar actividades de comprensión de diversa índole.

Realización de traballos de investigación e documentais sobre distintos temas transversais, que lles obrigan a extraer información despois da lectura de textos máis extensos. Ás veces expoñendo estes traballos nas aulas.

É decisivo para nós traballar a lectura de maneira non impositiva senón lúcida, lúdica e creativa. O pracer dese proceso pode ser importante para acadar os obxectivos desexados.

FOMENTO DAS TIC's.

A materia de Xeografía e Historia non ten como fin principal a consecución de habilidades nas TIC's, senón desenvolver no alumnado as competencias clave.

As TIC's son, deste modo, unha ferramenta que se incorpora á práctica docente para que o alumno adquira as destrezas que lle permitan ser protagonista do seu proceso de aprendizaxe e non un mero receptor de información. Debe, así mesmo, desenvolver actitudes de interese, respecto e aceptación de realidades culturais diferentes, concibindo as TIC's como unha gran fiestra aberta ao mundo.

No centro contamos con diversas aulas de informática onde o estudante e o profesor/a aproveitarán os distintos recursos que ofrece Internet, pero non só como unha vía máis de información senón tamén de ampliación e actualización de coñecementos.

Con esta ferramenta trataremos de utilizar unha metodoloxía activa, é dicir, aprender facendo.

Hai que destacar que no noso centro hai catro aulas ABALAR para os grupos de 1º e 2º da ESO, pero para o resto dos grupos, as aulas de informática só están dispoñibles cando non se imparten as materias específicas de informática, sendo un número de horas moi reducido e a disposición do resto das materias.

As actividades que se propoñen inicialmente para o presente curso, sen prexuízo de que poidan incorporarse outras novas, centraranse na busca dirixida a través da rede de páxinas que teñan que ver coa materia.

En calquera caso, a día de hoxe, debemos prestar atención ás limitacións que afectan ao centro en cuestión de acceso a internet de alta velocidade, xa que contamos cunha rede deficiente, máis propia dos recursos habituais nun usuario doméstico do que a un centro educativo se refire.

1.14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POR CADA DEPARTAMENTO DIDÁCTICO (previstas e suxeitas a modificación en función da dispoñibilidade).

Considéranse actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que empregan.

Teñen carácter de complementarias as visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.

As visitas didácticas están suxeitas, en ocasións, a unha contribución económica por parte do alumnado, e, SEMPRE, á autorización por parte dos pais e nais cando se trata de menores de idade. En consecuencia, teranse en conta como unha actividade de ampliación que esixirá do alumnado boa actitude e comportamento correcto cos/as guías das visitas, cos seus compañeiros/as e co seu profesorado.

Aquel alumnado que manteña unha actitude disruptiva na aula ou manifieste coa súa falta de traballo un desinterese absoluto pola materia, poderá ser excluído das saídas (como medida xeral, tomaranse como referencia, para excluír ao alumnado, os/as que teñan máis de cinco partes de incidencias).

Estas saídas non poderán ser entendidas, en ningún caso, polo alumnado, como momentos de recreo ou vacación. Aqueles alumnos e alumnas que non fagan as saídas programadas poderán realizar actividades relacionadas coa saída que lles pida o seu profesor ou profesora.

PROPOSTAS PARA O CURSO 2022/23 (suxeitas a dispoñibilidade horaria e mesmo coordinación con outros departamentos):

Contéplase a posibilidade de realizar as saídas que a continuación se relacionan sempre que as circunstancias sanitarias non empeoren e as autoridades sanitarias o aconsellen :

- 1º ESO: Visita didáctica, cara ao mes de maio, ao Castro de Viladonga, Muralla romana e Casa dos Mosaicos de Lugo... para traballar a unidade da Prehistoria e a romanización.
- 2º ESO: visita guiada ao mosteiro de Carboeiro e roteiro ecolóxico.
- ESA e Bacharelato de Adultos: organización dalgunha conferencia relacionada con temas de actualidade ou/e de interese para o alumnado de adultos.
- Roteiro xeolóxico A Lanzada co alumnado de Xeografía.
- Visita a Santiago de Compostela co obxectivo de analizar a morfoloxía e estrutura urbana da cidade.
- Posibilidade de realizar un intercambio con alumnado secundaria de Xeografía de Portugal.
- Acompañamento voluntario nas saídas do resto de niveis da ESO/BAC sempre que haxa prazas suficientes.
- Actividades relacionadas co “Día da Ciencia en Galego” e coa “Semana da Ciencia “ que programe o Instituto.
- Actividades relacionadas coa educación en valores (día contra a violencia de xénero, día dos dereitos humanos, día da paz, día do medio ambiente, día da muller traballadora,...)
- Actividades para o día das Letras Galegas, Constitución, día de Europa, día do libro...
- Outras actividades que xurdan ao longo do curso 2022-2023 e resulten de interese.

Como regra xeral, e atendendo ao regulado cada ano nas CCP, o departamento non propondrá ningunha saída didáctica ou actividade complementaria, cuxa duración supere a sesión correspondente, nos dez días anteriores a unha avaliación.

1.15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

A labor de reprogramación perfectiva e unha necesidade non discutible, como tamén é certo que establecer una relación causa-efecto respecto de que parámetros son os que determinan os resultados no proceso de ensinanza-aprendizaxe, é tarefa sumamente difícil.

O marco máis axeitado para valorar e avaliar a programación son a posta en práctica na aula e as reunións de departamento.

É precisa unha valoración colectiva con aportacións desde diferentes perspectivas.

A reconsideración da programación debe estar baseada coa maior cantidade de datos obxectivos posible; consideráranse entre outros:

- As horas asignadas a cada unidade didáctica,
- A extensión dos contidos impartidos en relación cos previstos,
- O grao de consecución por parte do alumnado dos obxectivos previstos e da competencia acadada,
- O grao de consecución das metas fixadas polo profesor/a no exercicio da súa actividade profesional,
- Os resultados das avaliacións externas e internas,
- Os resultados obtidos nas probas de acceso á universidade (PAU) no caso do segundo curso de Bacharelato
- A valoración do que atinxe á metodoloxía e recursos didácticos empregados fundada na reaccións dos alumnos/as durante a explicación e no traballo na clase.

Os posibles cambios formais levaríanse a cabo preferiblemente na programación do curso inmediatamente seguinte e, de ser o caso e por razóns relevantes e urxentes, nos meses de xaneiro, ou abril do propio curso no que se detecte a necesidade de modificar algún aspecto acordado polo Departamento.

Ao finalizar o curso en xuño, o departamento elaborará unha memoria final onde se recollerán os seguintes puntos en relación a cada materia impartida:

- A. Táboa de datos estatísticos coa análise dos resultados obtidos na avaliación final: porcentaxes de alumnos/as que promocionan e non promocionan, porcentaxes desglosadas por cualificacións e porcentaxe de non presentados/as.
- B. Valoración do curso e grupos.
- C. Cumprimento da programación e xustificación da parte da programación non impartida.
- D. Nivel de desenvolvemento e obxectivos acadados.
- E. Avaliación.
- F. Desenvolvemento e resultado das actividades complementarias.

3.- GEOGRAFÍA E HISTORIA

2º ESO

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O presente proxecto didáctico cumpre a función de programación curricular base e a referida programación elabórase segundo o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia; D.O.G. do 29 de xuño de 2015**, e baseado na [Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, LOMCE](#).

No tocante á materia propiamente dita indicar que o coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu achéganos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro.

As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que abranguen a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require a intervención doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias, para a mellor comprensión da realidade social.

En ESO, a materia de Xeografía e Historia pretende afondar nos coñecementos adquiridos polo alumnado na educación primaria; favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, tendo sempre en consideración as escalas de estudo (o mundo, Europa, España e Galicia); analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade.

A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias chave é moi salientable. Deste xeito, poderíamos dicir que a través da materia se desenvolven competencias que na práctica funcionan como propias (as competencias sociais e cívicas, en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía, e a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, en Xeografía); a competencia de conciencia e expresións culturais ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor evidénciase na dimensión conceptual desa competencia posta en relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedemental dela.

O desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística e dixital, e de aprender a aprender, impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO.

A **Xeografía** organízase, no **segundo curso**, nos bloques titulados "O medio físico" e "O espazo humano"

A **Historia** estuda as sociedades ao longo do tempo, seguindo un criterio cronolóxico, en 2º curso da ESO, dende finais da Idade Antiga ata finais da Idade Media; en Europa, España e Galicia. Procurouse unha repartición o máis equilibrada posible entre a Xeografía e a Historia no curso e, por outra, intentouse secuenciar do xeral ao particular. En todo caso, a evolución histórica dos dereitos da muller ata a actualidade debe formar parte do desenvolvemento curricular a aplicar na aula, tal como refire a lei.

Deberase ter en conta o traballo de todos os elementos transversais do currículo cando cumpra. Neste sentido, merecen unha mención especial a educación cívica, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, e o traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. A materia de Xeografía e Historia é un vehículo adecuado para animar ao emprendemento. Ademais, o desenvolvemento sustentable e o medio, os riscos de explotación e o abuso e maltrato son ineludibles.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Xeografía e Historia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. É moi importante ter presente o papel do/da docente como orientador/a, promotor/a e facilitador/a do desenvolvemento competencial do alumnado, e non esquecer a adecuada coordinación entre docentes.

En canto ao alumnado de 2º de ESO, a quen vai dirixida esta programación, sinalar que este se encontra distribuído en dous grupos A, B, C, D e E. Os grupos ofrecen diversidade e heteroxeneidade, habendo alumnado pendente de ser valorado polo equipo de orientación e docente. O obxectivo é mellorar o resultado académico destes alumnos en función das súas necesidades de aprendizaxe. O nivel económico das familias do alumnado é diverso, baixo, medio e medio-alto.

Todas as aulas de segundo da ESO contan cun ordenador con conexión a internet, con canón proxector, e o centro dispón de aulas de informática para realizar actividades coas que potenciar a competencia dixital.

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A LOMCE fai da adquisición das competencias clave un dos obxectivos fundamentais da educación en todas as etapas. Enténdese por competencia a capacidade de poñer en práctica, de forma integrada, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais en contextos e situacións diferentes.

De acordo co marco europeo, esta lei distingue sete competencias clave e concrétanse, posteriormente, as que se van traballar nesta materia de Xeografía e Historia de 2º curso da ESO:

Para os efectos deste decreto, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

a) **Comunicación lingüística(CCL)**. Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar coas outras persoas de maneira oral ou escrita. O seu dominio, é a base da formación académica dunha persoa e polo tanto traballarase na maioría das sesións, pois a expresión oral e escrita, a adecuación, e uso dunha variedade léxica rica é unha dimensión que se valora en todas as actividades propostas.

b) **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(CMCCT)**. A primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científica para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanas empregando a técnica.

No período temporal que abarca esta materia, a demografía, o consumo e obtención de recursos, o impacto das actividades humanas no medio, e a representación por medio de gráficas de todos estes fenómenos son unha constante intrínseca o estudo da mesa. Tamén a interpretación de mapas e escalas, a elaboración de gráficas e as obras de arte demandan un uso reiterativo da lóxica e proporción matemática. Así, a contribución a esta competencia farase de xeito constante e variada durante todo o curso.

c) **Competencia dixital(CD)**. Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información, nunha “curación de contidos”.

d) **Aprender a aprender (CAA)**. É unha das principais competencias clave, xa que implica que o alumno desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de maneira individual ou colaborativa para acadar un obxectivo.

Gran parte das actividades propostas promoverán o desenvolvemento de técnicas básicas de asimilación de contidos, busca e selección de información, así como a elaboración de sínteses e mapas conceptuais, que fomenten unha aprendizaxe autónoma. Neste aspecto, os traballos en parella e en grupo tamén será moi enriquecedores xa que o alumnado pode aprender dos seus conxéneres novas técnicas e estratexias. A maiores, mediante un diario de aula farase un seguimento dos puntos fortes e débiles de cada alumno para tratar de paliar as deficiencias detectadas mediante recomendacións persoais.

e) **Competencias sociais e cívicas(CSC)**. Fan referencia ás capaciadades para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social e cívica.

O traballo desta competencia farase fundamentalmente dende o fomento de regras básicas para a convivencia na aula, tanto entre o alumnado, como entre este e a docente –extrapolables ó mundo en xeral–, como o respecto mutuo, o rexeitamento de estereotipos sexistas, a empatía, a solidariedade, o compañeirismo e o rexeitamento do materialismo, do egoísmo, do machismo, das palabras e actos violentos... O comentario das noticias actuais, aparte de ser un imperativo nesta materia, tamén servirán para traballar todas estas cuestións.

f) **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor(CSIEE)**. Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos. Non se traballa especificamente en 2º curso da ESO.

g) **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**. Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.

Como a materia inclúe contidos da Historia da Arte, a contribución á adquisición desta competencia farase, basicamente, a través dos diferentes períodos artísticos. O que permite afondar na súa dimensión sentimental, estilística, conceptual e formal, para logo aplicalo a diferentes tipos de manifestacións artísticas, que son, a plasmación material por excelencia dos sentimentos e sensacións humanas. Ademais, as distintas culturas e pobos así como localismo servirán para ampliar o espectro e fomentar un achegamento a diversidade dende o respecto. Neste sentido, o emprego de fontes literarias tamén será habitual, para facer un achegamento as distintas dimensións que afecta o contexto histórico, suscitando sempre o debate en gran grupo.

De todos os xeitos, e relacionado coa breve formulación anterior, a descrición detallada das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato está establecida de conformidade na Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave: perfís e rúbricas

Os perfís de competencia son un conxunto de indicadores de avaliación (desglosados do criterio de avaliación) das diferentes áreas e materias que se relacionan con ela e refliten en que medida contribúe cada unha ao desenvolvemento das competencias.

Os perfís fanse acompañar de rúbricas para avalialos. As rúbricas indican o grao de consecución de cada un dos estándares. Por exemplo, podemos asignar un valor 1 se o estudante non fixo a tarefa ou non sabe resolvela; Insuficiente; 2 cando se aproxime pero aínda queden obxectivos para superar; 3 Suficiente-Ben; 4 Notable e Sobresaliente.

Perfil competencial de estándares de 2º ESO

Competencia clave: Comunicación Lingüística

XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego.

XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España.

XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia.

XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea.

XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica.

XHB2.10.1. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica.

XHB2.3.1 Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas.

XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.

Rúbrica para a CCL

INDICADOR	1	2	3	4
EXPRESIÓN ORAL	Non é capaz de expresar adecuadamente ideas ou opinións sobre unha cuestión concreta.	Expresa ideas e sentimentos de forma oral con claridade.	Expresa ideas, sentimentos e opinións de forma oral e con claridade, destacando aquilo que resulte máis importante.	Expresa ideas, sentimentos e opinións de forma clara, en diversos ambientes, destacando e estruturando aqueles elementos máis importantes.
COMPRESIÓN ORAL	Non comprende unha mensaxe oral sinxela, adoptando respostas insólitas ou inesperadas ante el mesmo.	Comprende mensaxes orais sobre temas de interese para o alumnado, identificando a mensaxe principal.	Comprende mensaxes orais sobre temas diversos, extraendo a idea principal e actuando en consecuencia.	Comprende mensaxes de diferentes medios, extraendo a información máis relevante e xenerando opinión propia.
EXPRESIÓN ESCRITA	Non emprega a expresión escrita para comunicar unha situación, unha idea ou unha emoción.	Expresa ideas e emocións de forma escrita, adecuándose as convencións ortográficas.	Expresa ideas, emocións e opinións de forma escrita, adecuándose as convencións ortográficas.	Expresa ideas, emocións, opinións e calquera tipo de información de forma clara e empregando as convencións ortográficas.
COMPRESIÓN ESCRITA	Non identifica a idea xeral dun texto sinxelo. Non adapta unha resposta clara ante un enunciado simple.	Comprende mensaxes escritas sinxelas e estruturadas sobre situacións próximas e temáticas de interese, seleccionando a idea principal.	Comprende mensaxes escritas sinxelas e sobre situación do entorno próximo, identificando a idea principal e a súa estrutura, adecuando a forma de ler segundo o tipo de texto.	Comprende mensaxes escritos diversos, adaptando o modo de ler ao tipo de texto, extraendo información e resumindo a mesma nunhas poucas liñas.

Competencia clave: Matemática, ciencia e tecnoloxía

XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas.

XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español.

XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego.

XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.

XHB1.5.3. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de Galicia.

XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas.

XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.

XHB2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflectan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos.

XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.

Rúbrica para a CMCCT

INDICADOR	1	2	3	4
MANEXO DO APARATO MATEMÁTICO BÁSICO, CIENCIA E TECNOLOXÍA	Comete erros graves na formulación numérica e non representa porcentaxes, escalas, cronoloxías e taxas. Comete erros graves na periodización dos elementos adquiridos. Non aplica os métodos de análise histórica e xeográfica.	Comete algún erro leve na formulación numérica e representa de forma correcta porcentaxes, escalas, cronoloxías e taxas. Comete erros leves na periodización dos elementos adquiridos. Aplica comentendo erros leves os métodos de análise histórica e xeográfica.	Coñece a formulación numérica e representa correctamente porcentaxes, escalas, cronoloxías e taxas e é capaz de poñelas en relación. Fixación correcta da periodización. Aplica correctamente os métodos de análise histórica e xeográfica.	Coñece formulación numérica e representa correctamente porcentaxes, escalas, cronoloxías e taxas e é capaz de poñelas en relación, extrae información a distintos niveis e utiliza un deseño coidado e vocabulario moi específico nos métodos de análise histórica e xeográfica.

Competencia clave: Dixital

XHB1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.

XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España.

XHB2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita.

Rúbrica para a CD

INDICADOR	1	2	3	4
BÚSQUEDA INFORMACIÓN	DE Non realiza a búsqueda. Realiza a búsqueda de forma xenérica e sen usar palabras clave nin filtros.	Realiza búsquedas específicas. Usa palabras clave e filtros.	Realiza búsquedas específicas. Usa palabras clave e filtros de diferentes buscadores.	Deseña unha estratexia para realizar búsquedas específicas. Usa palabras clave e filtros. Recorre a diferentes buscadores.
ORGANIZACIÓN INFORMACIÓN	DA Non almacena a información. É imposible a súa recuperación.	Almacena a información encontrada de forma local sen clasificar. É difícil a súa recuperación.	Almacena a información encontrada de forma local con sistema de carpetas e nomenclatura. É fácil a súa recuperación.	Almacena a información encontrada de forma local e na nube con sistemas de carpetas e nomenclaturas adecuadas. É fácil a súa recuperación e compartición.
CREACIÓN DE CONTIDOS	Non crea os materiais ou crea materiais sinxelos mostrando baixa creatividade con software.	Crea materiais sinxelos orixinais con ferramentas TIC.	Crea materiais máis complexos e orixinais. Integra máis dunha ferramenta TIC ou software.	Crea materiais complexos e orixinais e innovadores que facilitan a comprensión. Integra máis dunha ferramenta TIC ou software.
COMPARTIR CONTIDOS	Non entrega nin comparte a información co resto dos compañeiros.	Publica os contidos creados. Realiza unha entrada sinxela. Non inclue licenzas ou etiquetas.	Publica os contidos creados. Realiza unha entrada atractiva con material propio ou de outros. Combina varios formatos e técnicas de presentación. Inclue licenzas e etiquetas.	Publica os contidos creados. Realiza unha entrada atractiva e orixinal con material propio e de outros. Combina varios formatos de presentación de forma creativa que falicitan a comprensión. Inclue licenzas e etiquetas.

Observación: Esta competencia será traballada na medida en que haxa dispoñibilidade de aulas informáticas; do contrario estará suxeita a traballos de carácter máis puntual realizados dende o domicilio do alumno, se ha lugar, ou no propio centro educativo aproveitando os seus recursos (Biblioteca, etc).

Competencia clave: Aprender a aprender

XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes.

XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia.

XHB 2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais.

XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica.

XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa.

XHB2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente.

XHB2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes.

XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.

XHB3.2.2. Comprende que a Historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou escritos.

XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado.

XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica.

Rúbrica para a CAA

INDICADOR	1	2	3	4
CONTROL E XESTIÓN DA APRENDIZAXE	Non coñece as súas capacidades de aprendizaxe nin mostra interese nelas e achaca os seus erros a factores externos.	Distingue só algunhas das súas capacidades de aprendizaxe e mostra interese en melloralas pero non é perseverante.	É consciente das súas capacidades de aprendizaxe pero non as distingue en situacións concretas a pesar de traballar na súa mellora a curto prazo.	Identifica en que medida as súas capacidades de aprendizaxe inflúen nos éxitos e fracasos e trata de potencialas.
ESTRATEGIAS DE APRENDIZAXE	Non emprega ningunha estratexia ou técnica para mellorar o seu rendemento.	Emprega estratexias ou técnicas de estudo inadecuadas para mellorar o seu rendemento.	Emprega estratexias ou técnicas de estudo pero non son suficientes para lograr un rendemento máximo.	Emprega estratexias ou técnicas de estudo adecuadas para obter un rendemento máximo das súas capacidades.
PLANIFICACIÓN E ESFORZO	Non planifica nin organiza as actividades e realiza só aquelas que non requiren esforzo.	Planifica ou organiza as actividades urxentes.	Planifica e prioriza a importancia das actividades pero non administra correctamente o tempo e o esforzo.	Prioriza as actividades segundo importancia e esforzo e avalía o seu plan de xestión do tempo para posibles modificacións ou melloras.
ACTITUDE CARA A APRENDIZAXE	Non cre nas súas capacidades de aprendizaxe e/ou non as emprega.	Esfórzase por aprender aínda que non ten confianza nas súas propias capacidades.	Desfruta e manifesta interese en algúns aspectos do súa aprendizaxe.	Desfruta da súa aprendizaxe e manifesta interese e curiosidade en ampliar os seus coñecementos.

Competencia clave: Social e cidadá

XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento.

XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento.

XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.

XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos.

XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.

XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.

Rúbrica para a CSC

INDICADOR	1	2	3	4
ACHEGAMENTO A REALIDADE	Coñece só algún punto de vista que afecta á realidade.	Comprende e respecta os diferentes puntos de vista que afectan á realidade.	Comprende e respecta os diferentes puntos de vista que afectan á realidade e trata de analizala.	Comprende e respecta os diferentes puntos de vista que afectan á realidade, analizándoa e sacando conclusións propias.
HABILIDADES SOCIAIS	Coñece as habilidades sociais pero cústalle o manexo das mesmas.	Coñece as habilidades sociais e manexa algunha delas.	Actúa habitualmente con asertividade e manexa con frecuencia as habilidades sociais.	Actúa con asertividade e manexa todas as habilidades sociais adaptándoas a situacións e contextos concretos.
PROBLEMÁTICAS CONCRETAS	Non se interesa por problemáticas concretas sempre e cando estas non lle afecten a súa realidade inmediata.	Interésase parcialmente por problemáticas concretas si estas lle afectan a súa realidade..	Implicase en problemáticas concretas aínda que estas non lle afecten a súa realidade inmediata.	Está concienciado sobre problemáticas concretas, as súas causas e consecuencias e/ou posibles solucións.

Competencia clave: Conciencia e expresións culturais

XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.

XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior.

XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago.

XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica.

Rúbrica para a CCEC

INDICADOR	1	2	3	4
CONCIENCIA CULTURAL	Non valora a existencia de outras culturas como algo positivo.	Valora a existencia de outras culturas pero dende un punto eurocentrista.	Valora e respecta a existencia de outras culturas diferentes a europea.	Valora e respecta a existencia de outras culturas e implícase no seu coñecemento.
MANIFESTACIÓNS ARTÍSTICAS	Non valora as manifestacións artísticas máis alá do ámbito da beleza formal.	Identifica as manifestacións artísticas como manifestacións culturais.	Comprende e valora as manifestacións artísticas nas súas diferentes dimensións.	Comprende e valora as manifestacións artísticas nas súas diferentes dimensións e como froito dun contexto concreto.
PATRIMONIO	Non comprende o que é o patrimonio.	Comprende parcialmente o que é o patrimonio e o porque da súa conservación.	Comprende o que é o patrimonio e o valor da súa conservación.	Comprende o que é o patrimonio e o valor da súa conservación como legado cultural identificativo dun pobo.

3.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA 2º DE ESO

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Aínda que estes son todos os obxectivos establecidos, se reparamos no decreto citado ao comezo deste apartado, no currículo de Xeografía e Historia para 2º da ESO trabállanse fundamentalmente: a), b), c), d), e), f), g), h), l), m), n), e ñ); vinculados a distintos contidos e estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación. Para concretar a maneira na que se traballará a súa consecución, é importante sinalar que os obxectivos a), c) e d), se traballarán seguindo as mesmas pautas que as explicadas para a consecución da Competencia social e cívica; o b), g) e e), mediante os procedementos relacionados coa Competencia de aprender a aprender e coa Competencia dixital; o f) vincúlase á Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, pois a interdisciplinariedade comentada redundará na importancia do coñecemento como un todo interrelacionado; o h) vincúlase á Competencia de comunicación lingüística e con relación a esta, inclúo tamén o o), que aínda que non ben especificado no decreto curricular, como a materia se imparte en galego, fomentárase o uso desa lingua entre os estudantes; o l) e ñ) están ligados á propia existencia da materia, pois o respecto por a historia a cultura e o patrimonio é un tema que se aborda de forma transversal en todas as unidades didácticas; o n) remítenos ó expresado en relación á Competencia da conciencia e expresións culturais; e por último, o m) traballarase dende os propios contidos da materia, pois a evolución nos hábitos de hixiene, coidado persoal, saúde e consumo e incluso sexualidade, adóitanse abordar nos apartados correspondentes á sociedade dos distintos momentos históricos.

Todos estes obxectivos, ademais, toman forma nas premisas básicas que estarán presentes de maneira constante dende o inicio do curso ata o final: a empatía, a tolerancia, o respecto e igualdade das persoas en todas as dimensións.

Os **obxectivos de área** de Xeografía e Historia de 2º de ESO buscan:

1. Debuxar a situación económica, social e política dos reinos xermánicos.
2. Analizar as características da Alta Idade Media en Europa.
3. Identificar a problemática da falta de fontes históricas para a análise da Alta Idade Media.
4. Analizar as consecuencias da organización feudal.
5. Afondar nos aspectos socio-económicos, políticos e culturais no contexto da evolución dos reinos cristiáns e musulmáns.
6. Analizar o proceso de conquistas e o repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica.
7. Establecer relacións entre os proceso de conquistas e repoboación dos reinos cristiáns e al-Ándalus.
8. Apreciar o valor da arte na Idade Media e as súas diferentes funcións.
9. Comprender os efectos da crise da Baixa Idade Media na análise das consecuencias económicas e sociais que derivan dela.
10. Describir as características concretas do medio físico de España e de Galicia.
11. Localizar no mapa de España e de Galicia as principais unidades e elementos do relevo.
12. Coñecer, describir e situar no mapa, os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego.
13. Coñecer os riscos naturais e problemas medioambientais de España, e os principais espazos naturais protexidos de España e de Galicia.
14. Afondar na análise da poboación, movementos migratorios, características e evolución.

15. Reflexionar sobre a distribución da poboación europea, a súa evolución, dinámica, migracións ou políticas de poboación.
16. Identificar como se organiza o territorio español e galego.
17. Analizar as grandes zonas urbanas, a densidade de poboación e as migracións no comentario de mapas do mundo.
18. Coñecer as características das cidades españolas e galegas, e a distribución urbana no espazo.
19. Identificar os proles e as contras do proceso de urbanización en Europa.

4.- XEOGRAFÍA E HISTORIA, 2º ESO

4.1.- OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O medio físico				
▪ befg	▪ B1.1. Localización. Latitude e lonxitude.	▪ B1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	▪ XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	▪ CAA-CMCCT-CD
▪ befgh	▪ B1.2. Características xerais do medio físico de España e de Galicia.	▪ B1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais.	▪ XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego.	▪ CAA-CMCCT-CD-CCL
▪ befgh	▪ B1.3. Medio físico de España: relevo e hidrografía.	▪ B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.	▪ XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español.	▪ CAA-CMCCT-CD
			▪ XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España.	▪ CAA-CMCCT-CD-CCL
▪ befgh	▪ B1.4. Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía.	▪ B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.	▪ XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego.	▪ CAA-CMCCT-CD
			▪ XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia.	▪ CAA-CMCCT-CD-CCL

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ befgh	▪ B1.5. Clima: elementos e factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia.	▪ B1.5. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego.	▪ XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.	▪ CAA-CMCCT-CD-CCL
			▪ XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes.	▪ CAA-CMCCT-CD
			▪ XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia.	▪ CAA-CMCCT-CD
befgm	B1.6. Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia.	B1.6. Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia.	XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia.	CAA-CMCCT-CD
▪ befghmñ	▪ B1.7. Medio natural e problemas ambientais en España.	▪ B1.7. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias.	▪ XHB1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	▪ CAA-CMCCT-CD-CCL
Bloque 2. O espazo humano				
▪ bcefg	▪ B2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios.	▪ B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións.	▪ XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas.	▪ CAA-CMCCT-CSC-CD
			▪ XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento.	▪ CAA-CMCCT-CSC-CD
▪ bcefg	▪ B2.2. Poboación europea: distribución e evolución.	▪ B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación.	▪ XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea.	▪ CAA-CCL-CSC-CD
			▪ XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica.	▪ CAA-CMCCT-CSC-CD-CCL
▪ bcefg	▪ B2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica.	▪ B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios.	▪ XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas.	▪ CAA-CMCCT-CSC-CD-CCL
			▪ XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas	CAA-CMCCT-CSC-

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Movimentos migratorios.		tres décadas en España.	CD-CCL
▪ bcefg	▪ B2.4. Poboación de Galicia: evolución, distribución dinámica. Movimentos migratorios.	▪ B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios	▪ XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais.	▪ CAA-CMCCT-CSC-CD-CCL
▪ bcefg	▪ B2.5. Proceso de urbanización no planeta.	▪ B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións.	▪ XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.	CAA-CMCCT-CSC-CD-CCL
			▪ XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica.	▪ CAA-CMCCT-CSC-CD-CCL
▪ bcefg	▪ B2.6. A cidade e o proceso de urbanización europeo	▪ B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa.	▪ XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa.	▪ CAA-CMCCT-CSC-CD-CCL
			▪ XHB2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente.	▪ CAA-CMCCT-CSC-CD-CCL
bcefgñ	▪ B2.7. A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia.	▪ B2.7. Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano.	▪ XHB2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita.	▪ CAA-CMCCT-CSC-CD-CCL
▪ bcefgmñ	▪ B2.8. Diversidade de medios naturais en España e en Galicia.	▪ B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular.	▪ XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles.	▪ CAA-CMCCT-CSC-CD-CCL
			XHB2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflectan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos.	▪ CAA-CMCCT-CCL-CD

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ bcefgmñ	▪ B2.9. Paisaxes no territorio español e galego.	▪ B2.9. Identificar as principais paisaxes humanizadas españolas e galegas, e identificalas por comunidades autónomas.	▪ XHB2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes.	▪ CAA-CMCCT-CSC-CD-CCL
▪ bcefgmñ	▪ B2.10. Principais retos e problemas ambientais en España.	▪ B2.10. Coñecer e analizar os problemas e os retos ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas.	XHB2.10.1. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica.	▪ CAA-CMCCT-CSC-CD-CCL
Bloque 3. A historia				
▪ flñ	▪ B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.	▪ B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	▪ CSC-CCEC
▪ glñ	▪ B3.2. Fontes históricas.	▪ B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.	XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	▪ CSC-CAA
			▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.	▪ CSC-CAA
▪ lñ	▪ B3.3. Cambio e continuidade.	▪ B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	▪ CSC-CMCCT
			▪ XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	▪ CSC-CMCCT

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ flñ	▪ B3.4. Tempo histórico.	▪ B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	▪ CSC-CMCCT
▪ lhñ	▪ B3.5. Vocabulario histórico e artístico.	▪ B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	▪ CSC-CCL
▪ gl	▪ B3.6. Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media).	▪ B3.6. Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período.	▪ XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado.	▪ CSC-CAA
▪ acdgl	▪ B3.7. Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos.	B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos.	▪ XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos	▪ CSC-CAA
acdgl	▪ B3.8. Feudalismo.	▪ B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias.	▪ XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.	▪ CSC
▪ acdfhln	▪ B3.9. Islam.	▪ B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos	▪ XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior.	▪ CSC-CCEC

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Península Ibérica: invasión musul-má. Evolu-ción de Al-Andalus e dos reinos cristiáns.	socioeconómicos, políticos e culturais.	<ul style="list-style-type: none"> XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC-CCEC-CMCCT-CCL
<ul style="list-style-type: none"> ghlnñ 	<ul style="list-style-type: none"> B3.10. Reconquista e repoboación. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC-CAA
			<ul style="list-style-type: none"> XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC-CCEC-CCL
<ul style="list-style-type: none"> l 	<ul style="list-style-type: none"> B3.11. Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC
<ul style="list-style-type: none"> lhnñ 	<ul style="list-style-type: none"> B3.12. Arte románica, gótica e islámica. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC-CCEC-CCL

4.2- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE:

- a) Temporalización
- b) Grao mínimo de consecución para superar a materia
- c) Procedementos e instrumentos de avaliación

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (**)	Grao mínimo de consecución	Procedemento de avaliación (*)	Instrumento de avaliación
Bloque 1. O medio físico						
B1.1. Localización. Latitude e lonxitude.	B1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, e utilizando datos de coordenadas xeográficas.	XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	2ª Avaliación (2 sesións)	Localizar espazos xeográficos nun mapa empregando as coordenadas xeográficas.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2
B1.2. Características xerais do medio físico de España e de Galicia.	B1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais.	XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego.	2ª Avaliación (5 Sesións)	Coñecer algúns dos elementos xeográficos de España e de Galicia.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2 Corrección Rúbrica 1
B1.3. Medio físico de España: relevo e hidrografía.	B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.	XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español.	2ª Avaliación (5 Sesións)	Sitúa nun mapa físico algunhas das principais unidades do relevo español.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2 Corrección Rúbrica 1
		XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España.	2ª Avaliación (3 sesións)	Describe algunhas das unidades de relevo con axuda do mapa físico de España.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2 Corrección Rúbrica 1
B1.4. Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía.	B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.	XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego.	2ª Avaliación (3 sesións)	Sitúa nun mapa físico algunhas das principais unidades do relevo galego.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2 Corrección Rúbrica 1
		XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia.	2ª Avaliación (3 sesións)	Describe algunhas das unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2 Corrección Rúbrica 1
B1.5. Clima: elementos e factores.	B1.5. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego.	XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.	2ª Avaliación (1 sesións)	Localiza nun mapa algúns dos grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (**)	Grao mínimo de consecución	Procedemento de avaliación (*)	Instrumento de avaliación
Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia.		XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes.	2ª Avaliación (3 Sesións)	Analiza e compara algunhas das zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2 Corrección Rúbrica 1
		XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia.	2ª Avaliación (1Sesión)	Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2
B1.6. Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia.	B1.6. Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia.	XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia.	2ª Avaliación (2 Sesións)	Distingue e localiza nun mapa algunhas das paisaxes de España e de Galicia.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2 Corrección Rúbrica 1
B1.7. Medio natural e problemas ambientais en España.	B1.7. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias.	XHB1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	2ª Avaliación (2 Sesións)	Realizan procuras en medios impresos e/ou dixitais referidas a problemas ambientais actuais de España ou de Galicia e localiza páxinas web relacionadas que lle ofrezan unha mínima perspectiva.	Actividade/Tarefa	Rúbrica 3
Bloque 2. O espazo humano						
B2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios.	B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións.	XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas.	3ª Avaliación (1 sesión)	Localiza no mapa mundial algúns dos continentes ou algunha das áreas máis densamente poboadas.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2
		XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento.	3ª Avaliación (2 Sesións)	Explica algún impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2 Corrección Rúbrica 1

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (**)	Grao mínimo de consecución	Procedemento de avaliación (*)	Instrumento de avaliación
B2.2. Poboación europea: distribución e evolución.	B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación.	XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea.	3ª Avaliación (2 Sesións)	Explica algunhas das características da poboación europea.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2 Corrección Rúbrica 1
		XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica.	3ª Avaliación (2 Sesións)	Compara entre países a poboación europea segundo algunha das súas características.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2
B2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movements migratorios.	B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios.	XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas.	3ª Avaliación (3 sesións)	Explica algunhas das características principais da pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2 Corrección Rúbrica 1
		XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España.	3ª Avaliación (1 sesións)	Analiza en algún medio os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2
B2.4. Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movements migratorios.	B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios	XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais.	3ª Avaliación (2 sesións)	Coñece o básico do proceso da emigración galega, as súas etapas e/ou os destinos principais.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 3
B2.5. Proceso de urbanización	B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como	XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.	3ª Avaliación (1 Sesión)	Realiza un gráfico con algúns datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (**)	Grao mínimo de consecución	Procedemento de avaliación (*)	Instrumento de avaliación
no planeta.	dinamizadoras da economía das súas rexións.	XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica.	3ª Avaliación (1 Sesión)	Sitúa no mapa do mundo algunhas das vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2
B2.6. A cidade e o proceso de urbanización europeo.	B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa.	XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa.	3ª Avaliación (1 Sesión)	Resume algúns elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2
		XHB2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente.	3ª Avaliación (1 Sesión)	Distingue algúns dos tipos de cidades do noso continente.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2 Corrección Rúbrica 1
B2.7. A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia.	B2.7. Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano.	XHB2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita.	3ª Avaliación (1 Sesión)	Interpreta algúns aspectos de textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2
B2.8. Diversidade de medios naturais en España e en Galicia.	B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular.	XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles.	2ª Avaliación (1 Sesión)	Sitúa algúns dos parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2
		XHB2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflectan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos.	3ª Avaliación (1 Sesión)	Elabora algún gráfico que reflecta información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2
B2.9. Paisaxes	B2.9. Identificar as principais paisaxes	XHB2.9.1. Clasifica as principais	3ª Avaliación	Clasifica algunhas das principais	Actividade	Corrección Rúbrica 2

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (**)	Grao mínimo de consecución	Procedemento de avaliación (*)	Instrumento de avaliación
no territorio español e galego.	humanizadas españolas e galegas, e identificalas por comunidades autónomas.	paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes.	(1 Sesión)	paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes.	Proba escrita	
B2.10. Principais retos ambientais en España.	B2.10. Coñecer e analizar os problemas e os retos ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas.	XHB2.10.1. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica.	3ª Avaliación (1 Sesión)	Compara algunhas paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2
Bloque 3. A historia						
B3.1. Relación entre o pasado, presente e futuro a través da historia.	B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	1ª Avaliación (1 Sesión)	Identifica algúns elementos materiais e culturais que son legado do noso pasado.	Actividade Proba escrita	Observación (Diario de aula)
B3.2. Fontes históricas.	B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.	XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	1ª Avaliación (1 Sesión)	Nomea e identifica algunhas clases de fontes históricas.	Posta en común Actividade Proba escrita	Observación (Diario de aula)
		XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.	1ª Avaliación (1 Sesión)	Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.	Posta en común Actividade Proba escrita	Observación (Diario de aula)
B3.3. Cambio e tempo histórico e certos acontecementos	B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos	XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos	1ª Avaliación (1 Sesión)	Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables,	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (**)	Grao mínimo de consecución	Procedemento de avaliación (*)	Instrumento de avaliación
continuidade.	que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.		utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.		
		XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	1ª Avaliación (2 Sesións)	Realiza algúns tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2
B3.4. Tempo histórico.	B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	1ª Avaliación (1 Sesións)	Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	Posta en común Actividade Proba escrita	Observación (Diario de aula)
B3.5. Vocabulario histórico artístico.	B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	1ª,2ª Avaliación (3 Sesións)	Utiliza vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	Actividade	Corrección Rúbrica 2 Corrección Rúbrica 1
B3.6. Idade Media: subetapas (alta, plena e baixa Idade Media).	B3.6. Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período.	XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado.	1ª Avaliación (3 Sesións)	Utiliza algunhas fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado.	Actividade Proba escrita	Observación (Diario de aula) Rúbrica 2
B3.7. Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións	B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos.	XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos	1ª Avaliación (3 Sesións)	Compara algúns aspectos das formas de vida do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (**)	Grao mínimo de consecución	Procedemento de avaliación (*)	Instrumento de avaliación
xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos.						
B3.8. Feudalismo.	B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias.	XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.	1ª Avaliación (3 Sesións)	Caracteriza a sociedade feudal e algúns aspectos das relacións entre señores e campesiños.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2 Corrección Rúbrica 1
B3.9. Islam. Península Ibérica: invasión musulmá. Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns.	B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.	XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior.	2ª Avaliación (2 Sesións)	Comprende de xeito básico as orixes do Islam e o seu alcance posterior.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2 Corrección Rúbrica 1
		XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media.	2ª Avaliación (3 Sesións)	Explica algúns trazos da importancia de Al-Andalus na Idade Media.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2 Corrección Rúbrica 1
B3.10. Reconquista e repoboación.	B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus.	XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiáns na Península Ibérica.	2ª Avaliación (1 Sesión)	Interpreta algún mapa que describe os procesos de conquista e repoboación cristiáns na Península Ibérica.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2 Corrección Rúbrica 1
		XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago.	2ª Avaliación (2 Sesións)	Explica algúns aspectos da importancia do Camiño de Santiago.	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 3
B3.11. Expansión comercial	B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais.	XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica	2ª Avaliación (1 Sesión)	Comprende algúns aspectos do impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais	Actividade Proba escrita	Corrección Rúbrica 2 Corrección Rúbrica 1

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización (**)	Grao mínimo de consecución	Procedemento de avaliación (*)	Instrumento de avaliación
<p>europaea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias.</p>		<p>nas sociedades medievais europeas.</p>		<p>europeas.</p>		
<p>B3.12. Arte románica, gótica e islámica.</p>	<p>B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media.</p>	<p>XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica.</p>	<p>1ª e 2ª Avaliación (5 Sesións)</p>	<p>Describe algúns aspectos característicos da arte románica, gótica e islámica.</p>	<p>Actividade escrita, Proba escrita</p>	<p>Corrección Rúbrica 2 Corrección Rúbrica 1</p>

Observacións:

(*) Aos instrumentos de avaliación:

os recollidos aquí para cada estándar son recomendacións que teñen un carácter orientativo, existindo flexibilidade á hora de que o docente que imparte a materia opte por calquera dos tres instrumentos que recolle esta programación: proba escrita, actividades do caderno / postas en común e tarefas.

() Á temporalización:**

- Realízase esta temporalización para poder conseguir unidade e coherencia entre os estándares de aprendizaxe recollidos na lei e o propio libro de texto (non sempre coincidentes na orde temática).
- O número de sesións adicadas a cada estándar establécese de forma indicativa pois cómpre a flexibilidade para poder atender a actividades extraescolares que se poidan organizar, a posibles imprevistos e, sobre todo, é necesario ter en conta a cada grupo de alumnos-as aos que se lle imparte clase; a súa evolución, ritmo de aprendizaxe, etc.

- Faise constar na programación didáctica unha adaptación na distribución temporal dos estándares de aprendizaxe e así decídese comezar polo Bloque 3 “A historia” na 1ª avaliación e pospoñer para a 2ª e 3ª avaliación os bloques 1 e 2 referidos a Xeografía. O motivo desta adaptación é ofrecer continuidade ao proceso de ensino - aprendizaxe respecto ao 1º curso da ESO.

5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

Os alumnos e alumnas de 2º de ESO, con idades comprendidas entre os 13 e 14 anos, están a atravesar por un importante período de cambios, tanto nos aspectos fisiolóxicos, así como nos intelectuais, nos psicolóxicos e nos emocionais; abandonando a infancia e comezando a adolescencia, camiño da súa madurez vital.

Se na etapa anterior da educación primaria podíamos dicir que o alumnado se atopaba na etapa de operacións concretas, na que predomina a percepción concreta, inmediata á manipulación; a partir dos 12 anos sitúanse no período de desenvolvemento das operacións formais, que permite realizar un razoamento lóxico, conceptual.

É preciso que o profesorado teña presente que este proceso que se produce nas capacidades do alumnado, nin é automático nin uniforme, e só se realizará con garantías de éxito se converxen o grao de desenvolvemento do alumnado e os métodos de ensino e aprendizaxe propostos.

Os alumnos e alumnas de ESO serán capaces, de xeito progresivo, de analizar os retos que se lle presentan, de formular preguntas cada vez máis complexas, de establecer hipóteses e confirmar os resultados conforme o pensamento lóxico, de planificar accións e levalas a cabo.

Procurarase realizar un tipo de aprendizaxe significativa, é dicir, un tipo de aprendizaxe que estableza unha serie de vínculos substantivos e non arbitrarios entre o novo contido a aprender e o que o alumno sabe. É, por tanto, necesario partir dos coñecementos previos do alumno, ter presente cal é a base dende a cal o alumno construíra os seus novos coñecementos. Búscase unha aprendizaxe funcional e activa, que lle sexa útil ao alumno alén do seu proceso educativo.

Ademais, o profesor debe ter presente que existen diferentes tipos de contidos. Datos, conceptos, procedementos e valores deben integrarse, interrelacionarse o máximo posible. Para acadalo combínanse diferentes métodos didácticos:

Método interrogativo: con el, o profesor pode coñecer o que o alumnado sabe e poder desenvolver novos coñecementos e resolver dúbidas, e permite unha comunicación fluída co alumnado.

Método expositivo: utilízase para presentar os conceptos e feitos máis salientables das unidades didácticas e achegar e aclarar aqueles que presenten máis dificultades para os alumnos.

Método demostrativo: o profesor amosará, mediante imaxes, vídeos e reconstrucións virtuais, aspectos diversos da Xeografía física, da Historia medieval e Historia da Arte.

Método do descubrimento: o alumnado, realizando diversas actividades, desenvolverá diversas técnicas de estudo e análise das ciencias sociais, como medio para exercitarse na adquisición das competencias básicas, é dicir, usar un coñecemento nun contexto determinado.

A LOMCE supón unha novidade, aínda que xa iniciada en leis anteriores, ao traballar de xeito competencial na aula o que supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Xeografía e Historia:

Necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman a estrutura da materia. Se ben a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico, o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os grandes avances históricos que nos permiten aprender do pasado e crecer na actualidade. Para iso necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o uso sistemático de procesos de método científico, o traballo en grupo colaborador achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada alumno ou alumna parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, polo que enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os estudantes poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Xeografía e Historia é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR

A modo de orientación xeral, indícanse a continuación os materiais e recursos que van ser empregados de xeito recorrente ao longo de todo o ano académico. Ademais, en cada unha das unidades didácticas da presente programación se detalla, dentro das actividades, aqueles materiais e recursos específicos para cada unha delas.

-Libro de texto de referencia aprobado polo Departamento, Xeografía e Historia 2, Editorial Baía-Consorcio (2016); Ana Romero Masía e outros. ISBN 9788499951980

-Mapas físicos e políticos: do mundo, dos continentes, da península ibérica, de Galicia

-Mapas topográficos nacionais.

-Mapas históricos: Imperio romano, pobos xermánicos, expansión do Islam, etc.

-Atlas históricos e xeográficos.

-Artigos de prensa e documentos seleccionados fotocopiados.

-Ordenadores, conexión a internet e canón proxector.

-Google Earth.

-Google maps.

-Fragmentos de filmes documentais e escenas de recreación histórica.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A) PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación Secundaria Obrigatoria será continua, formativa e integradora.

Neste proceso, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de **reforzo** en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A **avaliación continua** permite ao discente assimilar de xeito gradual os contidos importantes e desenvolver de forma progresiva as competencias clave. Permítelle coñecer o modo de avaliar do profesor e recibir información sobre o seu ritmo de aprendizaxe e atopar vías para reorientar o seu proceso de aprendizaxe en caso necesario.

As **actividades** de avaliación serán coherentes co proceso de aprendizaxe e a metodoloxía seguida. Poden ser dunha tipoloxía variada e responderán a un enfoque práctico; xa que isto favorece a asimilación dos contidos, permite aplicar o coñecemento a casos concretos e axuda á consecución das competencias clave.

No proceso avaliador non teñen por que traballarse todas as competencias nin teñen que ser as mesmas en todas as probas da avaliación continua, antes ben, convén ir variándoas. Cabe lembrar que, o que se avalía non é a competencia en si mesma, senón o seu exercicio por parte do alumno ou alumna.

As **probas de coñecemento** escritas estarán compostas por varias cuestións diferentes. Cada actividade da proba pode traballar unha ou varias competencias clave así como un ou varios contidos da materia.

As solucións das probas serán comunicadas ao alumnado de forma oral ou escrita. As cualificacións serán dadas o antes posible e de xeito regular.

B) SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:

A cualificación final trimestral será expresada en números enteiros de 1 a 10. Para superar a materia, o alumno ou alumna deberá obter unha nota de 5 "SUFICIENTE".

Para cualificar empregaremos tres instrumentos de avaliación principais:

- PROBAS ESCRITAS
- ACTIVIDADES E TAREFAS REALIZADAS POLO ALUMNO (de forma individual ou grupal)

No apartado de concreción para cada estándar de aprendizaxe, no instrumento de avaliación aparecen os tres. A concreción do instrumento ou instrumentos empregados concretarase na PROGRAMACIÓN DE AULA.

Os criterios sobre a cualificación para este nivel educativo constará:

- 70% da cualificación final corresponde ós estándares de aprendizaxe medibles obxectivamente a través das probas de coñecemento.
- 30% da cualificación final corresponde a estándares de aprendizaxe avaliados a partir de actividades e tarefas realizadas polo alumno, nos que se terá en conta tamén o grao de adquisición de 1 a 4. Son exemplos de actividades e tarefas as seguintes:

- Elaboración de mapas conceptuais.
- Sitúa en mapas de Europa de diferentes aspectos xeográficos ou históricos.
- Descrición de planos.
- Análise de imaxes.
- Confección de eixes cronolóxicos.
- Comentarios de textos históricos.
- Debates e intervencións

TAREFAS: Estarán relacionadas con algún bloque de contidos que obrigue o alumno a traballar diversas competencias ó mesmo tempo.

Os criterios de valoración das actividades serán as rúbricas establecidas nesta programación, cualificadas de 0 (para aquelas non realizadas ou non presentadas) a 4 puntos (excelencia). A nota media das actividades avaliadas por rúbricas levarase a base decimal.

Tipoloxía de actividades de avaliación

- Probas escritas con cuestións que aludan varios contidos e competencias clave.
- Formulación de preguntas que requiren desenvolvemento.
- Formulación de debates relacionados con temas de actualidade.
- Reseñas e recensións.
- Busca de información en internet.
- Elaboración de informes.
- Elaboración de cadros e esquemas comparativos.
- Elaboración de gráficos e liñas temporais.
- Identificación de imaxes (fotografías, debuxos).
- Elaboración e manexo de mapas temáticos.
- Cuestións para completar.
- Presentacións orais.
- Descrición das probas de coñecemento escritas

Nas probas escritas o alumnado enfrontarase a diferentes tipos de cuestións que teñen como finalidade avaliar os diversos tipos de contidos abordados no proceso de aprendizaxe.

-Cuestións que requiren unha resposta pechada:

Neste tipo de preguntas o discente deberá buscar, localizar ou seleccionar un dato nun documento ou redactar unha resposta unívoca.

Cualifica: Resposta correcta. / Non cualifica: Resposta incorrecta.

-Cuestións que requiren unha resposta construída aberta a partires da interpretación dun documento (son as probas que dominarán a totalidade dos exames):

Este tipo de preguntas pretende comprobar a capacidade do alumnado para reflexionar, valorar, integrar e interpretar os contidos impartidos na aula, con documentos que o alumno pode atopar na súa vida cotiá ou académica, xa sexan documentos textuais en diversos formatos (continuo, discontinuo, mixto ou múltiple) ou non textuais (imaxes).

Cualifica: Resposta coherente, esta pode ser independente do feito de que o razoamento sexa máis ou menos axeitado cando haxa a posibilidade de prantexar varios razoamentos ou puntos de vista posibles. Emprego correcto do vocabulario específico referente ao tema. Redacción ben estruturada. Uso correcto da gramática e da ortografía.

Non cualifica: Sen resposta. Resposta vaga ou con imprecisións. Resposta irrelevante. Unha mala ou errónea comprensión do documento. Uso incorrecto da gramática e ortografía.

-Cuestións que requiren unha resposta construída aberta a partires dun tema suxerido:

Este tipo de pregunta ten como finalidade testar a capacidade do alumnado para sintetizar informacións e elaborar argumentacións cunha certa complexidade narrativa sobre os contidos abordados durante a unidade didáctica.

Cualifica: Resposta coherente coa lóxica interna da materia ou tema. Emprego correcto do vocabulario específico referente ao tema. Redacción ben estruturada. Uso correcto da gramática e da ortografía.

Non cualifica: Sen resposta. Resposta inverosímil, irrelevante, vaga ou imprecisa. Mal uso do vocabulario específico. Redacción caótica ou inintelixible. Uso incorrecto da gramática e ortografía.

-Cuestións que requiren a elaboración de gráficos e documentos con textos discontinuos:

Este tipo de preguntas busca comprobar a capacidade do alumnado para empregar información na construción de diversos tipos de gráficos (de liñas, de barras, circulares, climogramas, pirámides de poboación, triangulares) e textos descontinuos tais como mapas históricos ou temáticos das ciencias sociais.

Cualifica: Uso correcto dos datos ofrecidos ao alumnado, utilización correcto das escalas, confección de gráficos segundo os criterios estandarizados polas ciencias sociais para cada tipo de gráfico.

Non cualifica: Sen resposta. Resposta ilexible. Uso incorrecto dos datos ofrecidos ao alumno. Mala utilización das escalas ou a da lenda do mapa. Erros na localización de fenómenos xeográficos ou históricos no mapa. Elaboración incorrecta do gráfico segundo os estándares establecidos polas ciencias sociais.

C) CUALIFICACIÓN E MECANISMOS DE RECUPERACIÓN

Para superar esta materia, o alumnado debe obter unha nota media igual ou superior a 5 puntos en cada avaliación trimestral. O alumnado que non acadase dita cualificación, terá a posibilidade de realizar unha proba de recuperación de cada avaliación trimestral non superada.

A proba de recuperación trimestral anunciarase con antelación mínima de dúas semanas. A esta proba o alumnado acudirá só coa parte non superada. Realizarase unha proba de coñecementos escrita na que apareza unha mostra representativa dos estándares abordados no trimestre. A aqueles alumnos e alumnas que tiveran unha cualificación negativa debido a unha mala execución das actividades de avaliación propostas, daráselles a opción de entregar de novo as actividades e non realizar a proba de coñecementos escrita.

Procedemento de avaliación ordinaria e extraordinaria do mes de xuño

Todos aqueles alumnos e alumnas que, ao rematar o curso lectivo, non superaran a materia, serán avaliados dos contidos impartidos nunha proba global **ordinaria**, a celebrar a finais de maio ou principios de xuño coas partes da materia pendentes (recuperación final).

O alumnado que non lograra superar esta proba deberá realizala de novo nunha convocatoria **extraordinaria** que se celebrará con anterioridade ao día 21 do devandito mes de xuño, neste caso coa totalidade da materia.

Para superar a materia na proba de avaliación extraordinaria o alumno ou alumna deberá acadar unha puntuación igual ou superior a 5 puntos na proba global escrita.

Para avaliar a través dos diferentes instrumentos de avaliación empregaremos unha serie de indicadores de logro que permitirán ao alumno saber que se está avaliando en todo momento e o profesorado expresar unha nota obxectiva.

INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DUNHA PROBA ESCRITA

	SOBRES. 9-10 EXCELENTE	NOTABLE 7-8 MOI AVANZADO	BEN 6-7 SATISFACTORIO	SUFICIENTE 5 BÁSICO	INSUFICIENTE 1 a 4 ESCASO
PRECISIÓN NAS RESPONSTAS	Todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	Case todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	Poucas respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas non desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.
PRESENTACIÓN	Todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	Case todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	A maioría das respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	Poucas respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	A maioría das respostas non están presentadas con limpeza e pulcritude.
VOLUME DE RESPONSTAS	Todas as preguntas están respondidas.	Respondeu polo menos o 90% das preguntas.	Respondeu polo menos o 80% das preguntas.	Respondeu polo menos o 70% das preguntas.	Respondeu menos do 70% das preguntas.

INDICADORES DE LOGRO PARA A RESOLUCIÓN INDIVIDUAL DE EXERCICIOS E ACTIVIDADES

	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	ESCASO	
NÚMERO DE EXERCICIOS RESOLTOS E TEMPO DE ENTREGA	Realiza o 90% dos exercicios que se propoñen. A entrega realízase na data indicada.	Realiza entre o 90 e o 80% dos exercicios que se propoñen. A entrega realízase cun día de atraso.	Realiza entre o 80 e 70% dos exercicios que se propoñen. A entrega realízase con dous días de atraso.	Realiza entre o 70 e o 60% dos exercicios que se propoñen. A entrega realízase con tres días de atraso.	Realiza menos do 60% dos exercicios que se propoñen. A entrega realízase despois de tres días da data.	30%

PROCEDEMENTO E RESULTADO DOS EXERCICIOS RESOLTOS	Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao organizadamente e obtén o resultado correcto	Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao pouco organizado e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento, detállao, non o organiza e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento e obtén o resultado correcto.	Non desenvolve o procedemento e non obtén o resultado correcto.	70%
--	---	---	---	---	---	-----

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A REDACCIÓN E PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ESCRITOS EN GRUPO OU INDIVIDUAIS

INDICADOR	1	2	3	4	5	
-----------	---	---	---	---	---	--

REDACCIÓN ORTOGRAFÍA	O traballo está ben estruturado e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión. O texto non presenta erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O traballo está ben estruturado nun 80% e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión. O texto ten menos de 3 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O traballo está ben estruturado nun 50% e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión. O texto ten entre 4 e 6 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O traballo está ben estruturado nun 50% pero non cumpre coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión. O texto ten entre 6 e 10 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O traballo non está estruturado e non ten introdución, desenvolvemento e conclusión. O texto ten máis de 10 erros ortográficos.	20%
CONTIDO E ARGUMENTACIÓN DE IDEAS	Presenta ideas ben argumentadas e sen erros.	Nalgúns parágrafos non se trata nada do contido que se pediu. Presenta ideas ben argumentadas pero con algún erro.	Un 60% do texto non ten relación co contido que se pediu. Presenta ideas que argumenta con debilidade.	Algúns parágrafos fan alusión ao tema pedido. Presenta ideas sen argumentar.	Só se menciona o tema pedido, pero non se trata. Non presenta ideas e as que presenta non están argumentadas.	70%
TEMPO DE ENTREGA	A entrega realízase na data indicada.	A entrega realízase cun día de atraso.	A entrega realízase con dous días de atraso.	A entrega realízase con tres días de atraso.	A entrega realízase despois de pasados tres días da data indicada.	10%

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Conforme ao establecido no decreto 86/2015, no artigo 21, apartado 3, o profesor avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.

Na presente programación establécense os seguintes indicadores de logro a analizar despois de cada avaliación trimestral:

Temporalización:

Analizarase a conformidade da distribución horaria dos contidos impartidos, reflectindo a dimensión e as posibles causas do incumprimento da previsión establecida.

Tarefas e materiais didácticos:

Analizarase a pertinencia e problemas detectados na execución de actividades e uso de materiais, así como a incorporación de elementos relevantes non previstos inicialmente.

Progresión de resultados acadados na avaliación dos estándares:

Darase conta das variacións nos resultados acadados polo alumnado e sinalaranse posibles causas que motiven tanto a evolución positiva como negativa. Farase unha estatística do logro de cada estándar a nivel global de grupo.

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				

9.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Respecto a este apartado, séguese o especificado na parte xeral e común da programación do Departamento.

10.- ORGANIZACIÓN DOS PROCEDIMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO

Non procede en 2º ESO.

11.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Cada novo curso unha parte dos alumnos/as correspondentes a cada profesor/a renóvase, xurdindo a necesidade de establecer o nivel de coñecementos que posúen e que vai operar como punto de partida no proceso de ensinanza-aprendizaxe do presente curso.

Cabe falar dun nivel grupal que viría ser un nivel promedio estándar, e tamén dos niveis individuais propios de cada un dos alumnos/as en particular.

As ferramentas empregadas para establecer a avaliación inicial serán:

- Análise do expediente académico previo.
- Observación e análise do traballo na aula.
- Proposta de traballo específico puntual de contraste de xeito ben oral, ben escrito.
- Abrir un breve período de observación (de 3 a 5 días) presumindo un nivel ideal e a vista dos resultados chegar a conclusións ao respecto.
- Someter aos alumnos/as a una proba obxectiva oral ou escrita formal.

Tendo en consideración os resultados que proporcionen os anteditos medios procederáse á toma de decisións (todos estes acordos tomaranse na sesión de avaliación inicial que se programa desde a dirección ao comezo de cada curso escolar):

- Os alumnos/as con nivel baixo a media serían sometidos a un programa específico de repaso ou reforzo temporal e breve.
- Inicio de repaso selectivo da materia do curso anterior durante una semana.
- Medidas de reforzo máis permanentes.

12.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Conforme ao establecido no artigo 7 do Decreto 86/2015, prestaráselles os recursos didácticos e atención máis individualizada posible ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

As medidas a tomar polo profesor estarán coordinadas co departamento de orientación e terán en conta o historial académico e a colaboración e diálogo coas familias.

As medidas de atención á diversidade están encamiñadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e a consecución das competencias básicas/clave e dos obxectivos da ESO.

Un dos obxectivos principais dun ensino de calidade é ofrecer unha aproximación á diversidade do alumnado, dado que hai diferenzas tanto nos seus intereses como capacidades e ritmos de aprendizaxe. A atención á diversidade considerarase en varios niveis ou planos:

Programación

Dado que o alumnado non presenta un nivel de coñecementos homoxéneo, asegurase que todos alcancen un nivel mínimo de contidos e desenvolvan os estándares de aprendizaxe que lle corresponda, permitindo ao mesmo tempo que o alumnado máis avantaxado poida ampliar os seus coñecementos. Tamén, ao longo do curso, poderán realizarse adaptacións curriculares seguindo os criterios marcados polo Departamento de Orientación.

Metodoloxía

Partindo do coñecemento previo do nivel de cada alumno e alumna, as actividades de ensino-aprendizaxe deberán adaptarse á capacidade do alumnado, tanto no que se refire ao contido como no ritmo de realización das mesmas. Para alumnos/as con dificultades poderán utilizarse exercicios moi sinxelos e sobre aspectos básicos. Para os máis avantaxados elaboraranse exercicios nos que prime a utilización dunha metodoloxía baseada, en boa medida, na indagación para conseguir así unha ampliación dos coñecementos adquiridos.

Ao comezar o curso, entre o alumnado de 2º de ESO deberemos dar resposta ás distintas necesidades que poidan xurdir, e que as reflectiremos no noso caderno de aula

13.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA

Ao longo do curso, e no desenvolvemento da materia, iremos traballando coñecementos transversais que se abordarán na aula xunto aos contidos:

Comprensión lectora (CL).

Expresión oral e escrita (EOE).

Comunicación audiovisual (CA).

Tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).

Emprendemento (EM).

Igualdade de xénero e prevención da violencia de xénero (IXPV).

Resolución pacífica de conflitos (RPC).

Liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo, democracia, Dereitos humanos, respecto ás persoas con discapacidade (LXID).

Traballo en equipo (TE).

14.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POR CADA DEPARTAMENTO DIDÁCTICO (previstas e suxeitas a modificación en función da dispoñibilidade)

Aparecen recollidas nos aspectos comúns da programación.

15.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Recollido nos aspectos comúns da programación.

5.-XEOGRAFÍA E HISTORIA

4º ESO

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O presente proxecto didáctico cumpre a función de programación curricular base e a referida programación elabórase segundo o Decreto **86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia; D.O.G. do 29 de xuño de 2015**, e baseado na **Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa**, LOMCE.

No tocante á materia propiamente dita indicar que o coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu achéganos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro.

As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que abranguen a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require a intervención doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias, para a mellor comprensión da realidade social.

En ESO, a materia de Xeografía e Historia pretende afondar nos coñecementos adquiridos polo alumnado na educación primaria; favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, tendo sempre en consideración as escalas de estudo (o mundo, Europa, España e Galicia); analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade.

A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias chave é moi salientable. Deste xeito, poderíamos dicir que a través da materia se desenvolven competencias que na práctica funcionan como propias (as competencias sociais e cívicas, en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía, e a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, en Xeografía); a competencia de conciencia e expresións culturais ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor evidénciase na dimensión conceptual desa competencia posta en relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedemental dela.

O desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística e dixital, e de aprender a aprender, impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO.

A **Xeografía** céntrase, neste ciclo, en cuarto curso, na globalización.

A **Historia** estuda as sociedades ao longo do tempo, seguindo un criterio cronolóxico ao longo dos dous ciclos de ESO e deixa para o **4º curso** da etapa o estudo da historia contemporánea. En todo caso, a evolución histórica dos dereitos da muller ata a actualidade debe formar parte do desenvolvemento curricular a aplicar na aula.

Deberase ter en conta o traballo de todos os elementos transversais do currículo cando cumpra. Neste sentido, merecen unha mención especial a educación cívica, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, e o traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. A materia de Xeografía e Historia é un vehículo adecuado para animar ao emprendemento. Ademais, o desenvolvemento sustentable e o medio, os riscos de explotación e o abuso e maltrato son ineludibles.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Xeografía e Historia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. É moi importante ter presente o papel do/da docente como orientador/a, promotor/a e facilitador/a do desenvolvemento competencial do alumnado, e non esquecer a adecuada coordinación entre docentes.

En canto ao alumnado de 4º de ESO, a quen vai dirixida esta programación, sinalar que este se encontra distribuído en tres grupos A, B, C e D Os grupos ofrecen diversidade e heteroxeneidade, habendo alumnado pendente de ser valorado polo equipo de orientación e docente. O obxectivo é mellorar o resultado académico destes alumnos en función das súas necesidades de aprendizaxe. O nivel económico das familias do alumnado é diverso, baixo, medio e medio-alto.

Todas as aulas de cuarto da ESO contan cun ordenador con conexión a internet, con canón proxector, un grupo conta con ordenadores abalar e o centro dispón de aulas de informática para realizar actividades coas que potenciar a competencia dixital.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A LOMCE fai da adquisición das competencias clave un dos obxectivos fundamentais da educación en todas as etapas. Enténdese por competencia a capacidade de poñer en práctica, de forma integrada, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais en contextos e situacións diferentes. De acordo co marco europeo, esta lei distingue sete competencias clave e concréntanse, posteriormente, as que se van traballar nesta materia de Xeografía e Historia de 4º curso da ESO:

Para os efectos deste decreto, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

a) **Comunicación lingüística (CCL)**. Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar coas outras persoas de maneira oral ou escrita.

b) **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**. A primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científica para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanas empregando a técnica.

- c) **Competencia dixital (CD)**. Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información, nunha “curación de contidos”.
- d) **Aprender a aprender (CAA)**. É unha das principais competencias clave, xa que implica que o alumno desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de maneira individual ou colaborativa para acadar un obxectivo.
- e) **Competencias sociais e cívicas (CSC)**. Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social e cívica.
- f) **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**. Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.
- g) **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**. Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.

De todos os xeitos, e relacionado coa breve formulación anterior, a descrición detallada das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato está establecida de conformidade na **Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro**, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Os perfís de competencia son un conxunto de indicadores de avaliación (desglosados do criterio de avaliación) das diferentes áreas e materias que se relacionan con ela e refliten en que medida contribúe cada unha ao desenvolvemento das competencias.

Os perfís fanse acompañar de rúbricas para avalialos. As **rúbricas** indican o grao de consecución de cada un dos estándares. Por exemplo, podemos asignar un valor 0 se o estudante non fixo a tarefa ou non sabe resolvela; Insuficiente; 1 cando se aproxime pero aínda queden obxectivos para superar; 2 Suficiente - Ben; 3 Notable e Sobresaliente 4.

- PERFIL DA COMPETENCIA DE COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

XHB1.1.1 – Define Absolutismo e Parlamentarismo.

XHB1.1.2 - Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.

XHB1.2.1 - Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgúnhas monarquías.

XHB10.1.1 - Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgúnhas consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico.

XHB10.4.1 - Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario. XHB2.1.1 - Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.

XHB2.1.2 - Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.

XHB2.2.1 - Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgúnha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras.

XHB2.2.2 - Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgúnha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras.

XHB2.2.3 - Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes.

XHB3.1.1 - Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.

XHB3.2.1 - Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.

XHB3.2.2 - Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos.

XHB3.3.1 - Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.

XHB4.1.1 - Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirán xopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais.

XHB4.1.2 - Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización.

XHB4.3.3 - Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados.

XHB4.4.1 - Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.

XHB4.5.1 - Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX.

XHB4.5.2 - Compara movementos artísticos europeos e asiáticos.

XHB5.1.3 - Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller.

XHB5.2.1 - Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.

XHB5.3.1 - Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas.

XHB5.3.2 - Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.

XHB6.4.2 - Describe as consecuencias da guerra de Vietnam.

XHB6.5.1 - Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.

XHB7.1.1 - Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa.

XHB7.2.1 - Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008.

XHB7.3.2 - Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica

XHB8.2.1 - Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS.

XHB8.3.1 - Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade.

XHB8.3.2 - Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc.

XHB8.3.3 - Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc.

XHB8.4.1 - Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro.

XHB9.1.1 - Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra.

XHB9.2.1 - Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos.

XHB9.3.1 - Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflictivo das condicións sociais do proceso de globalización.

RÚBRICA PARA A CCL

INDICADOR	1	2	3	4
EXPRESIÓN ORAL	Non é capaz de expresar adecuadamente ideas ou opinións sobre unha cuestión concreta.	Expresa ideas e sentimentos de forma oral con claridade.	Expresa ideas, sentimentos e opinións de forma oral e con claridade, destacando aquilo que resulte máis importante.	Expresa ideas, sentimentos e opinións de forma clara, en diversos ambivalentes, destacando e estruturando aqueles elementos máis importantes.
COMPRENSIÓN ORAL	Non comprende unha mensaxe oral sinxela, adoptando respostas insólitas ou inesperadas ante el mesmo.	Comprende mensaxes orais sobre temas de interese para o alumnado, identificando a mensaxe principal.	Comprende mensaxes orais sobre temas diversos, extraendo a idea principal e actuando en consecuencia.	Comprende mensaxes de diferentes medios, extraendo a información máis relevante e xenerando opinión propias.
EXPRESIÓN ESCRITA	Non emprega a expresión escrita para comunicar unha situación, unha idea ou unha emoción.	Expresa ideas e emocións de forma escrita, adecuándose as convencións ortográficas.	Expresa ideas, emocións e opinións de forma escrita, adecuándose as convencións ortográficas.	Expresa ideas, emocións, opinións e calquer tipo de información de forma clara e empregando as convencións ortográficas.
COMPRENSIÓN ESCRITA	Non identifica a idea xeral dun texto sinxelo. Non adapta unha resposta clara ante un enunciado simple.	Comprende mensaxes escritas sinxelas e estruturadas sobre situacións próximas e temáticas de interese, seleccionando a idea principal.	Comprende mensaxes escritas sinxelas sobre situación do entorno próximo, identificando a idea principal e a súa estrutura, adecuando a forma de ler segundo o tipo de texto.	Comprende mensaxes escritos diversos, adaptando o modo de ler ao tipo de texto, extraendo información e resumindo a mesma nunhas poucas liñas.

- **PERFIL DA COMPETENCIA MATEMÁTICA, CIENCIA E TECNOLOXÍA**

XHB1.3.1 - Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época.

XHB1.3.2 - Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas.

XHB10.1.1 - Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico.

XHB10.1.3 - Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI.

XHB10.2.1 - Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.

XHB10.2.2 - Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.

XHB10.3.1 - Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.

XHB3.5.1 - Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.

XHB9.3.1 - Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización.

RÚBRICA PARA A CMCCT

INDICADOR	1	2	3	4
MANEXO DO APARATO MATEMÁTICO BÁSICO, CIENCIA E TECNOLOXÍA	Comete erros graves na formulación numérica e non representa porcentaxes, escalas, cronoloxías e taxas. Comete erros graves na periodización dos elementos adquiridos. Non aplica os métodos de análise histórica ou xeográfica.	Comete algún erro leve na formulación numérica e representa de forma correcta porcentaxes, escalas, cronoloxías e taxas. Comete erros leves na periodización dos elementos adquiridos. Aplica comentando erros leves os métodos de análise histórica ou xeográfica.	Coñece a formulación numérica e representa correctamente porcentaxes, escalas, cronoloxías e taxas e é capaz de poñelas en relación. Fixación correcta da periodización. Aplica correctamente os métodos de análise histórica ou xeográfica.	Coñece formulación numérica e representa correctamente porcentaxes, escalas, cronoloxías e taxas e é capaz de poñelas en relación, extrae información a distintos niveis e utiliza un deseño coidado e vocabulario moi específico nos métodos de análise histórica ou xeográfica.

- **PERFIL DA COMPETENCIA DIXITAL**

XHB9.1.1 - Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra.

XHB9.2.1 - Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos.

XHB9.3.1 - Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización.

RÚBRICA PARA A CD

INDICADOR	1	2	3	4
BÚSQUEDA DE INFORMACIÓN	Non realiza a búsqueda. Realiza a búsqueda de forma xenérica e sen usar palabras clave nin filtros.	Realiza búsquedas específicas. Usa palabras clave e filtros.	Realiza búsquedas específicas. Usa palabras clave e filtros de diferentes buscadores.	Deseña unha estratexia para realizar búsquedas específicas. Usa palabras clave e filtros. Recorre a diferentes buscadores.
ORGANIZACIÓN DE INFORMACIÓN	DA Non almacena a información. É imposible a súa recuperación.	Almacena a información encontrada de forma local sen clasificar. É difícil a súa recuperación.	Almacena a información encontrada de forma local con sistema de carpetas e nomenclatura. É fácil a súa recuperación.	Almacena a información encontrada de forma local e na nube con sistemas de carpetas e nomenclaturas adecuadas. É fácil a súa recuperación e compartición.
CREACIÓN DE CONTIDOS	Non crea os materiais ou crea materiais sinxelos mostrando baixa creatividade con software.	Crea materiais sinxelos orixinais con ferramentas TIC.	Crea materiais máis complexos e orixinais. Integra máis dunha ferramenta TIC ou software.	Crea materiais complexos e orixinais e innovadores que facilitan a comprensión. Integra máis dunha ferramenta TIC ou software.
COMPARTIR CONTIDOS	Non entrega nin comparte a información co resto dos compañeiros.	Publica os contidos creados. Realiza unha entrada sinxela. Non inclue licenzas ou etiquetas.	Publica os contidos creados. Realiza unha entrada atractiva con material propio ou de outros. Combina varios formatos e técnicas de presentación. Inclue licenzas e etiquetas.	Publica os contidos creados. Realiza unha entrada atractiva e orixinal con material propio e de outros. Combina varios formatos de presentación de forma creativa que falicitan a comprensión. Inclue licenzas e etiquetas.

- PERFIL DA COMPETENCIA **APRENDER A APRENDER**

XHB1.1.1 - Analiza e relaciona os conceptos de Absolutismo e Parlamentarismo.

XHB1.1.2 - Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.

XHB1.3.1 - Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época.

XHB10.1.1 - Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico.

XHB10.1.2 - Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI.

XHB10.1.3 - Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI.

XHB2.1.1 - Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.

XHB2.1.2 - Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.

XHB2.2.1 - Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras.

XHB2.2.2 - Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras.

XHB2.2.3 - Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes.

XHB3.1.1 - Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra XHB3.2.1 - Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.

XHB3.2.2 - Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos.

XHB3.5.1 - Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.

XHB4.1.1 - Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirán xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais.

XHB4.1.2 - Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización.

XHB4.2.1 - Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.

XHB4.3.1 - Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial.

XHB4.3.2 - Analiza o novo mapa político de Europa.

XHB4.3.3 - Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados.

XHB4.4.1 - Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.

XHB4.5.1 - Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX.

XHB4.5.2 - Compara movementos artísticos europeos e asiáticos.

XHB5.1.2 - Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008.

XHB5.1.3 - Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller.

XHB5.3.2 - Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.

XHB6.1.1 - Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas).

XHB6.2.1 - Sitúa nun mapa as fases do conflito.

XHB6.2.2 - Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial.

XHB6.2.3 - Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.

XHB6.4.1 - Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría

XHB6.4.2 - Describe as consecuencias da guerra de Vietnam.

XHB6.5.2 - Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947).

XHB7.1.1 - Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa.

XHB7.2.1 - Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008. XHB7.3.2 - Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica. XHB8.1.1 - Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época.

XHB8.2.1 - Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS.

XHB8.3.1 - Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade.

XHB8.3.3 - Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc.

XHB8.4.1 - Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro.

XHB9.1.1 - Procura na prensa novas dalgun sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra.

XHB9.1.2 - Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización.

XHB9.2.1 - Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos.

XHB9.3.1 - Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflictivo das condicións sociais do proceso de globalización.

RÚBRICA PARA A CAA

INDICADORES	1	2	3	4
APRENDER A APRENDER	Non sabe buscar nin seleccionar a información. Non é capaz de analizar a información establecendo causas e consecuencias e facendo comparacións.	Busca e selecciona información pero non é capaz de establecer causas e consecuencias.	Busca e selecciona a información. Analiza a información establecendo causas e consecuencias.	Busca e selecciona a información. Analiza a información establecendo causas e consecuencias. É capaz de facer comparacións entre diversos acontecementos históricos.

- PERFIL DAS COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

XHB1.1.1 - Analiza as nocións de Absolutismo e Parlamentarismo como modelos distintos.

XHB1.1.2 - Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.

XHB1.2.1 - Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías.

XHB1.3.1 - Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época.

XHB1.3.2 - Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas.

XHB10.1.1 - Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico.

XHB10.1.2 - Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI.

XHB10.1.3 - Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI.

XHB10.2.1 - Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.

XHB10.2.2 - Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.

XHB10.3.1 - Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.

XHB10.4.1 - Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.

XHB2.1.1 - Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.

XHB2.1.2 - Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.

XHB2.2.1 - Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras.

XHB2.2.2 - Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras.

XHB2.2.3 - Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes.

XHB3.1.1 - Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.

XHB3.2.1 - Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.

XHB3.2.2 - Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos.

XHB3.3.1 - Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.

XHB3.4.1 - Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España.

XHB3.5.1 - Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.

XHB4.1.1 - Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais.

XHB4.1.2 - Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización.

XHB4.2.1 - Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.

XHB4.3.1 - Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial.

XHB4.3.2 - Analiza o novo mapa político de Europa.

XHB4.3.3 - Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados.

XHB4.4.1 - Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.

XHB4.5.1 - Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX.

XHB4.5.2 - Compara movementos artísticos europeos e asiáticos.

XHB5.1.2 - Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008.

XHB5.1.3 - Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller.

XHB5.2.1 - Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.

XHB5.3.1 - Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas.

XHB5.3.2 - Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.

XHB6.1.1 - Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas).

XHB6.2.1 - Sitúa nun mapa as fases do conflito.

XHB6.2.2 - Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial.

XHB6.2.3 - Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.

XHB6.3.1 - Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.

XHB6.4.1 - Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría.

XHB6.4.2 - Describe as consecuencias da guerra de Vietnam.

XHB6.5.1 - Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.

XHB6.5.2 - Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947).

XHB7.1.1 - Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa.

XHB7.1.2 - Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado.

XHB7.2.1 - Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008.

XHB7.3.1 - Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco.

XHB7.3.2 - Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica.

XHB8.1.1 - Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época.

XHB8.1.2 - Comprende os proles e contras do estado do benestar.

XHB8.2.1 - Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS.

XHB8.3.1 - Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade.

XHB8.3.2 - Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc.

XHB8.3.3 - Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc.

XHB8.4.1 - Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro.

XHB9.1.1 - Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra.

XHB9.1.2 - Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización.

XHB9.2.1 - Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos.

XHB9.3.1 - Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización.

RÚBRICA PARA AVALIAR A CSC

INDICADORES	1	2	3	4
SOCIAL E CIDADÁ	Non recoñece a existencia de diferentes perspectivas para analizar a realidade histórica e social do mundo.	Coñece a existencia de diferentes perspectivas para analizar a realidade histórica e social do mundo.	Coñece diferentes perspectivas para analizar a realidade histórica e social do mundo. Comprende a aportación que as diferentes culturas fixeron posible a evolución e progreso da humanidade.	Coñece diferentes perspectivas para analizar a realidade histórica e social do mundo. Comprende a aportación que as diferentes culturas fixeron posible a evolución e progreso da humanidade e é capaz de comparar diferentes acontecementos.

- PERFIL DA COMPETENCIA SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

XHB3.3.1 - Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.

XHB9.1.1 - Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra.

XHB9.3.1 - Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflictivo das condicións sociais do proceso de globalización.

RÚBRICA PARA A CSIEE

INDICADOR	1	2	3	4
AUTONOMÍA PERSOAL	Carece de autonomía persoal , cústalle ser constante no seu traballo e asumir as súas responsabilidades.	Presenta certa autonomía persoal e realiza o traballo asumindo case sempre as súas responsabilidades.	Ten autonomía persoal e realiza o traballo asumindo as súas responsabilidades.	Presenta autonomía persoal e realiza sempre o traballo asumindo as súas responsabilidades con sentido crítico e afán de superación persoal constante.
LIDERADO	Cústalle xestionar o traballo do grupo e entusiarmarse pola tarefa a realizar e obxectivos a acadar.	Xestiona con algunha dificultade o traballo en grupo e preséntase oscilante no logro dos obxectivos a acadar.	Xestiona o traballo do grupo e entusiásmase pola tarefa a realizar e obxectivos a acadar.	Xestiona con gran solvencia o traballo do grupo e entusiásmase pola tarefa a realizar e obxectivos a acadar explorando novas posibilidades nas relación intergrupais.
CREATIVIDADE	Presenta dificultades para configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.	Presenta certas dificultades para configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.	Configura unha visión de futuro realista e ambiciosa.	Configura unha visión de futuro realista e ambiciosa e encontra posibilidades no ámbito que outros non aprecian.
EMPRENDEMENTO	Cústalle optimizar o uso dos recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos, non mostra iniciativa persoal ou promove accións novas.	Presenta certas dificultades para optimizar o uso dos recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos, oscila na iniciativa persoal ou en promover accións novas.	Optimiza o uso dos recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos, mostra iniciativa persoal e promove accións novas.	Optimiza o uso dos recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos, mostra iniciativa persoal e promove accións novas; asume os riscos no desenvolvemento dos proxectos e actúa con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

- **PERFIL DA COMPETENCIA CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS**

XHB1.2.1 - Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías.

XHB4.5.1 - Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX.

XHB4.5.2 - Compara movementos artísticos europeos e asiáticos.

RÚBRICA PARA A CCEC

INDICADORES	1	2	3	4
EXPRESIÓN ARTÍSTICA E CULTURAL	Non identifica ou ten un escaso coñecemento das diversas manifestacións e linguaxes artísticas e culturais.	Identifica e ten un coñecemento básico das diversas manifestacións e linguaxes artísticas e culturais.	Identifica e ten un coñecemento amplo empregando unha linguaxe específica das diversas manifestacións artísticas e culturais.	Identifica e ten un coñecemento amplo empregando unha linguaxe específica das diversas manifestacións culturais e artísticas e mantén unha actitude respetuosa e crítica cara á diversidade delas.

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA 4º DE ESO

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a)** Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b)** Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c)** Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d)** Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- e)** Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f)** Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g)** Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h)** Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i)** Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l)** Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m)** Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e avaliar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n)** Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ)** Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o)** Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Os obxectivos de área de Xeografía e Historia para 4º ESO buscan:

1. Analizar as características do «Antigo Réxime» desde distintas perspectivas.
2. Reflexionar sobre os avances da revolución científica dos séculos XVII e XVIII.
3. Analizar o movemento cultural e social en Europa e América coa Ilustración.
4. Identificar e comprender os distintos procesos revolucionarios nos Estados Unidos, Francia, España e Iberoamérica, afondando nos feitos que os motivaron, o seu alcance e as súas limitacións.
5. Entender as causas da Revolución Francesa e describir os feitos máis relevantes.
6. Comprender a evolución de España e Galicia a través dos cambios económicos provocados pola industrialización do país, afondando nos avances e sacrificios e/ou proles e contras deste proceso.

7. Afondar no imperialismo, a súa evolución, as potencias imperialistas e a repartición de poderes no mundo.
8. Identificar os aspectos principais da interconexión entre a «Gran Guerra» e a Revolución Rusa.
9. Identificar os avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.
10. Recoñecer no Romanticismo a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, expresionismo, etc.
11. Analizar os acontecementos, fitos e procesos ocorridos no período de entreguerras.
12. Afondar nas causas que provocaron o auxe dos fascismos.
13. Coñecer os feitos e contextos dos distintos acontecementos bélicos.
14. Identificar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX.
15. Identificar as bases do estado do «Welfare State» en Europa.
16. Analizar a Guerra Fría desde as relacións entre EE.UU. e a URSS.
17. Reflexionar sobre a evolución da ditadura en España e Galicia..
18. Interpretar a repercusión mundial da crise económica.
19. Analizar as causas e consecuencias do derrubamento da URSS.
20. Comprender o proceso de constitución da Unión Europea.
21. Coñecer e identificar algúns factores da globalización.
22. Recoñecer o que supuxo a revolución tecnolóxica e os cambios fundamentais que provocou.
23. Valorar o legado histórico, recoñecendo a súa influencia no que temos no presente.

4. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

Xeografía e Historia. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789				
a,c,d,g,h,l,ñ	B1.1. Século XVIII en Europa: do feudalismo ao absolutismo e o parlamentarismo das minorías. Francia, Inglaterra, España e Galicia.	B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.	XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo.	CSC-CAA-CCL
			XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.	CSC-CAA-CCL
f,h,l,n,ñ	B1.2. Ilustración.	B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.	XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgúns monarquías.	CSC-CCEC-CCL
f,g,l,n	B1.3. Arte e ciencia en Europa no século XVIII.	B1.3. Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII.	XHB1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época.	CSC-CMCCT-CAA
			XHB1.3.2. Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas.	CSC-CMCCT
Bloque 2. A era das revolucións liberais				
a, c, d, g, h, l	B2.1. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: bases ideolóxicas (liberalismo, nacionalismo e rexionalismo), económicas e sociais; principais consecuencias.	B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.	XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.	CSC - CAA - CCL
			B2.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	
a i j p	B2.6. O diñeiro. B2.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito. B2.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación. B2.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro.	B2.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	B2.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	CCL CMCCT
			B2.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	CCL CAA CD
			B2.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.	CAA CD
			B2.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	CCL CD CMCCT
a c i p	B2.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.	B2.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.	B2.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	CAA-CCL CMCCT

MÓDULO IV

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
Bloque 1: A historia				
e g h i	B1.1. A existencia dun mundo bipolar. A Guerra Fría.	B1.1. Analizar as relacións entre o bloque de EUA e a URSS para comprender o concepto da Guerra Fría.	B1.1.1. Interpreta a evolución dos EUA e da URSS e os seus aliados a partir de fontes literarias e audiovisuais.	CSC CAA CCL
			B1.1.2. Utiliza fontes históricas e historiográficas para comprender e explicar conflitos da época da guerra fría.	CSC CAA
b d g h i	B1.2. O proceso de descolonización.	B1.2. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual.	B1.2.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.	CSC CCL
			B1.2.2. Distingue contextos diferentes do mesmo proceso. Por exemplo: África subsahariana (anos 50 e 60) e a India.	CSC CAA
	B1.3. A evolución das grandes potencias: URSS e EUA: sociedade, política, económica e cultura.	B1.3. Contrastar as vantaxes e inconvenientes da evolución económica, política, social e cultural dos grandes bloques políticos do século XX e as consecuencias inmediatas e posteriores.	B1.3.1. Relaciona a organización política coa evolución social, económica e cultural dos dous grandes sistemas socioeconómicos de finais do século XX.	CSC CCL
			B1.3.2. Desenvolve unha actitude crítica ante os diferentes enfoques dun mesmo feito histórico, analizando e contrastando as fontes de información.	CSC CAA
			B1.3.3. Sopesa as consecuencias positivas e os problemas que xeran as diferentes posturas para tomar decisións políticas e económicas.	CSC CAA CCL
			B1.4.1. Analizar o establecemento da ditadura en España, a súa evolución e consecuencias.	B1.4.1. Coñece o proceso que conduciu da Guerra Civil á ditadura.
c d g h i n	B1.4. A ditadura de Franco e a transición política de España cara á democracia.	B1.4.2. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social na España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.	B1.4.2. Describe a situación da posguerra durante a ditadura española na relación con outros contextos similares.	CSC CAA
			B1.4.3. Axuíza as consecuencias do réxime ditatorial en España no século XX.	CAA CCL
			B1.4.4. Elabora unha cronoloxía de acontecementos fundamentais da transición española.	CSC CCL
			B1.4.5. Valora os acertos do proceso de democratización en España.	CSC CAA
			B1.4.6. Analiza feitos e acontecementos conflictivos na España democrática.	

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
BLOQUE 1: A HISTORIA				
e g h i	B1.5. O mundo recente entre os séculos XX e XXI. A globalización. A revolución tecnolóxica. Consecuencias.	B1.5. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a revolución tecnolóxica. Consecuencias.	B1.5.1. Busca na prensa novas sobre algún sector con relacións globalizadas e elabora argumentos a prol e en contra.	CSC CD CCL CAA
a d g h j	B1.6. Distintas formas económicas e sociais do capitalismo no mundo.	B1.6. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial.	B1.6.1. Interpreta o renacemento e declive das nacións no novo mapa político europeo da época.	CSC CAA
			B1.6.2. Comprende os pros e contras do estado de benestar.	CSC
a c d g i j	B1.7. O derrubamento dos réximes soviéticos e as súas consecuencias.	B1.7. Coñecer as causas e consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas.	B1.7.2. Analiza os aspectos políticos, económicos e culturais despois dos cambios producidos polo colapso da URSS.	CSC CAA CCL
	B1.8. A constitución da Unión Europea.	B1.8. Describir a evolución da construción da Unión Europea.	B1.8.1. Comprende as causas da constitución da Unión Europea.	CSC CCL
B1.8.2. Discute sobre a situación actual da Unión Europea e o seu futuro.			CAA CSC CCL	
BLOQUE 2: INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL				
a f i p	B2.1. Autonomía e autoconhecimento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade. B2.2. Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional.	B2.1. Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais.	B2.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.	CSIEE CAA
			B2.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desenvolvemento profesional en cada un deles.	CD CAA CSIEE

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
BLOQUE 2: INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPREENDEDORA E EMPRESARIAL				
a e f i p	B2.3. Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal.	B2.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida.	<p>B2.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.</p> <p>B2.2.2. Desenvolve habilidades sociais e actúa de acordo con actitudes e valores democráticos.</p> <p>B2.2.3. Fórmase para mellorar o seu benestar individual e contribuír á cohesión social.</p>	CAA-CSIEE
a c i p	<p>B2.4. Dereito do traballo.</p> <p>B2.5. Dereitos e deberes derivados da relación laboral.</p> <p>B2.6. Contrato de traballo e negociación colectiva.</p> <p>B2.7. Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego. B2.8. Protección do/da traballador/a e beneficios sociais.</p> <p>B2.9. Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa.</p>	B2.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais.	<p>B2.3.1. Identifi as normas e as institucións que inter- veñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.</p> <p>B2.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.</p> <p>B2.3.3. Describe as bases do sistema da Segurida- de Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxen- cias cubertas.</p> <p>B2.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.</p>	<p>CSC-CSIEE</p> <p>CSC-CSIEE- CMCCT</p> <p>CCL-CSC- CSIEE</p> <p>CSIEE-CAA- CMCCT</p>

3. TEMPORALIZACIÓN

Os módulos que abranguen todo o ensino da ESA teñen un carácter cadrimestral a desenvolverse en dous cursos académicos: No primeiro curso impártense os módulos I e II e, no segundo curso, os módulos III e IV.

De Setembro a Febreiro:

MÓDULO I:

Bloques de contidos: Bl.1 O medio físico - Bl.2 O espazo humano - Bl.3 : A Historia

Unidades didácticas:

1. *A Terra, o noso planeta*
2. *A poboación e a organización territorial*
3. *As actividades económicas*
4. *A Prehistoria, Primeiras civilizacións e Mundo Clásico*

De Febreiro a Xuño:

MÓDULO II:

Bloques de contidos: Bl.1 O medio físico - Bl.2: Economía e tecnoloxía - Bl.3 : A Historia

Unidades didácticas:

5. *Recursos naturais e desenvolvemento sustentable*
 6. *A globalización económica*
 7. *A Idade Media*
 8. *A Idade Moderna*
- 207

De Setembro a Febreiro:

MÓDULO III:

Bloques de contidos: Bl.1 : A Historia - Bl.2: Economía

Unidades didácticas:

9. *Un século de revolucións*
10. *Os Imperialismos e o mundo ata 1918*
11. *O período de entreguerras e a Segunda Guerra Mundial*
12. *Nocións de cultura financeira*

De Febreiro a Xuño:

MÓDULO IV:

Bloques de contidos: Bl.1 : A Historia - Bl.2: Iniciación á actividade emprendedora e empresarial

Unidades didácticas:

13. *Un mundo bipolar: guerra fría, evolución das grandes potencias e de España*
14. *Transformacións de finais do século XX*
15. *A Unión Europea*
16. *Emprendimento e inserción no mundo laboral*

4. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Ao comezo de cada unha das unidades didácticas, realizarase unha avaliación inicial que permita aos alumnos activar os seus coñecementos previos na materia e sirva ao profesor como referencia para modificar, se fose preciso, o plantexamento da unidade. A avaliación farase preferentemente mediante baterías de preguntas.

- Durante o desenvolvemento de cada unidade, levarase a cabo un control do aproveitamento do alumno mediante a observación e a análise das tarefas. Neste sentido, o traballo diario do alumno, realizado tanto na aula coma na casa, será tido en conta para ter unha avaliación positiva, así como calquera tarefa ou tarefas cadrimestrais, que suporán **o 30% da nota**.

Para facilitar o progreso do alumnado no seu itinerario formativo e facilitar tamén o recoñecemento da formación obtida en contextos non formais, realizaranse, como mínimo, dúas probas escritas por módulo. Porén, tendo en conta as características do noso alumnado, desde este departamento recoméndase ao profesorado que imparte o ámbito a realización dunha proba escrita á finalización de cada unha das unidades didácticas.

O resultado final destas probas escritas constituirá o **70% da nota**.

Xenéricamente, nesta programación, establécense para todos os estándares de aprendizaxe calquera destes tres instrumentos de avaliación: a proba escrita, as actividades diarias/semanais e tarefas individuais ou grupais de carácter máis extenso. Corresponderalle ao docente a concreción, na súa PROGRAMACIÓN DE AULA, (PDA), do instrumento escollido para avaliar cada estándar.

A cualificación final cadrimestral será expresada en números enteiros de 1 a 10. Para superar o ámbito, o alumno ou alumna deberá obter unha nota de 5 “SUFICIENTE”.

Nos días previos ao remate do cadrimestre realizarase unha proba de recuperación dos contidos referidos ás unidades didácticas avaliadas negativamente para aquel alumnado que non obteña unha media igual ou superior a 5. De non superar o ámbito, dispón dunha proba extraordinaria no mes de maio na que entrará unha escolma de estándares de aprendizaxe referidos a todos os bloques de contidos.

Nos diferentes instrumentos de avaliación empregaremos unha serie de indicadores de logro que permitirán ó alumno saber o que se está avaliando en todo momento e o profesorado expresar unha nota obxectiva:

INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DUNHA PROBA ESCRITA

	EXCELENTE	MOI SATISFACTORIO	SATISFACTORIO	BÁSICO	ESCASO	
PRECISIÓN NAS RESPÓSTAS	Todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión	Case todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión	Poucas respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas non desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	80%
PRESENTACIÓN	Todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude	Case todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	A maioría das respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	Poucas respostas están presentadas con limpeza e pulcritude	A maioría das respostas non están presentadas con limpeza e pulcritude	10%
GRAMÁTICA E ORTOGRAFÍA	Non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez.	Case non hai erros gramaticais, ortográficos, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez.	Hai dous erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto ten algunha dificultade para entenderse.	Hai tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto enténdese con dificultade.	Hai máis de tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto non se entende.	10%

INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES DE CLASE

	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	ESCASO	
NÚMERO DE EXERCICIOS RESÓLTOS	Realiza o 90 % dos exercicios que se propoñen.	Realiza entre o 90 e o 80% dos exercicios que se propoñen	Realiza entre o 80 e o 70% dos exercicios que se propoñen	Realiza entre o 70 e o 60% dos exercicios que se propoñen	Realiza menos do 60% dos exercicios que se propoñen	10%
PROCEDEMENTO E RESULTADOS DOS EXERCICIOS RESÓLTOS	Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao organizadamente e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao pouco organizado e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento, detállao, non o organiza e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento e obtén o resultado correcto	Non desenvolve o procedemento e non obtén o resultado correcto.	70%
PRESENTACIÓN E LIMPEZA	O traballo está presentado con pulcritude e limpeza	O traballo está presentado con pulcritude pero ten un risco.	O traballo está presentado con pulcritude pero ten dous ou tres riscos.	O traballo ten dobreces e máis de tres riscos.	O traballo está presentado con un gran número de dobreces e riscos.	10%
TEMPO DE ENTREGA	A entrega realízase na data indicada	A entrega realízase cun día de atraso	A entrega realízase con dous días de atraso.	A entrega realízase con tres días de atraso.	A entrega realízase despois de pasados tres días da data indicada	10%

INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DUNHA TAREFA REALIZADA DE FORMA INDIVIDUAL OU EN GRUPO

	EXCELENTE	MOI SATISFACTORIO	SATISFACTORIO	BASICO	ESCASO	
REDACCIÓN	O traballo está ben estruturado e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión	O traballo está ben estruturado nun 80% e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	O traballo está ben estruturado nun 50% e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	O traballo está ben estruturado nun 50% pero non cumpre coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	O traballo non está estruturado e ten introdución, desenvolvemento e conclusión	10%
ORTOGRAFÍA	O texto non presenta erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática)	O texto ten menos de 3 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten entre 4 e 6 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten entre 6 e 10 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten máis de 10 erros ortográficos	10%
EXTENSIÓN	O exercicio escrito adáptase á extensión esixida (2, 3 ou 4 páxinas).	O exercicio escrito presenta media páxina máis da extensión esixida	O exercicio escrito presenta unha páxina máis da extensión esixida.	O exercicio escrito presenta dúas páxinas máis da extensión esixida	O exercicio escrito presenta máis de dúas páxinas da extensión esixida	5%
CONTIDO E ARGUMENTO DE IDEAS	Trátase o contido que se pediu. Presenta ideas ben argumentadas e sen erros.	Nalgúns parágrafos non se trata nada do contido que se pediu. Presenta ideas ben argumentadas pero con algún erro.	Un 60% do texto non ten relación co contido que se pediu. Presenta ideas que argumenta con debilidade.	Algúns parágrafos fan alusión ao tema pedido. Presenta ideas sen argumentar	Só se menciona o tema pedido, pero non se trata. Non presenta ideas e as que presenta non están argumentadas.	60%
PRESENTACIÓN E LIMPEZA	O traballo está presentado con pulcritude e limpeza.	O traballo está presentado con pulcritude pero ten un risco.	O traballo está presentado con pulcritude pero ten dous ou tres riscos	O traballo ten dobreces e máis de tres riscos.	O traballo está presentado con un gran número de dobreces e riscos.	5%
TEMPO DE ENTREGA	A entrega realízase na data indicada.	A entrega realízase cun día de atraso	A entrega realízase con dous días de atraso.	A entrega realízase con tres días de atraso.	A entrega realízase despois de pasados tres días da data indicada.	10%

5. METODOLOXÍA

As persoas adultas, cando chegan ao centro educativo, dispoñen dunha gran cantidade de información e de experiencias sobre o mundo que as rodea. Constantemente reciben información e valoracións sobre a vida en sociedade, a través dos medios de comunicación, dos seus líderes sociais e políticos, da interacción cos seus iguais. Termos como historia, identidade, nación, Estado, constitución, emigración, etc. son manexados constantemente, en moitos casos cunha gran carga emotiva. Por outra banda, ao longo da súa propia traxectoria vital, as persoas adultas experimentan os aspectos positivos e negativos da vida en sociedade, e coñecen o significado de realidades como conflito, discusión, diálogo, influencia, poder social ou violencia.

O ámbito social, dentro da educación secundaria para persoas adultas, é un marco privilexiado para a posta en cuestión e discusión de todas esas informacións e saberes, actitudes, experiencias e valores que o adulto leva como bagaxe inseparable da súa propia vida. As características, as necesidades, os intereses e as motivacións das persoas adultas, á hora de acceder á oferta educativa, difiren das do resto do alumnado. Se engadimos a isto a amplitude e diversidade das situacións individuais, as diferenzas socioculturais, de condicións laborais, da calidade das experiencias e expectativas académicas e, incluso, o tempo dispoñible para dedicarse ás tarefas educativas, podemos comprender a complexidade dos referentes que debemos considerar á hora de tomar decisións no ámbito da educación para as persoas adultas. Por iso, cando se planifique o ensino neste contexto, haberá que partir dunha análise das maneiras ou medios metodolóxicos xerais máis adecuados, atendendo á tipoloxía do alumnado, partindo das experiencias previas con que accede ao sistema educativo, respectando os procesos evolutivos da vida adulta, así como os ritmos e estilos de aprendizaxe individuais.

A metodoloxía utilizada nas ensinanzas do ámbito social da educación secundaria para persoas adultas debe ter como horizonte o desenvolvemento de aprendizaxes significativas no alumnado. Unha das características máis relevantes das aprendizaxes significativas é a súa permanencia, porque establece un elevado número de relacións entre o novo coñecemento adquirido e a estrutura cognitiva do alumno. Esta, no caso da persoa adulta, está moi ancorada nunhas experiencias máis ricas e complexas cás dun adolescente. Isto implica que, nas persoas adultas, e moi especialmente no ámbito social, existen máis posibilidades de establecer relacións entre o novo coñecemento e os esquemas mentais que elas posúen. Os enfoques globalizadores favorecen a motivación e a riqueza dos significados que conforman os esquemas cognitivos. Esta concepción metodolóxica baséase no principio de que toda situación de ensino- aprendizaxe debe partir dunha situación próxima á realidade, neste caso da persoa adulta, e que esta situación debe resultarlle interesante e crearlle a necesidade de formular cuestións e problemas a que lles debe dar resposta. Para isto, cómpre utilizar instrumentos conceptuais e técnicos que proveñan das distintas disciplinas, pero a súa presentación aos alumnos adultos debe vir xustificada desde o achegamento a temas dunha realidade que coñecen, que desecan analizar e comprender, e na cal poidan intervir. En calquera caso, debe recordarse que hoxe en día o máis próximo na experiencia non é necesariamente o que especialmente temos a carón de nós, e que realidades especialmente distantes nos son familiares pola súa presenza recorrente no cine e nos medios de comunicación audiovisuais. O estudo dos contidos procedentes da xeografía debe ser integrador e globalizador, xa que o seu obxectivo básico é o coñecemento da realidade social. O estudo da interacción do home co seu medio debe ter un enfoque ecoxeográfico, que considere as múltiples variables -naturais e humanas que conforman un espazo e, ademais, atenda o dinamismo interno de cada variable e das súas interaccións. A paisaxe, como unidade espacial de análise ecoxeográfica, ten especial relevancia e permite abordar o estudo dos problemas a que a xeografía debe dar resposta. O estudo dos fenómenos sociais debe insistir permanentemente na diferenza entre a realidade deses fenómenos e as interpretacións que recibimos deles a través de todo tipo de fontes, favorecendo así o relativismo das interpretacións sociais e o respecto polas posturas diferentes e evitando o maniqueísmo. Deberase

desenvolver unha metodoloxía que compare o inmediato co afastado, o propio co alleo, o máis concreto co máis abstracto, expresando así a importancia que no currículo debe concederse á xeografía de Galicia. A educación para a cidadanía en persoas adultas debe transmitir e poñer en práctica valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, e que axude a superar calquera tipo de discriminación. Deste xeito contribuirán á implicación do alumnado na vida social, como cidadás e cidadáns que posúen a información precisa e sexan conscientes das súas obrigas e responsabilidades. Cos contidos procedentes da educación plástica e visual, e da música desenvolveranse no alumnado as capacidades perceptivas. Neste ámbito débese adquirir un vocabulario conceptual propio e a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente. O coñecemento social adquirese a partir das fontes orais, textuais e materiais, da indagación e da utilización e busca da información, Non debe esquecerse, á hora de introducir contados metodolóxicos, a importancia de saber interpretar fontes de diversa tipoloxía, a comprensión da multicausalidade e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso adecuado da información e o manexo da documentación. Se a motivación é clave en todo proceso de aprendizaxe, na educación das persoas adultas adquire unha relevancia especial. As actividades deberán ter sentido para elas, ser funcionais e vehicular aprendizaxes que poden ser transferidas á práctica no mundo que as rodea, de xeito que lles vexan utilidade patente. Esta é imprescindible para evitar o abandono antes de completar o proceso de aprendizaxe, de aí a importancia de desenvolver, nas persoas adultas, capacidades e habilidades encamiñadas á superación, con éxito, das dificultades con que se poden atopar no seu contorno persoal, sociocultural e laboral, reforzando así a súa autoestima. A educación das persoas adultas debe favorecer, ademais, os procesos en que estas aprendan a aprender. É moi importante que, canto antes, se responsabilicen do seu proceso de aprendizaxe. Unha metodoloxía que teña en conta tales aspectos favorecerá, polo tanto, que o alumnado poida deseñar os seus obxectivos de aprendizaxe, e que identifique as tarefas máis adecuadas para o seu estilo e ritmo de aprendizaxe, contribuíndo á súa superación persoal. A implicación activa das persoas adultas nos procesos de formación só é posible se senten partícipes deles, é dicir, se están implicadas en todo o proceso educativo. Así, o papel fundamental do profesorado consiste principalmente en facilitar o proceso de ensinanza aprendizaxe máis que en transmitir coñecementos. Isto constitúe un dos principios básicos da educación das persoas adultas. Para poder implicarse e participar no seu proceso educativo, as persoas adultas deberán coñecer a intención da educación, os contidos, a metodoloxía, os criterios de avaliación e a organización das ensinanzas e realizar a análise deste proceso, que se verá enriquecido coas súas achegas. Estas deberán ser acordadas entre os membros do grupo e o profesorado, de xeito que, ao longo do seu desenvolvemento, se tomen as decisións oportunas sobre o tipo de soporte pedagóxico máis adaptado á súa realidade e se facilite, por unha banda, a consolidación do grupo como tal, a través do debate, da discusión dirixida, da negociación, etc. e, pola outra, a configuración doutras estratexias que posibilitan que cada centro teña un estilo dinámico propio e diferencial. Toda proposta metodolóxica debe considerar que a educación é un proceso social polo que se lle transmite ao alumnado unha determinada cultura, xa que todas as sociedades transmiten explicitamente, mediante a educación, os seus costumes e modos de pensamento. Pero debido aos continuos e rápidos cambios sociais, científicos e tecnolóxicos da sociedade de principios do século XXI, a sociedade en que vivimos desenvólvese nun contexto multicultural; de aí a necesidade de que a educación das persoas adultas deba abordarse desde unha perspectiva intercultural, aínda que sen renunciar á identidade orixinal de cada un. Polo tanto, as liñas metodolóxicas terán en conta a gran diversidade das realidades de cadaquén, serán abertas á participación e promoverán actitudes tanto críticas e de diálogo, como investigadoras e creativas que permitan abrir vías de relación entre persoas que proceden de contornos cun patrimonio cultural propio, favorecer a integración da información dentro dos seus esquemas cognitivos e promover a autoaprendizaxe.

6. MATERIAIS CURRICULARES

-Unidades didácticas. Educación secundaria para persoas adultas

Consellería de educación e Ordenación Universitaria. Dirección xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

-Unidades elaboradas polo propio docente.

-mapas en soporte físico e dixital, revistas...

-Recursos TIC: videos de youtube – páxina de www.claseshistoria.com – blog da aula de ESA “Historiasparaadult@s” (en permanente actualización)

7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No caso de que se detectasen necesidades educativas especiais, procederíase á modificación do currículo mediante a elaboración dunha adaptación curricular, baixo a dirección do Departamento de orientación e coa correspondente autorización da Inspección Provincial.

8. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DOS MÓDULOS PENDENTES.

Durante o segundo cadrimestre atenderanse as necesidades daqueles alumnos que non superaron o módulo I ou III durante as titorías (dada as características propias deste alumnado adulto) e faráselles unha proba extraordinaria en maio.

Os módulos II e IV recuperaranse mediante unha proba extraordinaria en xuño (**ver apartado 1.17 dos aspectos comúns da programación onde se introducen os cambios para adaptar as ensinanzas ao novo calendario escolar**).

9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Tanto as circunstancias dos alumnos (moitos deles en situación laboral activa) coma as especiais condicións do horario nocturno dificultan bastante a realización de calquera tipo de actividade complementaria e extraescolar. En calquera caso, se hai posibilidades de prazas libres nalgunha saída do 1º ciclo da ESO, poderíase convidar este alumnado a participar da mesma. Tentarase realizar algunha actividade complementaria (algunha conferencia, mesa redonda, debate), relacionada co mundo de hoxe e atendendo ás motivacións do alumnado.

13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO ÁMBITO SOCIAL

Ao longo do curso, e no desenvolvemento da ámbito, iremos traballando coñecementos transversais que se abordarán na aula xunto aos contidos:

- Comprensión lectora (CL).
- Expresión oral e escrita (EOE).
- Comunicación audiovisual (CA).
- Tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).
- Emprendemento (EM).
- Igualdade de xénero e prevención da violencia de xénero (IXPV).
- Resolución pacífica de conflitos (RPC).
- Liberdade, xustiza, igualdade,
- pluralismo, democracia, Dereitos humanos, respecto ás persoas con discapacidade (LXID).
- Traballo en equipo (TE)

8.-HISTORIA DE ESPAÑA - 2º DE BACHARELATO

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

En HISTORIA DE ESPAÑA, debemos destacar que neste centro temos alumnos tanto do bacharelato de diurno como do bacharelato de adultos. En canto os matriculados, hai alumnos e alumnas distribuídos en catro grupos de diurno. En canto a Historia de España no bacharelato de adultos, dicir que están agrupados nun só grupo. O nivel económico das familias do alumnado é diverso, baixo, medio e medio-alto.

As aulas de referencia para impartir esta materia contan cun ordenador con conexión a internet, con canón proxector ou cunha pizarra dixital. Ademais, o centro dispón de aulas de informática para realizar actividades coas que potenciar a competencia dixital.

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Os perfiles de competencia son un conxunto de indicadores de avaliación (desglosados do criterio de avaliación) das diferentes áreas e materias que se relacionan con ela e reflicten en que medida contribúe cada unha a ao desenvolvemento das competencias.

Á hora de elaborar os perfiles de competencias clave tomouse en consideración o disposto no D/86/2015, do 21 de xaneiro, polo que se describen as relacións entre competencias, contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

PERFIL DA COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través dos textos en múltiples modalidades, formatos e soportes.

Os seguintes estándares de aprendizaxe oriéntanse de xeito preferente á consecución desta competencia:

HEB1.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e do Neolítico, e as causas do cambio
HEB1.1.3. Describe os avances no coñecemento das técnicas metalúrxicas e explica as súas repercusións.
HEB1.1.7. Define o concepto de romanización e describe os medios empregados para levala a cabo.
HEB1.1.9. Resume as características da monarquía visigoda e explica por que alcanzou tanto poder a igrexa e a nobreza.
HEB1.1.12. Partindo de fontes historiográficas, responde a cuestións ou situacións
HEB2.1.1. Explica as causas da invasión musulmá e da súa rápida ocupación da Península

HEB2.2.1. Describe as grandes etapas e as causas xerais que conducen ao mapa político da Península Ibérica ao remate da Idade Media
HEB2.3.1. Describe as grandes fases da evolución económica dos territorios cristiáns durante a Idade Media.
HEB2.4.1. Explica a orixe e as características do réxime señorial e a sociedade estamental no ámbito cristián.
HEB3.1.2. Explica as causas e as consecuencias dos feitos máis relevantes de 1492.
HEB3.2.2. Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante o século XVI
HEB3.3.1. Describe a práctica do valemto e os seus efectos na crise da monarquía
HEB4.1.1. Explica as causas da Guerra de Sucesión Española e a composición dos bandos en conflito.
HEB4.2.1. Define os decretos de nova planta e explica a súa importancia na configuración do novo Estado borbónico.
HEB4.2.3. Explica as medidas que adoptaron ou proxectaron os primeiros Borbóns para sanear a Facenda Real
HEB4.2.4. Describe as relacións Igrexa-Estado e as causas da expulsión dos xesuítas.
HEB4.3.3. Explica a política industrial da monarquía e as medidas adoptadas respecto ao comercio con América.
HEB5.1.1. Resume os cambios que experimentan as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata o comezo da Guerra de Independencia.
HEB5.1.2. Describe a Guerra da Independencia: as súas causas, a composición dos bandos en conflito e o desenvolvemento dos acontecementos.
HEB5.2.2. Comenta as características esenciais da Constitución de 1812.
HEB5.3.2. Define o carlismo e resume a súa orixe e os apoios con que contaba inicialmente
HEB5.4.1. Explica as causas e o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas.
HEB6.1.2. Especifica as causas e consecuencias das dúas primeiras guerras carlistas
HEB6.2.1. Describe as características dos partidos políticos que xurdiron durante o reinado de Isabel II.
HEB6.2.3. Explica as medidas de liberalización do mercado da terra levadas a cabo durante o reinado de Isabel II.
HEB6.4.1. Explica as etapas políticas do Sexenio Democrático
HEB6.4.2. Describe as características esenciais da Constitución democrática de 1869.
HEB7.1.1. Explica os elementos fundamentais do sistema político ideado por Cánovas
HEB7.1.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1876.

HEB7.1.3. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración.
HEB7.2.1. Resume a orixe e a evolución do catalanismo, o nacionalismo vasco e o rexionalismo galego.
HEB7.3.2. Describe a orixe, o desenvolvemento e as repercusións da terceira guerra carlista
HEB7.4.1. Explica a política española respecto ao problema de Cuba.
HEB8.1.1. Identifica os factores do lento crecemento demográfico español no século XIX
HEB8.2.1. Explica os efectos económicos das desamortizacións de Mendizábal e Madoz.
HEB8.2.2. Especifica as causas dos baixos rendementos da agricultura española do século XIX.
HEB8.2.3. Describe a evolución da industria téxtil catalá, a siderurxia e a minaría ao longo do século XIX.
HEB8.2.6. Explica os obxectivos da rede ferroviaria e as consecuencias da lei xeral de ferrocarrís de 1855.
HEB8.2.8. Explica o proceso que conduciu á unidade monetaria e á banca moderna.
HEB8.2.9. Explica a reforma Mon-Santillán da Facenda pública e os seus efectos.
HEB9.1.1. Define en que consistiu o revisionismo político inicial do reinado de Afonso XIII, e as principais medidas adoptadas
HEB9.2.2. Explica as repercusións da I Guerra Mundial e da Revolución Rusa en España.
HEB9.2.3. Analiza as causas, os principais feitos e as consecuencias da intervención de España en Marrocos entre 1904 e 1927
HEB9.2.4. Analiza a crise xeral de 1917: as súas causas, manifestacións e consecuencias
HEB9.3.1. Especifica as causas do golpe de estado de Primo de Rivera e os apoios con que contou inicialmente.
HEB9.3.2. Describe a evolución da ditadura de Primo de Rivera, desde o directorio militar ao directorio civil e o seu remate.
HEB9.3.3. Explica as causas da caída da monarquía.
HEB9.4.2. Describe a política económica da ditadura de Primo de Rivera.
HEB9.4.3. Explica os factores da evolución demográfica de España no primeiro terzo do século XX.
HEB10.1.1. Explica as causas que levaron á proclamación da II República e relaciona as súas dificultades coa crise económica mundial dos anos 30.
HEB10.2.1. Resume as reformas impulsadas durante o bienio reformista da República.
HEB10.2.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1931.

HEB10.2.3. Analiza o proxecto de reforma agraria: as súas razóns, o seu desenvolvemento e os seus efectos.
HEB10.2.5. Describe as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución de Asturias de 1934.
HEB10.2.6. Explica as causas da formación da Fronte Popular e as actuacións tras o seu triunfo electoral, ata o comezo da guerra.
HEB10.3.1. Especifica os antecedentes da Guerra Civil.
HEB10.3.4. Especifica os custos humanos e as consecuencias económicas e sociais da guerra
HEB11.1.3. Explica a organización política do Estado franquista.
HEB11.1.4. Explica as relacións exteriores, a evolución política e a situación económica de España desde o remate da Guerra Civil ata 1959.
HEB11.1.5. Explica as relacións exteriores, a evolución política e as transformacións económicas e sociais de España desde 1959 ata 1973.
HEB11.1.6. Especifica as causas da crise final do franquismo desde 1973.
HEB11.1.9. Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante os anos do franquismo, así como as súas causas.
HEB11.1.10. Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista e comenta a súa evolución no tempo.
HEB12.1.1. Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha.
HEB12.1.2. Describe o papel desempeñado polo Rei durante a transición
HEB12.1.3. Describe as actuacións impulsadas polo presidente de Goberno Adolfo Suárez para a reforma política do réxime franquista: lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, etc.
HEB12.1.4. Explica as causas e os obxectivos dos Pactos da Moncloa.
HEB12.2.1. Explica o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e as súas características esenciais.
HEB12.3.2. Comenta os feitos máis salientables do proceso de integración en Europa e as consecuencias para España desta integración
HEB12.3.3. Analiza a evolución económica e social de España desde a segunda crise do petróleo en 1979 ata o comezo da crise financeira mundial de 2008.
HEB12.3.4. Analiza o impacto da ameaza terrorista sobre a normalización democrática de España, describe a xénese e evolución das organizacións terroristas que actuaron desde a transición democrática ata os nosos días (ETA, GRAPO, etc.) e reflexiona sobre outros temas relacionados: a cidadanía ameazada, os movementos asociativos de vítimas, a mediación en conflitos, etc.
HEB12.4.1. Explica a posición e o papel da España actual na Unión Europea e no mundo.

INDICADOR	1	2	3	4
EXPRESIÓN ORAL	Non é capaz de expresar adecuadamente ideas ou opinións sobre unha cuestión concreta	Expresa ideas e sentimentos de forma oral con claridade	Expresa ideas, sentimentos e opinións de forma oral e con claridade, destacando aquilo que resulte máis importante	Expresa ideas, sentimentos e opinións de forma clara, en diversos ambientes, destacando e estruturando aqueles elementos máis importantes
COMPRESIÓN ORAL	Non comprende unha mensaxe oral sinxela, adoptando respostas insólitas ou inesperadas ante el mesmo	Comprende mensaxes orais sobre temas de interese para o alumnado, identificando a mensaxe principal	Comprende mensaxes orais sobre temas diversos, extraendo a idea principal e actuando en consecuencia	Comprende mensaxes de diferentes medios, extraendo a información máis relevante e xenerando opinións propias
EXPRESIÓN ESCRITA	Non emprega a expresión escrita para comunicar unha situación, unha idea ou unha emoción	Expresa ideas e emocións de forma escrita, adecuándose as convencións ortográficas	Expresa ideas, emocións e opinións de forma escrita, adecuándose as convencións ortográficas	Expresa ideas, emocións, opinións e calquera tipo de información de forma clara e empregando as convencións ortográficas
COMPRESIÓN ESCRITA	Non identifica a idea xeral dun texto sinxelo. Non adapta unha resposta clara ante un enunciado simple	Comprende mensaxes escritas sinxelas e estruturadas sobre situacións próximas e temáticas de interese, seleccionando a idea principal	Comprende mensaxes escritas sinxelas sobre situacións do entorno próximo, identificando a idea principal e a súa estrutura, adecuando a forma de leer según o tipo de texto	Comprende mensaxes escritos diversos, adaptando o modo de leer ó tipo de texto, extraendo información e resumindo a mesma nunhas poucas liñas

PERFIL DA COMPETENCIA APRENDER A APRENDER

caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto esixe, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender. Inclúe coñecementos sobre os procesos mentais implicados na aprendizaxe (como se aprende). Todo este coñecemento vólcase en destrezas de autorregulación e control inherente á CAA, que se concretan en estratexias de planificación nas que se reflexa a meta da aprendizaxe que se persegue, así como o plan de acción que se ten previsto para acadala

Os seguintes estándares de aprendizaxe oriéntanse de xeito preferente á consecución desta competencia:

HEB1.1.6. Debuxa un mapa esquemático da Península Ibérica e delimita nel as áreas ibérica e celta.

HEB2.2.3. Compara a organización política da coroa de Castela, a de Aragón e o reino de Navarra ao remate da Idade Media.

HEB2.2.4. Comenta o ámbito territorial e as características de cada sistema de repoboación, así como as súas causas e as súas consecuencias.

HEB3.1.3. Analiza as relacións dos Reis Católicos con Portugal e os obxectivos que perseguían.

HEB3.2.1. Compara os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II, e explica os problemas que provocaron.
HEB3.3.3. Analiza as causas da guerra dos Trinta Anos e as súas consecuencias para a monarquía hispánica e para Europa
HEB3.3.4. Compara e comenta as rebelións de Cataluña e Portugal de 1640.
HEB4.2.2. Elabora un esquema comparativo do modelo político dos Austrias e dos Borbóns
HEB4.3.1. Compara a evolución demográfica do século XVIII coa da centuria anterior
HEB5.2.1. Compara as Cortes de Cádiz coas estamentais do Antigo Réxime. HEB5.2.2. Comenta as características esenciais da Constitución de 1812.
HEB5.3.4. Representa nun esquema as diferenzas, en canto a sistema político e estrutura social, entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués.
HEB6.1.1. Identifica o ámbito xeográfico do carlismo e explica o seu ideario e os seus apoios sociais.
HEB6.2.4. Compara as desamortizacións de Mendizábal e Madoz, e especifica os obxectivos dunha e outra.
HEB6.3.1. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845
HEB6.4.3. Identifica os grandes conflitos do sexenio e explica as súas consecuencias políticas.
HEB6.5.1. Relaciona a evolución do movemento obreiro español durante o Sexenio Democrático coa do movemento obreiro internacional
HEB7.3.1. Compara o papel político dos militares no reinado de Afonso XII co das etapas precedentes do século XIX.
HEB8.1.2. Compara a evolución demográfica de Cataluña coa do resto de España no século XIX.
HEB8.2.4. Compara a revolución industrial española coa dos países máis avanzados de Europa.
HEB8.2.5. Relaciona as dificultades do transporte e o comercio interior cos condicionamentos xeográficos.
HEB8.2.7. Compara os apoios, os argumentos e as actuacións de proteccionistas e librecambistas ao longo do século XIX.
HEB9.1.3. Elabora un esquema cos factores internos e externos da quebra do sistema político da Restauración.
HEB10.1.2. Diferencia as forzas de apoio e oposición á República nos seus comezos, e describe as súas razóns e as principais actuacións.
HEB10.2.4. Compara as actuacións do bienio radical-cedista coas do bienio anterior.
HEB10.3.2. Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional.
HEB10.3.3. Compara a evolución política e a situación económica dos dous bandos durante a guerra.
HEB11.1.1. Elabora un esquema cos grupos ideolóxicos e os apoios sociais do franquismo na súa etapa inicial.
HEB11.1.7. Relaciona a evolución política do réxime cos cambios que se producen no contexto internacional.
HEB12.3.1. Elabora un esquema coas etapas políticas desde 1979 ata a actualidade, segundo o partido no poder, e sinala os principais acontecementos de cada unha delas.

INDICADORES	1	2	3	4
Aprender a aprender	Non sabe buscar nin seleccionar a información. Non é capaz a analizar a información establecendo causas e consecuencias e facendo comparacións.	Basca e selecional información pero non é capaz de establecer causas e consecuencias	Busca e selecional a información. Analiza a información establecendo causas e consecuencias	Busca e selecciona a información. Analiza a información establecendo causas e consecuencias. É capaz de facer comparacións entre diversos acontecementos históricos

PERFIL DA COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ

Implican a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, entendida dende diferentes perspectivas, na concepción dinámica, cambiante e complexa, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme as normas baseadas no respecto mutuo e convivencias democráticas. Os seguintes estándares de aprendizaxe oriéntanse de xeito preferente á consecución desta competencia:

HEB0.3.1. Responde a cuestións propostas a partir de fontes históricas e historiográficas
HEB0.4.1. Distingue o carácter das fontes históricas non só como información, senón tamén como proba para responder ás preguntas que se formulan os/as historiadores/as.
HEB1.1.4. Resume as características principais do reino de Tartesos e cita as fontes históricas para o seu coñecemento
HEB2.1.3. Describe a evolución política de Al-Andalus.
HEB3.1.1. Define o concepto de unión dinástica aplicado a Castela e Aragón en tempos dos Reis Católicos e describe as características do novo Estado. HEB3.2.3. Analiza a política respecto a América no século XVI e as súas consecuencias para España, Europa e a poboación americana
HEB3.3.2. Explica os principais proxectos de reforma do Conde Duque de Olivares.
HEB4.1.3. Detalla as características da nova orde europea xurdida da Paz de Utrecht e o papel de España nela.
HEB4.3.2. Desenvolve os principais problemas da agricultura e as medidas impulsadas por Carlos III neste sector.
HEB4.4.1. Especifica as causas da engalaxe económica de Cataluña no século XVIII.

HEB4.5.1. Comenta as ideas fundamentais da Ilustración e define o concepto de despotismo ilustrado.
B5.3.1. Detalla as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII.
HEB5.4.2. Especifica as repercusións económicas para España da independencia das colonias americanas.
HEB6.2.2. Resume as etapas da evolución política do reinado de Isabel II desde a súa minoría de idade, e explica o papel dos militares.
HEB7.2.2. Analiza as correntes ideolóxicas do movemento obreiro e labrego español, así como a súa evolución durante o derradeiro cuarto do século XIX.
HEB8.2.10. Especifica como os investimentos en España de Francia e de Inglaterra afectaron o modelo de desenvolvemento económico español durante o século XIX.
HEB9.2.1. Especifica a evolución das forzas políticas de oposición ao sistema: republicanos e nacionalistas.
HEB9.4.1. Analiza os efectos da I Guerra Mundial sobre a economía española.
HEB10.3.5. Sintetiza nun esquema as grandes fases da guerra, desde o punto de vista militar
HEB11.1.2. Diferencia etapas na evolución de España durante o franquismo, e resume os trazos esenciais de cada unha.

INDICADORES	1	2	3	4
SOCIAL E CIDADÁ	Non coñece a existencia de diferentes perspectivas para analizar a realidade histórica e social do mundo	Coñece a existencia de diferentes perspectivas para analizar a realidade histórica e social do mundo	Coñece diferentes perspectivas para analizar a realidade histórica e social do mundo. Comprende a aportación que as diferentes culturas fixeron posible a evolución e progreso da humanidade	Coñece diferentes perspectivas para analizar a realidade histórica e social do mundo. Comprende a aportación que as diferentes culturas fixeron posible a evolución e progreso da humanidade e e capaz de comparar diferentes acontecementos

PERFIL DA COMPETENCIA MATEMÁTICA

A competencia matemática supón que o alumnado é capaz de de establecer unha relación entre o coñecemento conceptual e o coñecemento procedimental implicados na resolución dun problema matemático. As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía propician un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable.

Os seguintes estándares de aprendizaxe oriéntanse de xeito preferente á consecución desta competencia:

HEB0.2.1. Representa unha liña do tempo situando nunha ringleira os principais acontecementos relativos a determinados feitos ou procesos históricos.

HEB1.1.11. Representa unha liña do tempo desde 250 a.C. ata 711 d.C., e sitúa nela os principais acontecementos históricos.
HEB2.1.2. Representa unha liña do tempo desde 711 ata 1474 e sitúa nunha ringleira os principais acontecementos relativos a Al-Andalus e noutra os relativos aos reinos cristiáns.
HEB3.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1474 ata 1700, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.
HEB4.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1700 ata 1788, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.
HEB5.3.3. Representa unha liña do tempo desde 1788 ata 1833 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.
HEB6.1.3. Representa unha liña do tempo desde 1833 ata 1874 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.
HEB7.1.4. Representa unha liña do tempo desde 1874 ata 1902 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.
HEB9.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1902 ata 1931, e sitúa nela os principais acontecementos históricos
HEB10.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1931 ata 1939, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.
HEB11.1.11. Representa unha liña do tempo desde 1939 ata 1975, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.
HEB12.3.5. Representa unha liña do tempo desde 1975 ata os nosos días, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.

INDICADOR	1	2	3	4
LIÑAS TEMPORAIS	Non presentado. Comete erros graves na periodización dos elementos requiridos. Erros graves na fixación da cronoloxía. Erros graves no uso e deseño de escalas. Non extrae a información requirida.	Comete algún erro leve na periodización dos elementos requiridos. Comete algún erro leve na fixación da cronoloxía. Uso e deseño correcto de escalas. Extrae algunha información requirida	Periodización correcta dos elementos requiridos. Fixación correcta da cronoloxía para as etapas históricas requiridas. Uso e deseño correcto de escalas. Extrae información requirida	Periodización correcta dos elementos requiridos. Fixación correcta da cronoloxía para as etapas históricas requiridas. Fixación exacta de acontecementos destacados en cada etapa histórica. Uso e deseño correcto de escalas. Extrae información requirida usando vocabulario específico. Deseño coidado do exercicio.

PERFIL DA COMPETENCIA DIXITAL

implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para acadar obxectivos relacionados co traballo, a empleabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e a participación na sociedade.

Os seguintes estándares de aprendizaxe orientáanse de xeito preferente á consecución desta competencia:

HEB0.1.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística dun personaxe historicamente salientable, un feito ou un proceso histórico, e elabora unha breve exposición.
HEB1.1.10. Procura información de interese (en libros e internet) sobre o mantemento cultural e artístico do legado romano na España actual, e elabora unha breve exposición.
HEB2.5.2. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística do Camiño de Santiago, e elabora unha breve exposición.
HEB3.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre os seguintes pintores do Século de Ouro español: El Greco, Ribera, Zurbarán, Velázquez e Murillo.
HEB5.5.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre Goya e elabora unha breve exposición sobre a súa visión da guerra
HEB10.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a Idade de Prata da cultura española.
HEB11.2.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo.

INDICADORES	1	2	3	4
BÚSQUEDA DE INFORMACIÓN	Non realiza a búsqueda. Realiza a búsqueda de forma xenérica e sen usar palabras clave nin filtros	Realiza búsquedas específicas. Usa palabras clave e filtros	Realiza búsquedas específicas. Usa palabras clave e filtros en diferentes buscadores	Diseña unha estratexia para realizar búsquedas específicas. Usa palabras clave e filtros. Recorre a diferentes buscadores
ORGANIZACIÓN DA INFORMACIÓN	Non almacena a información. É imposible a súa recuperación	Almacena a información encontrada de forma local sen clasificar. É difícil a súa recuperación	Almacena información encontrada de forma local con sistema de carpetas e nomenclatura. É fácil a súa recuperación	Almacena a información encontrada de forma local e na nube con sistemas de carpetas e nomenclaturas adecuadas. É fácil a súa recuperación e compartición
CREACIÓN DE CONTIDOS	Non crea os materiais ou crea materiais sinxelos mostrando baixa creatividade con software	Crea materiais sinxelos orixinais con ferramentas TIC	Crea materiais máis complexos e orixinais. Integra máis dunha ferramenta TIC ou software	Crea materias complexos, orixinais e innovadores que facilitan a comprensión. Integra máis dunha ferramenta TIC ou software
COMPARTIR CONTIDOS	Non entrega nin comparte a información co resto dos compañeiros	Publica os contidos creados. Realiza unha entrada sinxela. Non inclúe licenzas ou etiquetas	Publica os contidos creados. Realiza unha entrada atractiva con material propio ou de outros. Combina varios formatos e técnicas de presentación. Inclúe licenzas e etiquetas	Publica os contidos creados. Realiza unha entrada atractiva e orixinal con material propio ou de outros. Combina varios formatos e técnicas de presentación de forma creativa que facilitan a comprensión. Inclúe licenzas e etiquetas

PERFIL DA COMPETENCIA CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAL

implica coñecer, comprender, apreciar, valorar con espírito crítico, actitude aberta e respectuosa, ás diferentes manifestacións culturais e artísticas, usadas como fonte de enriquecemento e disfrute persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Os seguintes estándares de aprendizaxe oriéntanse de xeito preferente á consecución desta competencia:

HEB1.1.2. Identifica as diferenzas entre unha imaxe de pintura cantábrica e outra de pintura levantina.
HEB1.1.5. Explica o diferente nivel de desenvolvemento das áreas celta e ibérica en vésperas da conquista romana en relación coa influencia recibida dos indoeuropeos, o reino de Tartesos e os colonizadores fenicios e gregos
HEB1.1.8. Compara o ritmo e grao de romanización dos territorios peninsulares
HEB2.1.4. Resume os cambios económicos, sociais e culturais introducidos polos musulmáns en Al-Andalus.
HEB2.5.1. Describe o labor dos centros de tradución.
HEB4.5.2. Razona a importancia das Sociedades Económicas de Amigos do País e da prensa periódica na difusión dos valores da Ilustración.
HEB6.2.5. Especifica as características da nova sociedade de clases e compáraa coa sociedade estamental do Antigo Réxime.

INDICADORES	1	2	3	4
EXPRESIÓN ARTÍSTICA E CULTURAL	Non identifica ou ten un escaso coñecemento das diversas manifestacións e linguaxes artísticas e culturais	Identifica e ten un coñecemento básico das diversas manifestacións e linguaxes artísticas e culturais	Identifica e ten un coñecemento amplo empregando un linguaxe específico das diversas manifestacións artísticas e culturais	Identifica e ten un coñecemento amplo empregando un linguaxe específico das diversas manifestacións artísticas e culturais, e mantén unha actitude respectuosa e crítica cara a diversidade de expresións artísticas e culturais

3.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO

Esta programación axústase ás indicacións para a materia Historia de España recollidas no Real Decreto Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre, e no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os obxectivos xerais son as capacidades que, por medio das materias comúns, de modalidade e optativas, deberán ser acadadas polos alumnos e as alumnas de Bacharelato. Constitúen os grandes retos que deben propoñerse os e as docentes desta etapa. Son, polo tanto, interdisciplinarios e de ámbitos educativos plurais: cognoscitivos, afectivos e psicosociais. Os cognoscitivos deberán alcanzarse mediante a ensinanza e a aprendizaxe da materia impartida polo profesorado. Os demais,

mediante a contribución unánime do conxunto do profesorado.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con especial atención ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

A.- OBXECTIVOS XERAIS PARA HISTORIA DE ESPAÑA

Os citados Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, e o Decreto 86/2015 caracterizan a materia de Historia de España cunha serie de notas distintivas:

- Debe potenciar o coñecemento e comprensión do noso pasado como «xenealoxía do presente».

- No seu carácter formativo, subliña o desenvolvemento de capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico.
- Enténdese esta materia como unha «historia xeral» e sistemática dos procesos históricos fundamentais dos territorios que configuran o actual Estado español, concedéndolle especial atención a Galicia, sen esquecer por iso a súa pluralidade interna e a dimensión e proxección europea e iberoamericana.
- Pon énfase no coñecemento da historia contemporánea, á que outorga dous terzos do programa de contidos.
- Debe contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, de modo que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade entre mulleres e homes, os dereitos humanos, a non-discriminación e os valores democráticos.

Tendo en conta este marco curricular e as ordes das diferentes administracións das comunidades autónomas, constatamos certos acordos básicos sobre o carácter da Historia no curso final do Bacharelato. En síntese, a Historia deberá contribuír a desenvolver nos estudantes un conxunto de **competencias asociadas a diferentes capacidades cognitivas, instrumentais e de comunicación**, de equilibrio persoal e de inserción social. As máis importantes son:

- Identificar e situar no tempo e no espazo os procesos, estruturas e acontecementos máis relevantes da historia de España, valorando as súas repercusións na configuración da España actual.
- Coñecer e comprender os procesos máis relevantes que configuran a historia española contemporánea, identificando as interrelacións entre feitos políticos, económicos, sociais e culturais, analizando os antecedentes e factores que os conformaron.
- Fomentar unha visión integradora da historia de España, que respecte e valore tanto os aspectos comúns como as particularidades, e xere actitudes de tolerancia e solidariedade entre os diversos pobos de España.
- Situar o proceso histórico español nas súas coordenadas internacionais para explicar e comprender as súas implicacións e influencias mutuas co obxectivo de ser capaces de ter unha visión articulada e coherente da historia.
- Identificar os cambios conxunturais e os trazos permanentes do proceso histórico por riba dos feitos illados e dos protagonistas concretos, co fin de lograr unha visión global da historia.
- Coñecer as normas básicas que regulan o ordenamento constitucional español, promovendo tanto o compromiso individual e colectivo coas institucións democráticas como a toma de conciencia ante os problemas sociais, en especial os relacionados cos dereitos humanos.
- Seleccionar e interpretar información procedente de fontes diversas, incluída a proporcionada polas novas tecnoloxías, e utilizala de forma crítica para a comprensión de procesos e feitos históricos.
- Empregar con propiedade a terminoloxía e o vocabulario históricos e aplicar as técnicas elementais de comentario de textos e de interpretación de mapas, gráficos e outras fontes históricas.

Ademais, teremos en conta algúns outros trazos relevantes e específicos da Historia como materia de ensino que están estreitamente vinculados coas seguintes capacidades:

- Capacidade de desenvolvemento do pensamento crítico vinculado á análise social con criterios de racionalidade.
- Comprensión do proceso de adquisición de conciencia histórica como un compoñente esencial na adquisición de autonomía intelectual e moral.

4.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO					
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo	Instrumento avaliación
BLOQUE 0: COMO SE ESCRIBE A HISTORIA. CRITERIOS COMÚNS					
B0.1. Método histórico. Fontes e perspectivas.	B0.1. Localizar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas, internet, etc., e extraer información salientable sobre o tratado, valorando criticamente a súa fiabilidade.	HEB0.1.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística dun personaxe historicamente salientable, un feito ou un proceso histórico, e elabora unha breve exposición.	TODO O CURSO	Procura información de interese sobre a importancia cultural e artística dalgún persoaxe histórico salientable	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B0.2. Análise e comentario de fontes.	B0.2. Elaborar mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas, utilizando os datos proporcionados ou servíndose dos coñecementos xa adquiridos.	HEB0.2.1. Representa unha liña do tempo situando nunha ringleira os principais acontecementos relativos a determinados feitos ou procesos históricos.	TODO O CURSO	RÚBRICA CMAT. - NIVEL 2	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B0.3. Utilidade das fontes.	B0.3. Comentar e interpretar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas), relacionando a súa información cos coñecementos previos.	HEB0.3.1. Responde a cuestións propostas a partir de fontes históricas e historiográficas.	TODO O CURSO	Responde algunhas cuestións a partir de fontes históricas	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B0.4. Mapas e liñas do tempo.	B0.4. Recoñecer a utilidade das fontes para o/a historiador/a, á parte da súa fiabilidade.	HEB0.4.1. Distingue o carácter das fontes históricas non só como información, senón tamén como proba para responder ás preguntas que se formulan os/as historiadores/as.	TODO O CURSO	Coñece algunha fonte histórica	PROBA ESCRITA OU TAREFA
BLOQUE 1. A PENÍNSULA IBÉRICA DESDE OS PRIMEIROS HUMANOS ATA A DESAPARICIÓN DA MONARQUÍA VISIGODA (711)					

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo	Instrumento avaliación
<p>B1.1. Da prehistoria á monarquía visigoda: prehistoria (evolución do Paleolítico ao Neolítico; pintura cantábrica e levantina; importancia da metalurxia); configuración das áreas celta e ibérica (Tartesos, indoeuropeos e colonizadores orientais; cultura castrexa); Hispania romana (conquista e romanización da Península; legado cultural romano; exemplo galego); monarquía visigoda (ruralización da economía; poder da Igrexa e a nobreza).</p>	<p>B1.1. Explicar as características dos principais feitos e procesos históricos da Península Ibérica desde a prehistoria ata a desaparición da monarquía visigoda, e identificar as súas causas e consecuencias.</p>	<p>HEB1.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e do Neolítico, e as causas do cambio.</p>	1ª AVALIACIÓN	Coñece algunha característica do Paleolítico ou Neolítico	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		<p>HEB1.1.2. Identifica as diferenzas entre unha imaxe de pintura cantábrica e outra de pintura levantina.</p>	1ª AVALIACIÓN	Coñece algunha característica da pintura cantábrica ou da pintura levantina	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		<p>HEB1.1.3. Describe os avances no coñecemento das técnicas metalúrxicas e explica as súas repercusións.</p>	1ª AVALIACIÓN	Indica algún avance no coñecemento das técnicas metalúrxicas	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		<p>HEB1.1.4. Resume as características principais do reino de Tartesos e cita as fontes históricas para o seu coñecemento.</p>	1ª AVALIACIÓN	Resume as características principais do reino dos tartesos	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		<p>HEB1.1.5. Explica o diferente nivel de desenvolvemento das áreas celta e ibérica en vésperas da conquista romana en relación coa influencia recibida dos indoeuropeos, o reino de Tartesos e os colonizadores fenicios e gregos.</p>	1ª AVALIACIÓN	Indica algunha característica das áreas celta e ibérica	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		<p>HEB1.1.6. Debuxa un mapa esquemático da Península Ibérica e delimita nel as áreas ibérica e celta.</p>	1ª AVALIACIÓN	Fai un mapa da Península Ibérica e delimita nel as áreas ibéricas e celta	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		<p>HEB1.1.7. Define o concepto de romanización e describe os medios empregados para levala a cabo.</p>	1ª AVALIACIÓN	Define o concepto de romanización	PROBA ESCRITA OU TAREFA

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO					
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo	Instrumento avaliación
		HEB1.1.8. Compara o ritmo e grao de romanización dos territorios peninsulares.	1ª AVALIACIÓN 1ª AVALIACIÓN	Compara o grao de romanización dos territorios peninsulares	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB1.1.9. Resume as características da monarquía visigoda e explica por que alcanzou tanto poder a igrexa e a nobreza.	1ª AVALIACIÓN	Indica algunha característica da monarquía visigoda	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB1.1.10. Procura información de interese (en libros e internet) sobre o mantemento cultural e artístico do legado romano na España actual, e elabora unha breve exposición.	1ª AVALIACIÓN	Busca información sobre o legado cultural e artístico de Roma na España actual	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB1.1.11. Representa unha liña do tempo desde 250 a.C. ata 711 d.C., e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	1ª AVALIACIÓN	Realiza unha liña temporal con algún acontecemento histórico entre o 250 a. C. Ata o 711	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB1.1.12. Partindo de fontes historiográficas, responde a cuestións ou situacións.	1ª AVALIACIÓN	Manexa fontes históricas	PROBA ESCRITA OU TAREFA
BLOQUE 2. A IDADE MEDIA: TRES CULTURAS E UN MAPA POLÍTICO EN CONSTANTE CAMBIO (711-1474)					
B2.1. Al-Andalus: conquista musulmá da Península; evolución política de Al-Andalus; revitalización económica e urbana; estrutura social; relixión, cultura e arte.	B2.1. Explicar a evolución dos territorios musulmáns na Península, describindo as súas etapas políticas e os cambios económicos, sociais e culturais que introduciron.	HEB2.1.1. Explica as causas da invasión musulmá e da súa rápida ocupación da Península.	1ª AVALIACIÓN	Indica algunha causa da invasión musulmá da P.I.	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB2.1.2. Representa unha liña do tempo desde 711 ata 1474 e sitúa nunha ringleira os principais acontecementos relativos a Al-Andalus e noutra os relativos aos reinos cristiáns.	1ª AVALIACIÓN	Realiza unha liña temporal con algún acontecemento de Al-Andalus	PROBA ESCRITA OU TAREFA

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO					
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo	Instrumento avaliación
		HEB2.1.3. Describe a evolución política de Al-Andalus.	1ª AVALIACIÓN	Describe brevemente a situación política de Al-Andalus	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB2.1.4. Resume os cambios económicos, sociais e culturais introducidos polos musulmáns en Al-Andalus.	1ª AVALIACIÓN	Resume algún cambio económico, social e cultural introducido polos musulmáns	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B2.2. Os reinos cristiáns do século XIII ao XV: evolución política; nacemento das Cortes. Os reinos cristiáns na baixa Idade Media (séculos XIV e XV); diferente evolución e organización política das coroas de Castela, Aragón e Navarra. Proceso de reconquista e repoboación.	B2.2. Explicar a evolución e configuración política dos reinos cristiáns, en relación co proceso de reconquista e o concepto patrimonial da monarquía.	HEB2.2.1. Describe as grandes etapas e as causas xerais que conducen ao mapa político da Península Ibérica ao remate da Idade Media.	1ª AVALIACIÓN	Indica as etapas e causas que conduciron ao mapa político da Península Ibérica ao remate da Idade Media	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB2.2.2. Explica a orixe das Cortes nos reinos cristiáns e as súas principais funcións.	1ª AVALIACIÓN	Explica a orixe das cortes nos reinos cristiáns	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB2.2.3. Compara a organización política da coroa de Castela, a de Aragón e o reino de Navarra ao remate da Idade Media.	1ª AVALIACIÓN	Compara a organización política da Coroa de Castela e a de Aragón	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB2.2.4. Comenta o ámbito territorial e as características de cada sistema de repoboación, así como as súas causas e as súas consecuencias.	1ª AVALIACIÓN	Indica as características de cada sistema de repoboación	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B2.3. Os reinos cristiáns na Idade Media: réxime señorial e sociedade estamental. Tensións sociais.	B2.3. Diferenciar as tres grandes fases da evolución económica dos reinos cristiáns durante toda a Idade Media (estancamento, expansión e crise), e sinalar os seus factores e as súas características.	HEB2.3.1. Describe as grandes fases da evolución económica dos territorios cristiáns durante a Idade Media.	1ª AVALIACIÓN	Indica as fases da evolución económica dos territorios cristiáns durante a Idade Media	PROBA ESCRITA OU TAREFA

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO					
Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo	Instrumento avaliación
B2.4. Os reinos cristiáns na Idade Media: do estancamento á expansión económica. Crises agraria e demográfica.	B2.4. Analizar a estrutura social dos reinos cristiáns e describir o réxime señorial e as características da sociedade estamental.	HEB2.4.1. Explica a orixe e as características do réxime señorial e a sociedade estamental no ámbito cristián.	1ª AVALIACIÓN	Explica a orixe e características do réxime señorial e sociedade estamental no ámbito cristián	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B2.5. O Camiño de Santiago. Unha cultura plural: cristiáns, musulmáns e xudeus. Manifestacións artísticas.	B2.5. Describir as relacións culturais de cristiáns, musulmáns e xudeus, e especificar as súas colaboracións e as influencias mutuas.	HEB2.5.1. Describe o labor dos centros de tradución.	1ª AVALIACIÓN	Indica como era a labor dos centros de tradución	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB2.5.2. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística do Camiño de Santiago, e elabora unha breve exposición.	1ª AVALIACIÓN	Busca información sobre a importancia do camiño de Santiago	PROBA ESCRITA OU TAREFA
BLOQUE 3. A FORMACIÓN DA MONARQUÍA HISPÁNICA E A SÚA EXPANSIÓN MUNDIAL (1474-1700)					
B3.1. Os Reis Católicos: unión dinástica de Castela e Aragón; reorganización do Estado; política relixiosa; conquista de Granada; descuberta de América; incorporación de Navarra; relacións con Portugal.	B3.1. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna, e identificar as reminiscencias medievais e os feitos salientables que abren o camiño á modernidade.	HEB3.1.1. Define o concepto de unión dinástica aplicado a Castela e Aragón en tempos dos Reis Católicos e describe as características do novo Estado.	1ª AVALIACIÓN	Define o concepto de unión dinástica aplicado a Castela e Aragón en tempos dos reis Católicos	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB3.1.2. Explica as causas e as consecuencias dos feitos máis relevantes de 1492.	1ª AVALIACIÓN	Indica as causas e consecuencias dos feitos máis destacados de 1492	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB3.1.3. Analiza as relacións dos Reis Católicos con Portugal e os obxectivos que perseguían.	1ª AVALIACIÓN	Analiza as relacións dos Reis Católicos e Portugal	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B3.2. Auxe do Imperio no século XVI: dominios de Carlos I e de Filipe II; modelo político dos Austrias; conflitos internos; conflitos	B3.2. Explicar a evolución e a expansión da monarquía hispánica durante o século XVI, diferenciando os reinados	HEB3.2.1. Compara os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II, e explica os problemas que provocaron.	1ª AVALIACIÓN	Compara os imperios territoriais de Carlos I e Filipe II	PROBA ESCRITA OU TAREFA

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO					
Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo	Instrumento avaliación
relixiosos no seo do Imperio; conflitos exteriores; exploración e colonización de América e do Pacífico; política económica respecto a América; a revolución dos prezos e o custo do Imperio.	de Carlos I e Filipe II.	HEB3.2.2. Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante o século XVI.	1ª AVALIACIÓN	Explica a expansión colonial en América e Pacífico	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB3.2.3. Analiza a política respecto a América no século XVI e as súas consecuencias para España, Europa e a poboación americana.	1ª AVALIACIÓN	Indica algúnha característica da política respecto América no s. XVI	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B3.3. Crise e decadencia do Imperio no século XVII: os validos; expulsión dos mouriscos; proxectos de reforma de Olivares; guerra dos Trinta Anos e perda da hexemonía en Europa en favor de Francia; rebelións de Cataluña e Portugal en 1640; Carlos II e o problema sucesorio; crise demográfica e económica.	B3.3. Explicar as causas e as consecuencias da decadencia da monarquía hispánica no século XVII, relacionando os problemas internos, a política exterior e a crise económica e demográfica.	HEB3.3.1. Describe a práctica do valemto e os seus efectos na crise da monarquía.	1ª AVALIACIÓN	Indica como era o funcionamento do Valemto	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB3.3.2. Explica os principais proxectos de reforma do Conde Duque de Olivares.	1ª AVALIACIÓN	Indica algún proxecto de reforma do Conde Duque de Olivares	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB3.3.3. Analiza as causas da guerra dos Trinta Anos e as súas consecuencias para a monarquía hispánica e para Europa.	1ª AVALIACIÓN	Indica algunha causa da guerra dos trinta anos e consecuencias	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB3.3.4. Compara e comenta as rebelións de Cataluña e Portugal de 1640.	1ª AVALIACIÓN	Comenta as rebelións de Cataluña e Portugal	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB3.3.5. Explica os principais factores da crise demográfica e económica do século XVII, e as súas consecuencias.	1ª AVALIACIÓN	Indica algún factores da crise demográfica do s. XVII	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB3.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1474 ata 1700, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	1ª AVALIACIÓN	Realiza unha liña temporal desde 1474-1700	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B3.4. Século de Ouro español: do Humanismo á Contrarreforma;	B3.4. Recoñecer as grandes achegas culturais e artísticas	HEB3.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e	1ª AVALIACIÓN	Busca información sobre algún pintor barroco español	PROBA ESCRITA OU TAREFA

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO					
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo	Instrumento avaliación
Renacemento e Barroco na literatura e na arte.	do Século de Ouro español, extraendo información de interese en fontes primarias e secundarias (en bibliotecas, internet, etc.).	elabora unha breve exposición sobre os seguintes pintores do Século de Ouro español: El Greco, Ribera, Zurbarán, Velázquez e Murillo.			
BLOQUE 4. ESPAÑA NA ÓRBITA FRANCESA: O REFORMISMO DOS PRIMEIROS BORBÓNS (1700-1788)					
B4.1. Cambio dinástico e Guerra de Sucesión: unha contenda civil e europea; a Paz de Utrecht e o novo equilibrio europeo; os pactos de familia con Francia.	B4.1. Analizar a Guerra de Sucesión española como contenda civil e europea, e explicar as súas consecuencias para a política exterior española e a nova orde internacional.	HEB4.1.1. Explica as causas da Guerra de Sucesión Española e a composición dos bandos en conflito.	1ª AVALIACIÓN	Indica algunha causa da Guerra de Sucesión Española e composición dos bandos	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB4.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1700 ata 1788, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	1ª AVALIACIÓN	Realiza unha liña temporal dende 1700-1788.	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB4.1.3. Detalla as características da nova orde europea xurdida da Paz de Utrecht e o papel de España nela.	1ª AVALIACIÓN	Indica algunha característica da nova Europa xurdida de Utrecht	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B4.2. Reformas institucionais: novo modelo de Estado; Administración en América; Facenda Real; relacións Igrexa-Estado.	B4.2. Describir as características do novo modelo de Estado, especificando o alcance das reformas promovidas polos primeiros monarcas da dinastía borbónica.	HEB4.2.1. Define os decretos de nova planta e explica a súa importancia na configuración do novo Estado borbónico.	1ª AVALIACIÓN	Define os decretos de nova Planta	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB4.2.2. Elabora un esquema comparativo do modelo político dos Austrias e dos Borbóns.	1ª AVALIACIÓN	Indica algunha característica do modelo político dos Austrias e dos Borbóns	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB4.2.3. Explica as medidas que adoptaron ou proxectaron os primeiros Borbóns para sanear a Facenda Real.	1ª AVALIACIÓN	Indica algunha medida realizada polos Borbóns para sanear a facenda real	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB4.2.4. Describe as relacións	1ª AVALIACIÓN	Indica como eran as relacións	PROBA ESCRITA OU TAREFA

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO					
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo	Instrumento avaliación
		Igrexa-Estado e as causas da expulsión dos xesuítas.		entre a Igrexa e o Estado	
B4.3. Economía e política económica: recuperación demográfica; problemas da agricultura, a industria e o comercio; liberalización do comercio con América.	B4.3. Comentar a situación inicial dos sectores económicos, detallando os cambios introducidos e os obxectivos da nova política económica.	HEB4.3.1. Compara a evolución demográfica do século XVIII coa da centuria anterior.	1ª AVALIACIÓN	Indica algunha característica da evolución demográfica do S. XVII	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB4.3.2. Desenvolve os principais problemas da agricultura e as medidas impulsadas por Carlos III neste sector.	1ª AVALIACIÓN	Indica cales eran os principais problemas da agricultura	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB4.3.3. Explica a política industrial da monarquía e as medidas adoptadas respecto ao comercio con América.	1ª AVALIACIÓN	Indica algunha característica da política industrial da monarquía	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B4.4. Engalaxe económica de Cataluña. Estancamento económico de Galicia.	B4.4. Explicar a engalaxe económica de Cataluña, en comparación coa evolución económica do resto de España.	HEB4.4.1. Especifica as causas da engalaxe económica de Cataluña no século XVIII.	1ª AVALIACIÓN	Indica algunha causa da engalaxe económica de Cataluña no S. XVIII	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B4.5. A Ilustración en España e Galicia: proxectistas, anovadores e ilustrados; despotismo ilustrado; novo concepto de educación; Sociedades Económicas de Amigos do País; prensa periódica.	B4.5. Expor os conceptos fundamentais do pensamento ilustrado, identificando as súas vías de difusión.	HEB4.5.1. Comenta as ideas fundamentais da Ilustración e define o concepto de despotismo ilustrado.	1ª AVALIACIÓN	Indica algunha idea fundamental da Ilustración e define despotismo ilustrado	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB4.5.2. Razona a importancia das Sociedades Económicas de Amigos do País e da prensa periódica na difusión dos valores da Ilustración.	1ª AVALIACIÓN	Indica a importancia das sociedades económicas de Amigos do País	PROBA ESCRITA OU TAREFA
BLOQUE 5. A CRISE DO ANTIGO RÉXIME (1788-1833): LIBERALISMO FRONTE A ABSOLUTISMO					
B5.1. Impacto da Revolución Francesa: relacións entre España e Francia; Guerra da Independencia.	B5.1. Analizar as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a	HEB5.1.1. Resume os cambios que experimentan as relacións entre España e Francia desde a	1ª AVALIACIÓN	Resume os cambios que experimentan as relacións entre España e Francia	PROBA ESCRITA OU TAREFA

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO					
Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo	Instrumento avaliación
	Guerra da Independencia, e especificar en cada fase os principais acontecementos e as súas repercusións para España.	<p>Revolución Francesa ata o comezo da Guerra de Independencia.</p> <p>HEB5.1.2. Describe a Guerra da Independencia: as súas causas, a composición dos bandos en conflito e o desenvolvemento dos acontecementos.</p>	1ª AVALIACIÓN	Describe a Guerra da Independencia	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B5.2. Primeiro intento de revolución liberal, Cortes de Cádiz e Constitución de 1812.	B5.2. Comentar o labor lexislador das Cortes de Cádiz, en relación co ideario do liberalismo.	HEB5.2.1. Compara as Cortes de Cádiz coas estamentais do Antigo Réxime.	1ª AVALIACIÓN	Indica algunha característica das Cortes de Cádiz	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB5.2.2. Comenta as características esenciais da Constitución de 1812.	1ª AVALIACIÓN	Indica algunha característica esencial da Constitución de 1812	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B5.3. Reinado de Fernando VII: restauración do absolutismo; trienio liberal; reacción absolutista.	B5.3. Describir as fases do reinado de Fernando VII, e explicar os principais feitos de cada unha.	HEB5.3.1. Detalla as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII.	1ª AVALIACIÓN	Detalla as fases do conflito entre liberais e absolutistas	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB5.3.2. Define o carlismo e resume a súa orixe e os apoios con que contaba inicialmente.	1ª AVALIACIÓN	Define o carlismo	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB5.3.3. Representa unha liña do tempo desde 1788 ata 1833 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	1ª AVALIACIÓN	Realiza unha liña temporal desde 1788-1833 e sitúa algún acontecemento histórico	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB5.3.4. Representa nun esquema as diferenzas, en canto a sistema político e estrutura social, entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués.	1ª AVALIACIÓN	Indica as diferenzas entre o Antigo Réxime e o Réxime liberal burgués	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B5.4. Emancipación da América española: protagonismo crioulo;	B5.4. Explicar o proceso de independencia das colonias	HEB5.4.1. Explica as causas e o desenvolvemento do proceso de	1ª AVALIACIÓN	Indica as causas do proceso de independencia das colonias	PROBA ESCRITA OU TAREFA

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO					
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo	Instrumento avaliación
fases do proceso; repercusións para España.	americanas, diferenciando as súas causas e as súas fases, así como as repercusións económicas para España.	independencia das colonias americanas.		americanas	
		HEB5.4.2. Especifica as repercusións económicas para España da independencia das colonias americanas.	1ª AVALIACIÓN	Indica as repercusións económicas para España da independencia das colonias americanas	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B5.5. A obra de Goya como testemuño da época.	B5.5. Relacionar as pinturas e os gravados de Goya cos acontecementos deste período, e identificar nelas o reflexo da situación e os feitos contemporáneos.	HEB5.5.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre Goya e elabora unha breve exposición sobre a súa visión da guerra.	1ª AVALIACIÓN	Busca información sobre Goya	PROBA ESCRITA OU TAREFA
BLOQUE 6. A CONFLICTIVA CONSTRUCCIÓN DO ESTADO LIBERAL (1833-1874)					
B6.1. O carlismo como derradeiro bastión absolutista: ideario e apoios sociais; as dúas primeiras guerras carlistas.	B6.1. Describir o fenómeno do carlismo como resistencia absolutista fronte á revolución liberal, analizando os seus compoñentes ideolóxicos, as súas bases sociais, a súa evolución no tempo e as súas consecuencias.	HEB6.1.1. Identifica o ámbito xeográfico do carlismo e explica o seu ideario e os seus apoios sociais.	1ª AVALIACIÓN	Identifica o ámbito xeográfico do carlismo	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB6.1.2. Especifica as causas e consecuencias das dúas primeiras guerras carlistas.	1ª AVALIACIÓN	Indica as causas e consecuencias das dúas primeiras guerras carlistas	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB6.1.3. Representa unha liña do tempo desde 1833 ata 1874 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	1ª AVALIACIÓN	Realiza unha liña temporal desde 1833-1874 con algún acontecemento importante	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B6.2. Triunfo e consolidación do liberalismo no reinado de Isabel II: primeiros partidos políticos; protagonismo político dos militares; lexislación económica de signo liberal; nova sociedade de	B6.2. Analizar a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II, explicar o protagonismo dos militares e especificando os	HEB6.2.1. Describe as características dos partidos políticos que xurdiron durante o reinado de Isabel II.	1ª AVALIACIÓN	Indica algunha característica dos partidos que xurdiron no reinado de Isabel II	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB6.2.2. Resume as etapas da evolución política do reinado de Isabel II desde a súa minoría de	1ª AVALIACIÓN	Indica as etapas da evolución política do reinado de Isabel II	PROBA ESCRITA OU TAREFA

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO					
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo	Instrumento avaliación
clases.	cambios políticos, económicos e sociais.	idade, e explica o papel dos militares.			
		HEB6.2.3. Explica as medidas de liberalización do mercado da terra levadas a cabo durante o reinado de Isabel II.	1ª AVALIACIÓN	Comenta algunha característica económica do reinado de Isabel II	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB6.2.4. Compara as desamortizacións de Mendizábal e Madoz, e especifica os obxectivos dunha e outra.	1ª AVALIACIÓN	Que foi a desamortización de Mendizábal e a de madoz	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB6.2.5. Especifica as características da nova sociedade de clases e compáraa coa sociedade estamental do Antigo Réxime.	1ª AVALIACIÓN	Indica algunha característica da sociedade de clases	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B6.3. Proceso constitucional.	B6.3. Explicar o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II, en relación coas correntes ideolóxicas dentro do liberalismo e a súa loita polo poder.	HEB6.3.1. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845.	1ª AVALIACIÓN	Indica algunha característica do Estatuto Real, constitución de 1837 e 1845	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B6.4. Sexenio Democrático: revolución de 1868 e caída da monarquía isabelina; procura de alternativas políticas e monarquía de Amadeo I; primeira República; guerra de Cuba, terceira guerra carlista e insurrección cantonal.	B6.4. Explicar o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas á monarquía isabelina, especificando os grandes conflitos internos e externos que desestabilizaron o país.	HEB6.4.1. Explica as etapas políticas do Sexenio Democrático.	2ª AVALIACIÓN	Indica as etapas políticas do Sexenio Democrático	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB6.4.2. Describe as características esenciais da Constitución democrática de 1869.	2ª AVALIACIÓN	Indica algunha característica da Constitución de 1869	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB6.4.3. Identifica os grandes conflitos do sexenio e explica as súas consecuencias políticas.	2ª AVALIACIÓN	Identifica os grandes conflitos do sexenio	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B6.5. Inicios do movemento obreiro	B6.5. Describir as condicións de	HEB6.5.1. Relaciona a evolución do	2ª AVALIACIÓN	Indica algunha peculiaridade do	PROBA ESCRITA OU TAREFA

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO					
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo	Instrumento avaliación
español: condicións de vida da poboación obreira e labrega; a Asociación Internacional de Traballadores e o xurdimento das correntes anarquista e socialista.	vida das clases traballadoras e os inicios do movemento obreiro en España, en relación co desenvolvemento do movemento obreiro internacional.	movemento obreiro español durante o Sexenio Democrático coa do movemento obreiro internacional.		movemento obreiro durante o sexenio democrático	
BLOQUE 7. A RESTAURACIÓN BORBÓNICA: IMPLANTACIÓN E AFIANZAMENTO DUN NOVO SISTEMA POLÍTICO (1874-1902)					
B7.1. Teoría e realidade do sistema canovista: inspiración no modelo inglés; a Constitución de 1876 e o bipartidismo; quenda de partidos, caciquismo e fraude electoral.	B7.1. Explicar o sistema político da Restauración, distinguindo a súa teoría e o seu funcionamento real.	HEB7.1.1. Explica os elementos fundamentais do sistema político ideado por Cánovas.	2ª AVALIACIÓN	Indica os elementos fundamentais do sistema ideado por Cánovas	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB7.1.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1876.	2ª AVALIACIÓN	Indica as características esenciais da constitución de 1876	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB7.1.3. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración.	2 AVALIACIÓN	Indica como era o funcionamento da Restauración	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB7.1.4. Representa unha liña do tempo desde 1874 ata 1902 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	2ª AVALIACIÓN	Realiza unha liña temporal desde 1874 ata 1902	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B7.2. Oposición ao sistema: catalanismo, nacionalismo vasco, rexionalismo galego e movemento obreiro.	B7.2. Analizar os movementos políticos e sociais excluídos do sistema, especificando a súa evolución durante o período estudado.	HEB7.2.1. Resume a orixe e a evolución do catalanismo, o nacionalismo vasco e o rexionalismo galego.	2ª AVALIACIÓN	Indica algunha característica dos nacionalismos periféricos	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB7.2.2. Analiza as correntes ideolóxicas do movemento obreiro e labrego español, así como a súa evolución durante o derradeiro cuarto do século XIX.	2ª AVALIACIÓN	Comenta algunha peculiaridade do movemento obreiro e labrego español	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B7.3. Éxitos políticos: estabilidade e consolidación do poder civil;	B7.3. Describir os principais logros do reinado de Afonso	HEB7.3.1. Compara o papel político dos militares no reinado de Afonso	2ª AVALIACIÓN	Comenta o papel dos militares no reinado de Afonso XII	PROBA ESCRITA OU TAREFA

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO					
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo	Instrumento avaliación
liquidación do problema carlista; solución temporal do problema de Cuba.	XII e a rexencia de María Cristina, inferindo as súas repercusións na consolidación do novo sistema político.	XII co das etapas precedentes do século XIX.			
		HEB7.3.2. Describe a orixe, o desenvolvemento e as repercusións da terceira guerra carlista.	2ª AVALIACIÓN	Explica algunha peculiaridade da terceira guerra carlista	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B7.4. Perda das derradeiras colonias e crise de 1898: guerra de Cuba e con Estados Unidos; Tratado de París; rexeneracionismo.	B7.4. Explicar o desastre colonial e a crise do 98, identificando as súas causas e as súas consecuencias.	HEB7.4.1. Explica a política española respecto ao problema de Cuba.	2ª AVALIACIÓN	Explica o problema de Cuba	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB7.4.2. Sinala os principais feitos do desastre colonial de 1898 e as consecuencias territoriais do Tratado de París.	2ª AVALIACIÓN	Indica algunha característica do desaste de 1898	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB7.4.3. Especifica as consecuencias para España da crise do 98 nos ámbitos económico, político e ideolóxico.	2ª AVALIACIÓN	Indica algunha das consecuencias da crise do 98	ACTIVIDADE INTEGRADA PROBA ESCRITA OU TAREFA
BLOQUE 8. CONTINUIDADE E TRANSFORMACIÓNS ECONÓMICAS NO SÉCULO XIX: UN DESENVOLVEMENTO INSUFICIENTE					
B8.1. Lento crecemento da poboación: mantemento dun réxime demográfico antigo; excepción de Cataluña.	B8.1. Explicar a evolución demográfica de España ao longo do século XIX, comparando o crecemento da poboación española no seu conxunto co de Cataluña e o dos países máis avanzados de Europa.	HEB8.1.1. Identifica os factores do lento crecemento demográfico español no século XIX.	2ª AVALIACIÓN	Explica a demografía española nos s. XIX	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB8.1.2. Compara a evolución demográfica de Cataluña coa do resto de España no século XIX.	2ª AVALIACIÓN	Compara a demografía de Cataluña co resto de España	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B8.2. Economía española no XIX: agricultura protexida e estancada (efectos das desamortizacións; baixos rendementos); deficiente industrialización (industria téxtil catalá, siderurxia e a minaría);	B8.2. Analizar os sectores económicos e especificar a situación herdada, as transformacións de signo liberal e as consecuencias que	HEB8.2.1. Explica os efectos económicos das desamortizacións de Mendizábal e Madoz.	2ª AVALIACIÓN	Indica os efectos da desamortización de Mendizabal e Madoz	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB8.2.2. Especifica as causas dos baixos rendementos da agricultura	2ª AVALIACIÓN	Indica algunha característica da agricultura española do S. XIX	PROBA ESCRITA OU TAREFA

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO

Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo	Instrumento avaliación
<p>dificultades dos transportes (condicionamentos xeográficos; rede de ferrocarrís); comercio (proteccionismo fronte a librecambismo); finanzas (a peseta como unidade monetaria; desenvolvemento da banca moderna; problemas da Facenda; investimentos estranxeiros. O caso galego.</p>	<p>se derivan delas.</p>	<p>española do século XIX.</p>			
		<p>HEB8.2.3. Describe a evolución da industria téxtil catalá, a siderurxia e a minaría ao longo do século XIX.</p>	<p>2ª AVALIACIÓN</p>	<p>Indica algunha característica da industria textil e siderurxia do S. XIX</p>	<p>PROBA ESCRITA OU TAREFA</p>
		<p>HEB8.2.4. Compara a revolución industrial española coa dos países máis avanzados de Europa.</p>	<p>2ª AVALIACIÓN</p>	<p>Indica as características industriais de España no contexto internacional</p>	<p>PROBA ESCRITA OU TAREFA</p>
		<p>HEB8.2.5. Relaciona as dificultades do transporte e o comercio interior cos condicionamentos xeográficos.</p>	<p>2ª AVALIACIÓN</p>	<p>Indica algunha característica do transporte e comercio interior</p>	<p>PROBA ESCRITA OU TAREFA</p>
		<p>HEB8.2.6. Explica os obxectivos da rede ferroviaria e as consecuencias da lei xeral de ferrocarrís de 1855.</p>	<p>2ª AVALIACIÓN</p>	<p>Indica algunha característica da rede ferroviaria</p>	<p>PROBA ESCRITA OU TAREFA</p>
		<p>HEB8.2.7. Compara os apoios, os argumentos e as actuacións de proteccionistas e librecambistas ao longo do século XIX.</p>	<p>2ª AVALIACIÓN</p>	<p>Indica algún aspecto das actuacións proteccionistas e librecambistas ao longo do S. XIX</p>	<p>PROBA ESCRITA OU TAREFA</p>
		<p>HEB8.2.8. Explica o proceso que conduciu á unidade monetaria e á banca moderna.</p>	<p>2ª AVALIACIÓN</p>	<p>Indica algún aspecto do proceso que conduciu á unidade monetaria e bancaria moderna</p>	<p>PROBA ESCRITA OU TAREFA</p>
		<p>HEB8.2.9. Explica a reforma Mon-Santillán da Facenda pública e os seus efectos.</p>	<p>2ª AVALIACIÓN</p>	<p>Indica que foi a reforma Mon-Santillán</p>	<p>PROBA ESCRITA OU TAREFA</p>
		<p>HEB8.2.10. Especifica como os investimentos en España de Francia e de Inglaterra afectaron o modelo de desenvolvemento económico español durante o século XIX.</p>	<p>2ª AVALIACIÓN</p>	<p>Indica a influencia dos investimentos estranxeiros</p>	<p>PROBA ESCRITA OU TAREFA</p>

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO					
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo	Instrumento avaliación
BLOQUE 9. A CRISE DO SISTEMA DA RESTAURACIÓN E A CAÍDA DA MONARQUÍA (1902-1931)					
B9.1. Intentos de modernización do sistema: revisionismo político dos primeiros gobernos de Afonso XIII; oposición de republicanos e nacionalistas cataláns, vascos, galegos e andaluces.	B9.1. Relacionar o rexeneracionismo xurdido da crise do 98 co revisionismo político dos primeiros gobernos, e especificar as súas actuacións máis importantes.	HEB9.1.1. Define en que consistiu o revisionismo político inicial do reinado de Afonso XIII, e as principais medidas adoptadas.	2ª AVALIACIÓN	Indica que foi o revisionismo político do reinado de Afonso III	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB9.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1902 ata 1931, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	2ª AVALIACIÓN	Realiza unha liña temporal desde 1902 ata 1931 e sitúa algún acontecemento importante	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB9.1.3. Elabora un esquema cos factores internos e externos da quebra do sistema político da Restauración.	2ª AVALIACIÓN	Realiza un breve esquema cons factores internos e externos que provocaron a quebra da Restauración	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B9.2. Quebra do sistema: impacto dos acontecementos exteriores (intervención en Marrocos; I Guerra Mundial; Revolución Rusa); crecente axitación social (Semana Tráxica de Barcelona; crise xeral de 1917; "trienio bolchevique" en Andalucía).	B9.2. Analizar as causas da quebra do sistema político da Restauración e identificar os factores internos e os externos.	HEB9.2.1. Especifica a evolución das forzas políticas de oposición ao sistema: republicanos e nacionalistas.	2ª AVALIACIÓN	Indica algún aspecto da evolución dos republicanos e nacionalistas	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB9.2.2. Explica as repercusións da Guerra Mundial e da Revolución Rusa en España.	2ª AVALIACIÓN	Indica algunha repercusión da Guerra Mundial e da Revolución Rusa en España	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB9.2.3. Analiza as causas, os principais feitos e as consecuencias da intervención de España en Marrocos entre 1904 e 1927.	2ª AVALIACIÓN	Indica as causas e consecuencias da intervención de España en Marrocos	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB9.2.4. Analiza a crise xeral de 1917: as súas causas, manifestacións e consecuencias.	2ª AVALIACIÓN	Comenta brevemente a crise xeral de 1917	PROBA ESCRITA OU TAREFA

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO					
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo	Instrumento avaliación
B9.3. Ditadura de Primo de Rivera: directorio militar e directorio civil; remate da guerra de Marrocos; caída da ditadura; afundimento da monarquía.	B9.3. Explicar a ditadura de Primo de Rivera como solución autoritaria á crise do sistema, e describir as súas características, etapas e actuacións.	HEB9.3.1. Especifica as causas do golpe de estado de Primo de Rivera e os apoios con que contou inicialmente.	2ª AVALIACIÓN	Indica as causas do Golpe de Estado de Primo de Rivera	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB9.3.2. Describe a evolución da ditadura de Primo de Rivera, desde o directorio militar ao directorio civil e o seu remate.	2ª AVALIACIÓN	Indica a evolución da ditadura de Primo de Rivera	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB9.3.3. Explica as causas da caída da monarquía.	2ª AVALIACIÓN	Indica algunha causa que provocou a caída da monarquía	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B9.4. Crecemento económico e cambios demográficos no primeiro terzo do século: efectos da Guerra Mundial na economía española; intervencionismo estatal da ditadura; transición ao réxime demográfico moderno; movementos migratorios; transvasamento de poboación da agricultura á industria.	B9.4. Explicar a evolución económica e demográfica no primeiro terzo do século XX, en relación coa situación herdada do século XIX.	HEB9.4.1. Analiza os efectos da I Guerra Mundial sobre a economía española.	2ª AVALIACIÓN	Indica algún efecto da Gran Guerra sobre a economía española	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB9.4.2. Describe a política económica da ditadura de Primo de Rivera.	2ª AVALIACIÓN	Indica algún aspecto da política económica da ditadura de Primo de Rivera	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB9.4.3. Explica os factores da evolución demográfica de España no primeiro terzo do século XX.	2ª AVALIACIÓN	Indica os factores da evolución demográfica no primeiro terzo do s. XX	PROBA ESCRITA OU TAREFA
BLOQUE 10. A II REPÚBLICA. A GUERRA CIVIL NUN CONTEXTO DE CRISE INTERNACIONAL (1931-1939)					
B10.1. A II República como solución democrática ao afundimento do sistema da Restauración.	B10.1. Explicar a II República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración, enmarcándoa no contexto internacional de crise económica e conflictividade social.	HEB10.1.1. Explica as causas que levaron á proclamación da II República e relaciona as súas dificultades coa crise económica mundial dos anos 30.	2ª AVALIACIÓN	Explica as causas da proclamación da II República	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB10.1.2. Diferencia as forzas de apoio e oposición á República nos seus comezos, e describe as súas razóns e as principais actuacións.	2ª AVALIACIÓN	Indica cales foron as forzas de apoio e oposición á República	PROBA ESCRITA OU TAREFA

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO

Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo	Instrumento avaliación
B10.2. Evolución política durante a II República: bienio reformista (Constitución de 1931; política de reformas; Estatuto de Cataluña; forzas de oposición á República); bienio radical-cedista (política restauradora e radicalización popular; revolución de Asturias); Fronte Popular (primeiras actuacións do Goberno; preparación do golpe militar).	B10.2. Diferenciar as etapas da República ata o comezo da Guerra Civil, especificando os feitos e as actuacións principais en cada unha.	HEB10.2.1. Resume as reformas impulsadas durante o bienio reformista da República.	2ª AVALIACIÓN	Indica algunha característica do bienio reformista	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB10.2.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1931.	2ª AVALIACIÓN	Indica algunha característica da Constitución de 1931	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB10.2.3. Analiza o proxecto de reforma agraria: as súas razóns, o seu desenvolvemento e os seus efectos.	2ª AVALIACIÓN	Indica algunha peculiaridade da reforma agraria	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB10.2.4. Compara as actuacións do bienio radical-cedista coas do bienio anterior.	2ª AVALIACIÓN	Indica algunha característica do bienio radical-cedista	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB10.2.5. Describe as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución de Asturias de 1934.	2ª AVALIACIÓN	Indica as causas e consecuencias da Revolución de Asturias de 1934	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB10.2.6. Explica as causas da formación da Fronte Popular e as actuacións tras o seu triunfo electoral, ata o comezo da guerra.	2ª AVALIACIÓN	Indica as causas da formación da Fronte Popular	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B10.3. Guerra Civil: sublevación e desenvolvemento da guerra; dimensión internacional do conflito; evolución das dúas zonas; consecuencias da guerra.	B10.3. Analizar a Guerra Civil, identificando as súas causas e as consecuencias, a intervención internacional e o curso dos acontecementos nas dúas zonas.	HEB10.3.1. Especifica os antecedentes da Guerra Civil.	3ª AVALIACIÓN	Indica os antecedentes da Guerra Civil	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB10.3.2. Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional.	3ª AVALIACIÓN	Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB10.3.3. Compara a evolución política e a situación económica dos dous bandos durante a guerra.	3ª AVALIACIÓN	Indica brevemente como era a evolución política e económica dos dous bandos	PROBA ESCRITA OU TAREFA

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO					
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo	Instrumento avaliación
		HEB10.3.4. Especifica os custos humanos e as consecuencias económicas e sociais da guerra.	3ª AVALIACIÓN	Explica as consecuencias económicas e sociais da guerra	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB10.3.5. Sintetiza nun esquema as grandes fases da guerra, desde o punto de vista militar.	3ª AVALIACIÓN	Realiza un esquema coas grandes fases da guerra	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB10.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1931 ata 1939, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	3ª AVALIACIÓN	Realiza unha liña do tempo desde 1931 ata 1939 e sitúa algún acontecemento relevante	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B10.4. Idade de Prata da cultura española: da xeración do 98 á do 36.	B10.4. Valorar a importancia da Idade de Prata da cultura española, e expor as achegas das xeracións e das figuras máis representativas.	HEB10.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a Idade de Prata da cultura española.	3ª AVALIACIÓN	Busca información sobre a Idade de Prata da cultura española	PROBA ESCRITA OU TAREFA
BLOQUE 11. A DITADURA FRANQUISTA (1939-1975)					
B11.1. Características e evolución do franquismo: postguerra (grupos ideolóxicos e apoios sociais do franquismo; oscilantes relacións co exterior; configuración política do novo Estado; represión política; autarquía económica); anos do "desenvolvemento" (plans de desenvolvemento e o crecemento económico; transformacións sociais; reafirmación política do réxime; política exterior; crecente oposición ao franquismo); fin do franquismo (inestabilidade política; dificultades exteriores; efectos da crise económica internacional de	B11.1. Analizar as características do franquismo e a súa evolución no tempo e especificar as transformacións políticas, económicas e sociais que se produciron, en relación coa cambiante situación internacional.	HEB11.1.1. Elabora un esquema cos grupos ideolóxicos e os apoios sociais do franquismo na súa etapa inicial.	3ª AVALIACIÓN	Realiza un esquema cos grupos ideolóxicos e apoios sociais do franquismo	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB11.1.2. Diferencia etapas na evolución de España durante o franquismo, e resume os trazos esenciais de cada unha.	3ª AVALIACIÓN	Indica as etapas na evolución de España durante o franquismo	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB11.1.3. Explica a organización política do Estado franquista.	3ª AVALIACIÓN	Explica a organización política do Estado franquista	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB11.1.4. Explica as relacións exteriores, a evolución política e a situación económica de España	3ª AVALIACIÓN	Indica algunha característica sobre a evolución política e económica de España desde o	PROBA ESCRITA OU TAREFA

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO					
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo	Instrumento avaliación
1973).		desde o remate da Guerra Civil ata 1959.		remate da Guerra Civil ata 1959	
		HEB11.1.5. Explica as relacións exteriores, a evolución política e as transformacións económicas e sociais de España desde 1959 ata 1973.	3ª AVALIACIÓN	Indica algunha característica das relacións exteriores e transformación económica e social de España desde 1959 ata 1973	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB11.1.6. Especifica as causas da crise final do franquismo desde 1973.	3ª AVALIACIÓN	Indica algunha das causas da crise final do franquismo desde 1973	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB11.1.7. Relaciona a evolución política do réxime cos cambios que se producen no contexto internacional.	3ª AVALIACIÓN	Relaciona a evolución do réxime en función do panorama internacional	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB11.1.8. Explica a política económica do franquismo nas súas etapas e a evolución económica do país.	3ª AVALIACIÓN	Indica algunha característica da política económica do franquismo	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB11.1.9. Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante os anos do franquismo, así como as súas causas.	3ª AVALIACIÓN	Indica algunha transformación que experimenta a sociedade española durante o franquismo	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB11.1.10. Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista e comenta a súa evolución no tempo.	3ª AVALIACIÓN		PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB11.1.11. Representa unha liña do tempo desde 1939 ata 1975, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	3ª AVALIACIÓN	Realiza unha liña temporal desde 1939 ata 1975 e sitúa algún acontecemento principal	PROBA ESCRITA OU TAREFA

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO					
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo	Instrumento avaliación
B11.2. Cultura española durante o franquismo: cultura oficial; cultura do exilio; cultura interior á marxe do sistema.	B11.2. Describir a diversidade cultural do período, distinguindo as súas manifestacións.	HEB11.2.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo.	3ª AVALIACIÓN	Busca información sobre a cultura do exilio durante o franquismo	PROBA ESCRITA OU TAREFA
BLOQUE 12. NORMALIZACIÓN DEMOCRÁTICA DE ESPAÑA E INTEGRACIÓN EN EUROPA (DESDE 1975)					
B12.1. Transición á democracia: crise económica mundial; alternativas políticas ao franquismo, continuísmo, reforma ou ruptura; o papel do Rei; a lei para a reforma política; primeiras eleccións democráticas.	B12.1. Describir as dificultades da transición á democracia desde o franquismo nun contexto de crise económica, e explicar as medidas que permitiron a celebración das primeiras eleccións democráticas.	HEB12.1.1. Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha.	3ª AVALIACIÓN	Comenta algunha das alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB12.1.2. Describe o papel desempeñado polo Rei durante a transición.	3ª AVALIACIÓN	Describe o pael desempeñado polo Rei durante a transición	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB12.1.3. Describe as actuacións impulsadas polo presidente de Gobierno Adolfo Suárez para a reforma política do réxime franquista: lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, etc.	3ª AVALIACIÓN	Indica algunhas actuacións realizadas polo presidente Adolfo Suárez	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB12.1.4. Explica as causas e os obxectivos dos Pactos da Moncloa.	3ª AVALIACIÓN	Explica que foron os pactos da Moncloa	PROBA ESCRITA OU TAREFA
B12.2. Período constituínte: Pactos da Moncloa; preautonomías de Cataluña e o País Vasco; Constitución de 1978 e Estado das autonomías. O caso de Galicia.	B12.2. Caracterizar o novo modelo de Estado democrático establecido na Constitución de 1978, especificando as actuacións previas encamiñadas a alcanzar o máis amplo acordo social e político.	HEB12.2.1. Explica o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e as súas características esenciais.	3ª AVALIACIÓN	Explica como se produce o proceso de elaboración da constitución de 1978	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB12.2.2. Describe como se estableceron as preautonomías de Cataluña e o País Vasco.	3ª AVALIACIÓN	Indica como se estableceron as preautonomías de Cataluña e País Vasco	PROBA ESCRITA OU TAREFA

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO

Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo	Instrumento avaliación
B12.3. Gubernos constitucionais: problema do terrorismo; golpe de Estado frustrado de 1981; ingreso na OTAN; plena integración en Europa.	B12.3. Analizar a evolución económica, social e política de España desde o primeiro Goberno constitucional de 1979 ata a aguda crise económica iniciada en 2008, sinalando as ameazas máis salientables ás que se enfronta e os efectos da plena integración en Europa.	HEB12.3.1. Elabora un esquema coas etapas políticas desde 1979 ata a actualidade, segundo o partido no poder, e sinala os principais acontecementos de cada unha delas.	3ª AVALIACIÓN	Realiza un esquema coas etapas políticas desde 1979 ata a actualidade	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB12.3.2. Comenta os feitos máis salientables do proceso de integración en Europa e as consecuencias para España desta integración.	3ª AVALIACIÓN	Indica como foi o proceso de integración en Europa e algunha consecuencia para España	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB12.3.3. Analiza a evolución económica e social de España desde a segunda crise do petróleo en 1979 ata o comezo da crise financeira mundial de 2008.	3ª AVALIACIÓN	Analiza brevemente a evolución económica e social de España desde 1979 ata a crise financeira de 2008	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB12.3.4. Analiza o impacto da ameaza terrorista sobre a normalización democrática de España, describe a xénese e evolución das organizacións terroristas que actuaron desde a transición democrática ata os nosos días (ETA, GRAPO, etc.) e reflexiona sobre outros temas relacionados: a cidadanía ameazada, os movementos asociativos de vítimas, a mediación en conflitos, etc.	3ª AVALIACIÓN	Indica cal foi o impacto da ameaza terrorista sobre a normalización democrática de España	PROBA ESCRITA OU TAREFA
		HEB12.3.5. Representa unha liña do tempo desde 1975 ata os nosos días, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	3ª AVALIACIÓN	Realiza unha liña temporal dende 1975 ata os nosos días e sitúa algún acontecemento importante	PROBA ESCRITA OU TAREFA

HISTORIA DE ESPAÑA. 2º DE BACHARELATO					
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao Mínimo	Instrumento avaliación
B12.4. Papel de España no mundo actual.	B12.4. Resumir o papel de España no mundo actual, especificando a súa posición na Unión Europea e as súas relacións con outros ámbitos xeopolíticos.	HEB12.4.1. Explica a posición e o papel da España actual na Unión Europea e no mundo.	3ª AVALIACIÓN	Indica cal é o pael da España actual na Unión Europea e o mundo	PROBA ESCRITA OU TAREFA

5.- METODOLOXÍA

Aspectos xerais

Sendo o obxectivo último o achegamento do alumnado ós feitos e procesos histórico- xeográficos, combinaranse metodoloxías integradoras acordes ó principio de aprendizaxe costrutiva. Os contidos traballaranse gradualmente, partindo da competencia inicial do alumnado reflectida na avaliación inicial, priorizando as actividades de tipo procedemental, especialmente no comezo do curso, para asegurar unhas bases sólidas para o resto do tempo. O enfoque estará claramente orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.

Coa finalidade de conseguir eses obxectivos potenciaremos as actividades participativas, aquelas nas que o alumnado teña que esforzarse por usar a súa capacidade de análise, imaxinación e cooperación. Poderase combinar o traballo cooperativo co traballo individual, sen esquecer a diversidade presente na aula, con alumnos de diversas capacidades e ritmos de aprendizaxe. As TIC tamén estarán presentes na aula medida en que os recursos o permitan.

Estratexias metodolóxicas

- Organización dos contidos por medio de esquemas e síntesis, o máis sinxelo, ata lograr a realización de organigramas e mapas conceptuais Corrección na expresión cunha linguaxe específica da disciplina.
- Comprensión dos contidos dentro dun proceso continuo de construción dos coñecementos. elaboración de traballos de indagación a partir de fontes diversas (escritas, mapas, imaxes, audiovisuais, informática...)
- Resolución de problemas diversos a través de debates, argumentacións.
- Creación de material TIC por parte do alumnado.

Exemplo de secuenciación de traballo na aula

Motivación:

- Actividade de exploración de ideas e coñecementos previos.
- Formulación de cuestións que promovan o interese

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado.
- Explicación oral significativa, apoiándose no libro de texto, en presentacións, audiovisuais,... para unha mellor reconstrución conceptual histórica.
- Subliñado de ideas-eixe que vertebran de xeito coherente a evolución e os cambios en aspectos fundamentais

Traballo persoal:

- Comprensión de conceptos e contidos clave.
- Lectura e comprensión de textos.
- Análise de documentos, pequenas investigacións, etc.

Avaliación:

- Análise de producións: caderno, mapas, comentarios, etc.
- Exposicións orais.
- Probas escritas.
- Traballos individuais ou en grupo.
- Observación do traballo na aula.

- Presentación da actividade con mapas, gráficos, textos, fotos, etc.

- Tratamento de fontes documentais que se consideren necesarias, sexan tomadas do libro de texto ou aportadas polo docente, a fin de
- Fomentar os procedementos de indagación e comprensión
- Fomento da participación, a reflexión e a confrontación de ideas.
- Información complementaria para reforzo e apoio.
- Información complementaria para afondamento e ampliación, a criterio do profesorado.

- Resposta a preguntas.
- Comentario de documentos, mapas, imaxes, etc.
- Elaboración de mapas, gráficas, sínteses ou mapas conceptuais.

6.- Materiais e recursos didácticos:

Como recurso principal, o libro de texto utilizado é o da Editorial SANTILLANA OBRADOIRO.

Por outro lado para a comprensión dos temas serán necesarios:

- Fontes documentais históricas e historiográficas seleccionadas polo profesor.
- Prensa
- Imaxes. Diapositivas, fotografías, debuxos, tanto do libro de texto como procedente doutras fontes, aportados polo profesor, buscados polos alumnos, consultados en Internet ou na biblioteca. Consideramos que o uso de imaxes axuda a fixar coñecementos, sobre todo cando se trata de estudar un marco temporal e cultural tan dilatado.
- Gráficas, mapas históricos ou temáticos, moitos deles poderán estar realizados polos propios alumnos a través das ferramentas TIC.
- Para determinadas actividades precisarase ordenador con acceso a internet (busca de información, realización de exercicios, exposicións de PowerPoint, etc.)
- Proxector e pantalla.
- Aulavirtual do IES onde se colgarán todos os recursos: criterios de corrección da ABAU, preguntas-tipo dos temas anteriores ao século XIX, vocabulario esixido...

Os grupos contan coa súa propia aula na que se dispón do material informático preciso (pizarra dixital, proxector e ordenador).

7.- CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A cualificación final trimestral será expresada en números enteiros de 1 a 10. Para superar a materia, o alumno ou alumna deberá obter unha nota de 5 "SUFICIENTE".

Para cualificar empregaremos tres instrumentos de avaliación principais:

- PROBAS ESCRITAS
- ACTIVIDADES OU TAREFAS TRIMESTRAIS REALIZADAS DE FORMA INDIVIDUAL OU EN GRUPO

No apartado de concreción para cada estándar de aprendizaxe, no instrumento de avaliación aparecen os dous. A concreción do instrumento ou instrumentos empregados para cada estándar de aprendizaxe concretaranse na PROGRAMACIÓN DE AULA.

Os criterios sobre a cualificación para este nivel educativo constará:

- **80%** da cualificación final corresponde ós estándares de aprendizaxe medibles obxectivamente a través das probas de coñecemento, que serán un mínimo de dúas por trimestre
- **20%** da cualificación final corresponde a estándares de aprendizaxe avaliados a partir de actividades/tarefas realizadas polo alumno, relacionadas con algún bloque de contidos que obrigue o alumno a traballar diversas competencias ó mesmo tempo.

Para avaliar a través dos diferentes instrumentos de avaliación empregaremos unha serie de indicadores de logro que permitan ó alumno saber o que se está avaliando en todo momento e o profesorado expresar unha nota obxectiva. Daquela potenciaremos o uso de rúbricas coa posibilidade de empregar tanto os modelos expostos para actividades específicas como as aportadas pola CIUG no caso de avaliar tipoloxías de preguntas que formen parte das probas de ABAU. Estas últimas poden consultarse na web do grupo de traballo da CIUG.

INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DUNHA PROBA ESCRITA

	EXCELENTE	MOI SATISFACTORIO	SATISFACTORIO	BÁSICO	ESCASO	
PRECISIÓN NAS RESPONSTAS	Todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión	Case todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión	Poucas respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas non desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	80%
PRESENTACIÓN	Todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude	Case todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	A maioría das respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	Poucas respostas están presentadas con limpeza e pulcritude	A maioría das respostas non están presentadas con limpeza e pulcritude	10%
GRAMÁTICA E ORTOGRAFÍA	Non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez.	Case non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez.	Hai dous erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto ten algunha dificultade para entenderse.	Hai tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto enténdese con dificultade.	Hai máis de tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto non se entende.	10%

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A RESOLUCIÓN INDIVIDUAL DE ACTIVIDADES

	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	ESCASO	
NÚMERO DE EXERCICIOS RESOLTOS	Realiza o 90 % dos exercicios que se propoñen.	Realiza entre o 90 e o 80% dos exercicios que se propoñen	Realiza entre o 80 e o 70% dos exercicios que se propoñen	Realiza entre o 70 e o 60% dos exercicios que se propoñen	Realiza menos do 60% dos exercicios que se propoñen	10%

PROCEDEMENTO E RESULTADOS DOS EXERCICIOS RESOLTOS	Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao organizadamente e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao pouco organizado e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento, detállao, non o organiza e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento e obtén o resultado correcto	Non desenvolve o procedemento e non obtén o resultado correcto.	70%
PRESENTACIÓN E LIMPEZA	O traballo está presentado con pulcritude e limpeza	O traballo está presentado con pulcritude pero ten un risco.	O traballo está presentado con pulcritude pero ten dous ou tres riscos.	O traballo ten dobreces e máis de tres riscos.	O traballo está presentado con un gran número de dobreces e riscos.	10%
TEMPO DE ENTREGA	A entrega realízase na data indicada	A entrega realízase cun día de atraso	A entrega realízase con dous días de atraso.	A entrega realízase con tres días de atraso.	A entrega realízase despois de pasados tres días da data indicada	10%

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A REDACIÓN E PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ESCRITOS EN GRUPO OU INDIVIDUAIS

	EXCELENTE	MOI SATISFACTORIO	SATISFACTORIO	BASICO	ESCASO	
REDACCIÓN	O traballo está ben estruturado e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión	O traballo está ben estruturado nun 80% e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	O traballo está ben estruturado nun 50% e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	O traballo está ben estruturado nun 50% pero non cumpre coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	O traballo non está estruturado e ten introdución, desenvolvemento e conclusión	10%
ORTOGRAFÍA	O texto non presenta erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática)	O texto ten menos de 3 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten entre 4 e 6 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten entre 6 e 10 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten máis de 10 erros ortográficos	10%

EXTENSIÓN	O exercicio escrito adáptase á extensión esixida (2, 3 ou 4 páxinas).	O exercicio escrito presenta media páxina máis da extensión esixida	O exercicio escrito presenta unha páxina máis da extensión esixida.	O exercicio escrito presenta dúas páxinas máis da extensión esixida	O exercicio escrito presenta máis de dúas páxinas da extensión esixida	5%
CONTIDO E ARGUMENTO DE IDEAS	Trátase o contido que se pediu. Presenta ideas ben argumentadas e sen erros.	Nalgúns parágrafos non se trata nada do contido que se pediu. Presenta ideas ben argumentadas pero con algún erro.	Un 60% do texto non ten relación co contido que se pediu. Presenta ideas que argumenta con debilidade.	Algúns parágrafos fan alusión ao tema pedido. Presenta ideas sen argumentar	Só se menciona o tema pedido, pero non se trata. Non presenta ideas e as que presenta non están argumentadas.	60%
PRESENTACIÓN E LIMPEZA	O traballo está presentado con pulcritude e limpeza.	O traballo está presentado con pulcritude pero ten un risco.	O traballo está presentado con pulcritude pero ten dous ou tres riscos	O traballo ten dobreces e máis de tres riscos.	O traballo está presentado con un gran número de dobreces e riscos.	5%
TEMPO DE ENTREGA	A entrega realízase na data indicada.	A entrega realízase cun día de atraso	A entrega realízase con dous días de atraso.	A entrega realízase con tres días de atraso.	A entrega realízase despois de pasados tres días da data indicada.	10%

PROBAS DE RECUPERACIÓN DAS PROBRAS ESCRITAS

7.1.- CUALIFICACIÓN E MECANISMOS DE RECUPERACIÓN

Para superar esta materia, o alumnado debe obter unha nota media igual ou superior a 5 puntos en cada avaliación trimestral. O alumnado que non acadase dita cualificación, terá a posibilidade de realizar unha proba de recuperación ó comezo da avaliación inmediatamente posterior á suspena, que será anunciada con suficiente antelación, na que se avaliará unha serie de estándares de aprendizaxe da avaliación suspena. No caso de que o alumno tivera unha cualificación negativa debido a unha mala execución das tarefas trimestrais propostas, daráselle a opción de entregar de novo as actividades e non realizar a proba de coñecementos escrita.

Procedemento de avaliación extraordinaria

Todos aqueles alumnos e alumnas que non superaran a materia, terán unha última recuperación no mes de maio por medio dunha **única proba final de recuperación** na que o alumnado só se examinará da avaliación/avaliacións non superadas. **En xuño**, o alumnado que non tivese promocionado en maio fará unha proba **da totalidade da materia**, sexan as que sexan as avaliacións suspensas ó longo do curso.

Para superar a materia na proba de avaliación extraordinaria o alumno ou alumna deberá acadar unha puntuación igual ou superior a 5 puntos na proba global escrita.

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Conforme ao establecido no decreto 86/2015, no artigo 21, apartado 3, o profesor avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.

Na presente programación establécense os seguintes indicadores de logro a analizar despois de cada avaliación trimestral:

- **Temporalización:**

Analizarase a conformidade da distribución horaria dos contidos impartidos, reflectindo a dimensión e as posibles causas do incumprimento da previsión establecida.

- **Tarefas e materiais didácticos:**

Analizarase a pertinencia e problemas detectados na execución de actividades e uso de materiais, así como a incorporación de elementos relevantes non previstos inicialmente.

- **Progresión de resultados acadados na avaliación dos estándares:**

Darase conta das variacións nos resultados acadados polo alumnado e sinalaranse posibles causas que motiven tanto a evolución positiva como negativa. Farase unha estatística do logro de cada estándar a nivel global de grupo.

Indicadores de logro do proceso de ensino

ESCALA: 1.- DEFICIENTE 2.- APTO 3.- SATISFACTORIO 4.- EXCELENTE

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente

ESCALA: 1.- DEFICIENTE 2.- APTO 3.- SATISFACTORIO 4.- EXCELENTE

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

9.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Non procede nesta materia.

10.- ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO

Non procede nesta materia.

11.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCIA DOS SEUS RESULTADOS

Cada novo curso unha parte dos alumnos/as correspondentes a cada profesor/a renóvase, xurdindo a necesidade de establecer o nivel de coñecementos que posúen e que vai operar como punto de partida no proceso de ensinanza-aprendizaxe do presente curso.

Cabe falar dun nivel grupal que viría ser un nivel promedio estándar, e tamén dos niveis individuais propios de cada un dos alumnos/as en particular.

As ferramentas empregadas para establecer a avaliación inicial serán:

- Análise do expediente académico previo.
- Observación e análise do traballo na aula.
- Proposta de traballo específico puntual de contraste de xeito ben oral, ben escrito.
- Abrir un breve período de observación (de 3 a 5 días) presumindo un nivel ideal e a vista dos resultados chegar a conclusións ao respecto.
- Someter aos alumnos/as a una proba obxectiva oral ou escrita formal.

Tendo en consideración os resultados que proporcionen os anteditos medios procederíase á toma de decisións (todos estes acordos tomaranse na sesión de avaliación inicial que se programa desde a dirección ao comezo de cada curso escolar) que poderían incluír a entrega de materiais de reforzo e complementarios, o repaso de contidos básicos e necesarios, a realización de actividades para traballar as competencias básicas e contidos mínimos ou o deseño dun plan de reforzo permanente.

12.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Conforme ao establecido no artigo 7 do Decreto 86/2015, prestaráselles os recursos didácticos e atención máis individualizada posible ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

As medidas a tomar polo profesor estarán coordinadas co departamento de orientación e terán en conta o historial académico e a colaboración e diálogo coas familias.

As medidas de atención á diversidade están encamiñadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e a consecución das competencias básicas/clave e dos obxectivos do Bacharelato.

Un dos obxectivos principais dun ensino de calidade é ofrecer unha aproximación á diversidade do alumnado, dado que hai diferenzas tanto nos seus intereses como capacidades e ritmos de aprendizaxe. A atención á diversidade considerarase en tres niveis ou planos:

- Programación

Dado que o alumnado non presenta un nivel de coñecementos homoxéneo, asegurárase que todos alcancen un nivel mínimo de contidos e desenvolvan os estándares de aprendizaxe que lle corresponda, permitindo ao mesmo tempo que o alumnado mais avantaxado poida ampliar os seus coñecementos. Tamén, ao longo do curso, poderán realizarse adaptacións curriculares seguindo os criterios marcados polo Departamento de Orientación.

- Metodoloxía

Partindo do coñecemento previo do nivel de cada alumno e alumna, as actividades de ensino-aprendizaxe deberán adaptarse á capacidade do alumnado, tanto no que se refire ao contido como no ritmo de realización das mesmas. Para alumnos/as con dificultades poderán utilizarse exercicios moi sinxelos e sobre aspectos básicos. Para os mais avantaxados elaboraranse exercicios nos que prime a utilización dunha metodoloxía baseada, en boa medida, na indagación para conseguir así unha ampliación dos coñecementos adquiridos.

13.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA

Ao longo do curso, e no desenvolvemento da materia, iremos traballando coñecementos transversais que se abordarán na aula xunto aos contidos:

-Comprensión lectora (CL).

-Expresión oral e escrita (EOE).

-Comunicación audiovisual (CA).

-Tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).

-Emprendemento (EM).

-Igualdade de xénero e prevención da violencia de xénero (IXPV).

-Resolución pacífica de conflitos (RPC).

-Liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo, democracia, Dereitos humanos, respecto ás persoas con discapacidade (LXID).

-Traballo en equipo (TE).

14.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POR CADA DEPARTAMENTO DIDÁCTICO (previstas e suxeitas a modificación en función da dispoñibilidade)

Aparecen recollidas nos aspectos comúns da programación.

15.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Recollido nos aspectos comúns da programación.

9.-XEOGRAFÍA - 2º DE BACHARELATO

1.- INTRODUCCIÓN

A ensinanza da Xeografía, como materia propia da modalidade do Bacharelato de 2º, Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia; D.O.G. do 29 de xuño de 2015, e baseado na [Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa](#), LOMCE, preséntase agora, con esta nova lei, como materia troncal de opción. A súa presenza no currículo está xustificada tanto polo seu obxecto de estudo, o espazo xeográfico, como pola utilización de variadas fontes de información e de elementos fundamentais da investigación e do método científico.

A xeografía ocúpase especificamente do espazo, as paisaxes e as actividades que se desenvolven sobre o territorio, e analiza a relación entre a natureza e a sociedade, así como as súas consecuencias. Ten como obxectivo a comprensión do territorio, produto da interrelación de múltiples factores, e, ademais, que o alumnado poida explicar a realidade xeográfica española, con especial atención ao territorio galego, como referente e identidade próxima. Grazas a este coñecemento adquirido, a xeografía pode transmitir a idea de responsabilidade dentro da sociedade, posto que o ser humano é o principal axente de transformación do medio natural: desta maneira, a materia de Xeografía participa moi profundamente na formación en valores no eido dos principios do desenvolvemento sustentable e o medio, como recurso escaso e non renovable.

O uso dos instrumentos propios desta disciplina (entre outros a cartografía, e imaxes ou estatísticas de distinto tipo) achega a posibilidade de analizar e realizar interpretacións globais, sistemáticas e integradas da realidade, identificar as unidades territoriais, as paisaxes, e os resultados da actividade humana para poder coñecer e comprender o espazo. Deste xeito, a materia de Xeografía proposta neste curso ten como obxectivos fundamentais dar unha interpretación global e interrelacionada de cada fenómeno xeográfico, e ofrecer os mecanismos que sirvan para dar respostas e explicacións aos problemas do territorio español; unhas aprendizaxes que leven á comprensión da coevolución socioecolóxica dos territorios.

A distribución de contidos que se propón pretende afianzar os coñecementos sobre xeografía adquiridos na ESO e, por outra banda, afondar no coñecemento da ciencia xeográfica para proporcionar as conexións con opcións posteriores.

A xeografía de España non pode concibirse só na diversidade que lle proporcionan as comunidades autónomas, senón que é necesario coñecer ademais as interdependencias que a vinculan co resto do mundo, en especial coa Unión Europea (UE), xa que estes aspectos teñen a súa tradución nos procesos de organización do territorio. Os conxuntos espaciais cos que o noso país se relaciona (UE, áreas xeograficamente próximas e outras zonas do mundo cuxos aspectos políticos, sociais e económicos manteñen relacións con España) inclúense nun tema final que contextualizará España nas súas relacións coa UE e co resto do mundo. Ademais, a través destes coñecementos rescátanse os aspectos aprendidos polo alumnado que non deben perderse.

Os primeiros temas conteñen os coñecementos básicos para a construción do coñecemento xeográfico do país e para explicar a variedade de paisaxes de España.

A materia é rica en achegas ao desenvolvemento competencial. A competencia clave matemática e, moi especialmente, as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía están moi presentes, xa que en xeografía se require abordar aprendizaxes de feitos e procedementos propios das ciencias da terra ou da estatística. Do mesmo xeito, a competencias sociais e cívicas reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos propios da xeografía como o desenvolvemento sustentable, que ademais é un elemento transversal ao longo da etapa. Pola súa banda, as competencias lingüística e dixital (fronte á realidade ineludible da universalización da cartografía dixital e o tratamento cotiá das imaxes satélite), e a de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais da competencia (saber ser) e na de coñecemento procedemental.

Finalmente, o tratamento metodolóxico da materia debe axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. A materia de Xeografía permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de forma especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Bloque 8. As fontes de enerxía e o espazo industrial.

Bloque 9. O sector servizos.

Bloque 10. O espazo urbano.

Bloque 11. Formas de organización territorial.

Bloque 12. España en Europa e no mundo.

Primeira avaliación: Bloques 1,2,3,4,5 (correspondencia coas unidades do libro de texto: 1,2,3).

Segunda avaliación: Bloques 5,6,7,8,9 (correspondencia coas unidades do libro de texto: 4,5,6,8,7).

Terceira avaliación: Bloques 10,11,12 (correspondencia coas unidades do libro de texto: 9,10,11,12).

B) GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA DE XEOGRAFÍA

Tendo en conta que os contidos anteriormente expostos pertencen a unha materia dun nivel de ensinanza non obrigatorio e de orientación maioritaria, aínda que non exclusiva, cara á universidade, os contidos mínimos serán os mesmos ao igual que os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe a conseguir.

Non entanto, tamén nesta etapa cabe establecer un certo grao de flexibilidade e adaptación á diversidade existente no alumnado, tendo en conta as capacidades do mesmo á hora de avaliar os coñecementos e traballos realizados. Ademais os contidos han de ser organizar dunha maneira clara e estruturada, de modo que sexa posible a súa lectura e aprendizaxe a distintos niveis de profundidade.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua, entendéndose esta como o seguimento constante do proceso de aprendizaxe. Os instrumentos de avaliación empregados serán as probas escritas, os traballos individuais ou en grupo, a observación directa na aula ou as rúbricas. O alumno será cualificado, polo tanto, tendo en conta os seguintes aspectos:

Probas Escritas

- Unha/dúas probas escritas teórico-prácticas por trimestre na que se deberá demostrar o nivel de coñecementos adquiridos durante o mesmo e a correcta aplicación dos mesmos na análise de fontes e documentos xeográficos. Estas probas representarán o **80%** da nota da avaliación.
- A estrutura destas probas escritas será a marcada polas probas específicas da ABAU.
- Haberá unha proba de recuperación escrita teórico-práctica por trimestre que se realizará nunha data achegada á avaliación non superada, facilitando así o labor de aprendizaxe do alumnado e evitando unha acumulación excesiva da materia. Nesta proba de recuperación o alumnado acudirá coa parte non aprobada
- Unha única proba final de recuperación en maio, se ben os alumnos-as acudiran a dita proba só cos estándares de aprendizaxe das avaliacións non superados.
- En xuño o alumnado realizará unha proba da totalidade da materia, sexan as que sexan as avaliacións suspensas ao longo do curso; poderase escoller entre dúas opcións A e B no devandito exame.

Outros aspectos dos procedementos e instrumentos de avaliación:

- A utilización correcta dos contidos xeográficos e estándares de aprendizaxe.
- A realización de traballos individuais ou en grupo que se lle encomenden ao longo do trimestre, demostrando así que emprega correctamente a información recibida.
- A presentación e claridade nos exercicios escritos.
- Representarán o **20%** restante da nota da avaliación a realización de **actividades** ou **tarefas**.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA DE XEOGRAFÍA

A metodoloxía empregada para a exposición das distintas unidades será sempre práctica, combinando no desenvolvemento das clases a exposición do soporte teórico coas actividades prácticas e exercicios de amplo repertorio: análise de fontes cartográficas, estatísticas, gráficas e bosquejos, bloques diagrama, vídeos, textos, etc.

Para este proceder o profesor facilitará ao alumnado o material didáctico que se relaciona: manuais e libros de consulta, textos xeográficos, cartografías, gráficas, esquemas de estudio que o alumnado ordenará nun caderno de traballo. Tamén se empregarán os medios audiovisuais dispoñibles no Departamento e na internet.

A exposición teórica dos contidos, acompañada dunha abundante documentación gráfica, ten como obxectivo mostrarlle ao alumnado diversas formas de obter e presentar a información, facilitar a comprensión dos contidos e permitir traballar os procedementos característicos do método xeográfico. A tal fin preséntase necesario proporcionarlle ao alumnado as pautas necesarias para analizar, interpretar e comentar sistematicamente as distintas fontes xeográficas (mapas, textos, bloques diagrama, táboas estatísticas, etc). Esta análise e explicación potenciará a comprensión da multicausalidade de maneira que o alumnado se achegue á complexidade da nosa realidade xeográfica. Por último, a exposición teórica e práctica tamén será completada con traballos e debates sobre realidades xeográficas cercanas ao alumnado.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR

a) Libros de texto:

Xeografía, 2º de Bacharelato.

Mª Concepción Muñoz Delgado

Ed. Anaya

b) Libros de consulta:

- da Biblioteca do Centro

- do propio Departamento

c) Material reprográfico:

- Fotocopias de esquemas, bosquejos, gráficas, fotografías, elaborados polo docente ou do Departamento de Xeografía e Historia.

- Fotocopias de artigos, xornais, revistas de interese xeográfico ou de temas actuais.

d) Material informático:

- Ordenadores das aulas de informática.

- Canón proxector da aula.

- Programas informáticos de ensinanza asistidos por ordenador (Google Earth...)

- Presentacións PowerPoint elaboradas polo profesor ou Departamento. e) Espazos

- Aula

- Posibles saídas programadas, traballo de campo, que lle permiten ao alumnado entrar en contacto directo coa temática xeográfica obxecto de

estudo e, ao tempo, observar a realidade do mundo como fonte de coñecemento.

7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A cualificación final trimestral será expresada en números enteiros de 1 a 10. Para superar a materia, o alumno ou alumna deberá obter unha nota de 5 “SUFICIENTE”.

Para cualificar empregaremos os seguintes instrumentos de avaliación:

Probas Escritas

- Unha/dúas probas escritas teórico-prácticas por trimestre na que se deberá demostrar o nivel de coñecementos adquiridos durante o mesmo e a correcta aplicación dos mesmos na análise de fontes e documentos xeográficos. Estas probas representarán o 80% da nota da avaliación.

- A estrutura destas probas escritas será a marcada polas probas específicas da ABAU.

- Unha proba de recuperación escrita teórico-práctica por trimestre que se realizará nunha data achegada á avaliación non superada, facilitando así o labor de aprendizaxe do alumnado e evitando unha acumulación excesiva da materia. Nesta proba de recuperación o alumnado acudirá coa parte non aprobada.

Procedemento de avaliación extraordinaria

Todos aqueles alumnos e alumnas que non superaran a materia, terán unha última recuperación no mes de maio por medio dunha **única proba final de recuperación** na que o alumnado só se examinará da avaliación/avaliacións non superadas. **En xuño**, o alumnado que non tivese promocionado en maio realizará unha proba **da totalidade da materia**, sexan cales sexan as avaliacións suspensas ao longo do curso.

Para superar a materia na proba de avaliación extraordinaria o alumno/a deberá acadar unha puntuación igual ou superior a 5 puntos na proba global escrita.

Outros aspectos e instrumentos de avaliación:

- A utilización correcta dos contidos xeográficos propios dos estándares de aprendizaxe.

- A realización de traballos individuais ou en grupo que se lle encomenden ao longo do trimestre, demostrando así que emprega correctamente a información recibida.
- A presentación e claridade nos exercicios escritos.

Para avaliar a través dos diferentes instrumentos de avaliación empregaremos unha serie de indicadores de logro que permitirán ao alumno saber que se está avaliando en todo momento e o profesorado expresar unha nota obxectiva.

INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DUNHA PROBA ESCRITA

	SOBRESALIENTE 9-10 EXCELENTE	NOTABLE 7-8 MOI AVANZADO	BEN 6-7 SATISFACTORIO	SUFICIENTE 5 BÁSICO	INSUFICIENTE 1 a 4 ESCASO
PRECISIÓN NAS RESPOSTAS	Todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	Case todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	Poucas respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas non desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.
PRESENTACIÓN	Todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	Case todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	A maioría das respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	Poucas respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	A maioría das respostas non están presentadas con limpeza e pulcritude.
VOLUME DE RESPOSTAS	Todas as preguntas están respondidas.	Respondeu polo menos o 90% das preguntas.	Respondeu polo menos o 80% das preguntas.	Respondeu polo menos o 70% das preguntas.	Respondeu menos do 70% das preguntas.

INDICADORES DE LOGRO PARA A RESOLUCIÓN INDIVIDUAL DE EJERCICIOS E ACTIVIDADES

	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	ESCASO	
NÚMERO DE EXERCICIOS RESOLTOS E TEMPO DE ENTREGA	Realiza o 90 % dos exercicios que se propoñen. A entrega realízase na data indicada.	Realiza entre o 90 e o 80% dos exercicios que se propoñen. A entrega realízase cun día de atraso.	Realiza entre o 80 e o 70% dos exercicios que se propoñen. A entrega realízase con dous días de atraso.	Realiza entre o 70 e o 60% dos exercicios que se propoñen. A entrega realízase con tres días de atraso.	Realiza menos do 60% dos exercicios que se propoñen. A entrega realízase despois de tres días da data.	30%
PROCEDEMENTO E RESULTADO DOS EXERCICIOS RESOLTOS	Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao organizadamente e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao pouco organizado e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento, detállao, non organiza e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento e obtén o resultado correcto.	Non desenvolve o procedemento e non obtén o resultado correcto.	70%

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A REDACCIÓN E PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ESCRITOS EN GRUPO OU INDIVIDUAIS

INDICADOR	1	2	3	4	5	
REDACCIÓN E ORTOGRAFÍA	O traballo está ben estruturado e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión. O texto non presenta erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O traballo está ben estruturado nun 80% e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión. O texto ten menos de 3 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O traballo está ben estruturado nun 50% e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión. O texto ten entre 4 e 6 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O traballo está ben estruturado nun 50% pero non cumpre coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión. O texto ten entre 6 e 10 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O traballo non está estruturado e non ten introdución, desenvolvemento e conclusión. O texto ten máis de 10 erros ortográficos.	20%
CONTIDO E ARGUMENTACIÓN DE IDEAS	Presenta ideas ben argumentadas e sen erros. Presenta ideas ben argumentadas e sen erros.	Nalgúns parágrafos non se trata nada do contido que se pediu. Presenta ideas ben argumentadas pero con algún erro.	Un 60% do texto non ten relación co contido que se pediu. Presenta ideas que argumenta con debilidade.	Algúns parágrafos fan alusión ao tema pedido. Presenta ideas sen argumentar.	Só se menciona o tema pedido, pero non se trata. Non presenta ideas e as que presenta non están argumentadas.	70%
TEMPO DE ENTREGA	A entrega realízase na data indicada.	A entrega realízase cun día de atraso.	A entrega realízase con dous días de atraso.	A entrega realízase con tres días de atraso.	A entrega realízase despois de pasados tres días da data indicada.	10%

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Conforme ao establecido no decreto 86/2015, no artigo 21, apartado 3, o profesor avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.

Na presente programación establécense os seguintes indicadores de logro a analizar despois de cada avaliación trimestral:

Temporalización: Analizarase a conformidade da distribución horaria dos contidos impartidos, reflectindo a dimensión e as posibles causas do incumprimento da previsión establecida.

Tarefas e materiais didácticos: Analizarase a pertinencia e problemas detectados na execución de actividades e uso de materiais, así como a incorporación de elementos relevantes non previstos inicialmente.

Progresión de resultados acadados na avaliación dos estándares: Darase conta das variacións nos resultados acadados polo alumnado e sinalaranse posibles causas que motiven tanto a evolución positiva como negativa. Farase unha estatística do logro de cada estándar a nivel global de grupo.

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

9.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Xa tratada nos aspectos comúns da programación, consultar no ANEXO I cales son os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe da LOMCE polos que o alumnado de 2º de BAC, -tanto ordinario como de adultos- coa materia pendente de Xeografía ten dereito a ser avaliado.

10.- ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO

Recollido nos aspectos comúns da programación.

11.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Recollido nos aspectos xerais da programación.

12.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Recollido nos aspectos comúns da programación.

13.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO DE 2º DE BACHARELATO DE XEOGRAFÍA

Ao longo do curso, e no desenvolvemento da materia, iremos traballando coñecementos transversais que se abordarán na aula xunto aos contidos:

Comprensión lectora (CL).

Expresión oral e escrita (EOE).

Comunicación audiovisual (CA).

Tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).

Emprendemento (EM).

Igualdade de xénero e prevención da violencia de xénero (IXPV).

Resolución pacífica de conflitos (RPC).

Liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo, democracia, Dereitos humanos, respecto ás persoas con discapacidade (LXID).

Traballo en equipo (TE).

14.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POR CADA DEPARTAMENTO DIDÁCTICO (previstas e suxeitas a modificación en función da dispoñibilidade).

Aparecen recollidas nos aspectos comúns da programación pero neste curso concreto poderían realizarse saídas de interese a lugares cuns espazos naturais e recursos xeoeconómicos moi determinados. Un destes lugares, aproveitando o emprazamento do Instituto, podería ser o entorno da praia de Bascuas e a Lanzada, nas Rías Baixas . Non entanto, a necesidade de impartir na súa totalidade o programa da materia dificulta bastante a realización destas actividades.

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Recollido nos aspectos comúns da programación.

10.-HISTORIA DA ARTE - 2º DE BACHARELATO

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

En HISTORIA DA ARTE, o alumnado está distribuído nun só grupo. O nivel económico das familias do alumnado é diverso, baixo, medio e medio-alto.

A aula de referencia para impartir esta materia conta cun ordenador con conexión a internet, con canón proxector ou cunha pizarra dixital. Ademais, o centro dispón de aulas de informática para realizar actividades coas que potenciar a competencia dixital.

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A LOMCE fai da adquisición das competencias clave un dos obxectivos fundamentais da educación en todas as etapas. Enténdese por competencia a capacidade de poñer en práctica, de forma integrada, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais en contextos e situacións diferentes.

De acordo co marco europeo, esta lei distingue sete competencias clave e concrépanse, posteriormente, as que se van traballar nesta materia de Historia da Arte de 2º de bacharelato:

2.1. Para os efectos deste decreto, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- a) **Comunicación lingüística (CCL).** Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar coas outras persoas de maneira oral ou escrita.
- b) **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).** A primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científica para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanas empregando a técnica.
- c) **Competencia dixital (CD).** Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información, nunha “curación de contidos”.
- d) **Aprender a aprender (CAA).** É unha das principais competencias clave, xa que implica que o alumno desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de maneira individual ou colaborativa para acadar un obxectivo.
- e) **Competencias sociais e cívicas (CSC).** Fan referencia ás capaciadades para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social e cívica.

f) **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**. Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos. Non se traballa especificamente en 1º curso da ESO.

g) **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**. Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.

De todos os xeitos, e relacionado coa breve formulación anterior, a descrición detallada das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato está establecida de conformidade na **D 86/2015**, polo que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave

Os perfís de competencia son un conxunto de indicadores de avaliación (desglosados do criterio de avaliación) das diferentes áreas e materias que se relacionan con ela e refliten en que medida contribúe cada unha ao desenvolvemento das competencias.

Os perfís fanse acompañar de rúbricas para avalialos. As **rúbricas** indican o grao de consecución de cada un dos estándares. Por exemplo, podemos asignar un valor 1 se o estudante non fixo a tarefa ou non sabe resolvela; Insuficiente; 2 cando se aproxime pero aínda queden obxectivos para superar; 3 Suficiente-Ben; 4 Notable e Sobresaliente.

Perfil competencial dos estándares de historia da arte:

PERFIL DA COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

HAB1.1.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas
HAB1.1.3. Describe os tipos de templo grego, con referencia ás características arquitectónicas e a decoración escultórica.
HAB1.4.1. Explica as características esenciais da arte romana e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas
HAB1.4.3. Describe as características e funcións dos principais tipos de edificio romanos
HAB1.4.7. Describe as características xerais dos mosaicos e a pintura en Roma a partir dunha fonte histórica ou historiográfica.
HAB1.6.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas romanas: Maison Carrée de Nimes, Panteón de Roma, teatro de Mérida,

Coliseo de Roma, basílica de Maxencio e Constantino en Roma, ponte de Alcántara, acueduto de Segovia, arco de Tito en Roma e columna de Traxano en Roma.
HAB1.6.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas romanas: Augusto de Prima Porta, estatua ecuestre de Marco Aurelio, relevo do Arco de Tito (detalle dos soldados co candelabro e outros obxectos do Templo de Xerusalén) e relevo da columna de Traxano
HAB2.1.1. Explica as características esenciais da arte paleocristiá e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas
HAB2.1.2. Describe a orixe, a características e a función da basílica paleocristiá
HAB2.1.3. Describe as características e función dos baptisterios, mausoleos e "martiria" paleocristiáns, e as súas partes.
HAB2.2.1. Explica as características esenciais da arte bizantina a partir de fontes históricas ou historiográficas.
HAB2.2.2. Explica a arquitectura bizantina a través da igrexa de Santa Sofía de Constantinopla.
HAB2.3.1. Identifica, analiza e comenta o mosaico do Cortexo da emperatriz Teodora en San Vital de Rávena
HAB2.5.3. Explica as características da escultura e a pintura románicas, con especial referencia á iconografía
HAB2.8.1. Describe as características xerais da arte gótica a partir de fontes históricas ou historiográficas.
HAB2.8.2. Describe as características e a evolución da arquitectura gótica e especifica os cambios introducidos respecto á románica
HAB2.8.5. Explica as innovacións da pintura flamenga do século XV e cita algunhas obras dos seus principais representantes
HAB2.10.2. Identifica, analiza e comenta o grupo da Anunciación e a Visitación da catedral de Reims.
HAB2.10.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas góticas: escena de "A fuxida a Exipto", de Giotto, na Capela Scrovegni de Padua, "Matrimonio Arnolfini", de Jan Van Eyck, "O descenso da cruz", de Roger van der Weyden, e o "Xardín das Delicias, de Hieronymus Bosch.
HAB2.11.1. Explica as características e evolución da arte románica e gótica en España.
HAB2.11.3. Describe os trazos esenciais da mesquita e o pazo islámico
HAB2.12.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas románicas: San Vicente de Cardona (Barcelona), San Martín de Frómista e a catedral de Santiago de Compostela.
HAB2.12.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas románicas: "A dúbida de San Tomé", no ángulo do claustro de San Domingos de Silos (Burgos), "Última cea" do capitel historiado do claustro de San Xoán da Peña (Huesca) e fachada de Praterías e Pórtico da Gloria da catedral de Santiago.
HAB2.12.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas murais románicas: bóveda da Anunciación aos pastores no Panteón Real de San Isidoro de León, e ábsida de San Clemente de Tahull (Lleida).
HAB2.12.4. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas góticas: fachada occidental e interior da catedral de León, interior da catedral de Barcelona, e interior da igrexa de San Xoán dos Reis, de Toledo
HAB2.12.5. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas góticas: tímpano da Portada do Sarmental da catedral de Burgos, e retablo de Gil de Siloé, na Cartuxa de Miraflores (Burgos).
HAB2.12.6. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras hispanomusulmás: Mesquita de Córdoba, Aljafería de Zaragoza, Giralda de Sevilla e Alhambra de Granada
HAB3.1.1. Explica as características esenciais do Renacemento italiano e a súa periodización a partir de fontes históricas ou historiográficas

HAB3.1.6. Explica a peculiaridade da pintura veneciana do Cinquecento e cita os artistas máis representativos
HAB3.3.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento italiano: cúpula de Santa María das Flores e interior da igrexa de San Lorenzo, ambas en Florencia e de Brunelleschi; pazo Médici-Riccardi en Florencia, de Michelozzo; fachada de Santa María Novella e do pazo Rucellai, ambos en Florencia e de Alberti; templo de San Pietro in Montorio en Roma, de Bramante; cúpula e proxecto de planta de San Pedro do Vaticano, de Michelangelo; Il Gesù en Roma, de Giacomo della Porta e Vignola; Villa Capra (Villa Rotonda) en Vicenza, de Palladio.
HAB3.3.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Renacemento italiano: primeiro panel da "Porta do Paraíso" (da creación do mundo á expulsión do Paraíso), de Ghiberti; "Gattamelata", de Donatello; "Piedade" do Vaticano, "David", "Moisés" e as tumbas mediceas, de Michelangelo; "O rapto das sabinas", de Giambologna.
HAB3.3.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Renacemento italiano: "O tributo da moeda" e A "Trindade", de Masaccio; "Anunciación" do Convento de San Marcos en Florencia, de Fra Angelico; "Madonna do Duque de Urbino", de Piero della Francesca; "A Virxe das rochas", "A última cea" e "A Gioconda", de Leonardo da Vinci; "A Escola de Atenas" de Rafael; a bóveda e o "Xuízo Final" da Capela Sixtina, de Michelangelo; "A tempestade", de Giorgione; "Venus de Urbino" e "Carlos V en Mühlberg", de Tiziano; "O lavatorio", de Tintoretto; "As vodas de Caná", de Veronés.
HAB3.5.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento español: fachada da Universidade de Salamanca; pazo de Carlos V na Alhambra de Granada, de Pedro Machuca; mosteiro de San Lorenzo de El Escorial, de Juan de Herrera
HAB3.5.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas do Renacemento español: "Sacrificio de Isaac" do retablo de San Bieito de Valladolid, de Alonso Berruguete; "Santo enterro", de Juan de Juni
HAB3.5.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas de El Greco: "O expolio", "A Santa Liga" ou "Adoración do nome de Xesús", "O martirio de San Mauricio", "O enterro do Señor de Orgaz", "A adoración dos pastores", "O cabaleiro da man no peito
HAB3.8.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco europeo do século XVII: fachada de San Pedro do Vaticano, de Carlo Maderno; columnata da praza de San Pedro do Vaticano, de Bernini; San Carlos das Catro Fontes en Roma, de Borromini; Pazo de Versalles, de Le Vau, J.H. Mansart e Le Nôtre.
HAB3.8.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas de Bernini: "David", "Apolo" e "Dafne", "A éxtase de Santa Teresa", "Cátedra de San Pedro
HAB3.8.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Barroco europeo do século XVII: "Vocación de San Mateo" e "Morte da Virxe", de Caravaggio; "Triunfo de Baco e Ariadna", na bóveda do pazo Farnese de Roma, de Annibale Carracci; "Adoración do nome de Xesús", bóveda de Il Gesù en Roma, de Gaulli (Il Baciccia); "Adoración dos Magos", "As tres Grazas" e "O xardín do Amor", de Rubens; "A lección de anatomía do doutor Tulpy", "A rolda nocturna", de Rembrandt.
HAB3.9.3. Explica as características xerais da pintura española do século XVII.
HAB3.9.4. Describe as características e evolución da pintura de Velázquez a través dalgunhas das súas obras máis significativas
HAB3.10.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco español do século XVII: Praza Maior de Madrid, de Xoán Gómez de Mora; Retablo de Santo Estevo de Salamanca, de Churriguera
HAB3.10.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Barroco español do século XVII: "Piedad", de Gregorio Fernández; "Inmaculada do facistol", de Alonso Cano; "Magdalena penitente", de Pedro de Mena

HAB3.10.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas españolas do Barroco español do século XVII: "Martirio de San Filipe", "O soño de Xacob" e "O zambro", de Ribera; "Bodegón" do Museo do Prado, de Zurbarán; "O augador de Sevilla, "Os borrachos", "A fragua de Vulcano", "A rendición de Breda", "O Príncipe Baltasar Carlos a cabalo", "A Venus do espello", "As meninas" e "As fiandeiras", de Velázquez; "A Sagrada Familia do paxariño", "A Inmaculada de El Escorial", "Os nenos da concha" e "Nenos xogando aos dados", de Murillo.
HAB3.11.1. Explica o século XVIII como época de coexistencia de vellos e novos estilos artísticos nun contexto histórico de cambios profundos.
HAB3.11.3. Explica as razóns do xurdimento do Neoclasicismo e as súas características xerais en arquitectura, escultura e pintura
HAB3.11.4. Comenta a escultura neoclásica a través da obra de Canova.
HAB3.11.7. Explica a figura de Salzillo como derradeiro representante da imaxinaría relixiosa española en madeira policromada.
HAB3.12.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do século XVIII: fachada do Hospicio de San Fernando de Madrid, de Pedro de Ribera; fachada do Obradoiro da catedral de Santiago de Compostela, de Casas e Novoa; Pazo Real de Madrid, de Juvara e Sacchetti; Panteón de París, de Soufflot; Museo do Prado en Madrid, de Juan de Villanueva.
HAB3.12.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas do século XVIII: "A oración no horto", de Salzillo; "Eros e Psique" e "Paulina Bonaparte", de Canova
HAB3.12.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de David: "O xuramento dos Horacios" e "A morte de Marat".
HAB4.1.1. Analiza a evolución da obra de Goya como pintor e gravador, desde a súa chegada á Corte ata o seu exilio final en Bordeos
HAB4.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Goya: "O parasol", "A familia de Carlos IV", "O 2 de maio de 1808 en Madrid" ("A loita cos mamelucos"), "Os fusilamentos do 3 de maio de 1808"; desastre nº 15 ("E non hai remedio") da serie "Os desastres da guerra"; "Saturno devorando un fillo" e "A leiteira de Bordeos".
HAB4.3.3. Explica as características do neoclasicismo arquitectónico durante o Imperio de Napoleón.
HAB4.3.5. Explica as características e principais tendencias da arquitectura modernista
HAB4.3.6. Especifica as achegas da Escola de Chicago á arquitectura.
HAB4.3.7. Describe as características e os obxectivos das remodelacións urbanas de París, Barcelona e Madrid na segunda metade do século XIX.
HAB4.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: templo da Madalena en París, de Vignon; Parlamento de Londres, de Barry e Pugin; Auditorio de Chicago, de Sullivan e Adler; torre Eiffel de París; templo da Sagrada Familia en Barcelona, de Gaudí.
HAB4.5.1. Describe as características do Romanticismo na pintura e distingue entre o romanticismo da liña de Ingres e o romanticismo da cor de Gericault e Delacroix.
HAB4.5.3. Explica o Realismo e a súa aparición no contexto dos cambios sociais e culturais de mediados do século XIX.
HAB4.5.6. Define o concepto de postimpresionismo e especifica as achegas de Cézanne e Van Gogh como precursores das grandes correntes artísticas do século X
HAB4.5.7. Explica o Simbolismo de finais do século XIX como reacción fronte ao Realismo e ao Impresionismo.
HAB4.6.1. Explica os cambios que se producen no século XIX nas relacións entre artistas e clientes, referidos á pintura
HAB4.7.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do século XIX: "O baño turco", de Ingres; "A balsa da Medusa", de Gericault; "A liberdade

guiando o pobo", de Delacroix; "O carro de feo", de Constable; "Chuvia, vapor e velocidade", de Turner; "O enterro de Ornans", de Courbet; "O ánxelus", de Millet; "Almorzo sobre a herba", de Manet; "Impresión, sol nacente" e a serie sobre a Catedral de Ruán, de Monet; "Le Moulin de la Galette", de Renoir; "Unha tarde de domingo na Grande Jatte", de Seurat; "Xogadores de cartas" e "Mazás e laranxas", de Cézanne; "A noite estrelada" e "O segador", de Van Gogh; "Visión despois do sermón" e "O mercado" ("Ta matete"), de Gauguin.
HAB4.8.2. Explica as características da renovación escultórica emprendida por Rodin.
HAB4.9.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Rodin: "O pensador" e "Os burgueses de Calais"
HAB5.1.1. Define o concepto de vangarda artística en relación co acelerado ritmo de cambios na sociedade da época e a liberdade creativa dos/das artistas iniciada na centuria anterior.
HAB5.1.2. Describe a orixe e as características do Fauvismo.
HAB5.1.3. Describe o proceso de xestación e as características do Cubismo, distinguindo entre o Cubismo analítico e o sintético
HAB5.1.6. Describe o proceso de xestación e as características da pintura abstracta, distingue a vertente cromática e a xeométrica, e especifica algunhas das súas correntes máis significativas, como o Suprematismo ruso ou o Neoplasticismo.
HAB5.1.7. Describe as características do Dadaísmo como actitude provocadora nun contexto de crise.
HAB5.1.8. Explica a orixe, as características e os obxectivos do Surrealismo.
HAB5.1.9. Explica a importancia dos pintores españois Picasso, Miró e Dalí no desenvolvemento das vangardas artísticas.
HAB5.1.10. Explica a renovación temática, técnica e formal da escultura na primeira metade do século XX, distinguindo as obras relacionadas coas vangardas pictóricas e as que utilizan recursos ou linguaxes independentes
HAB5.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "A alegría de vivir", de Matisse; "As señoritas de Aviñón", "Retrato de Ambroise Vollard", "Natureza morta con cadeira de reixa de cana" e "Guernica", de Picasso; "A cidade que emerxe", de Boccioni; "O berro", de Munch; "A rúa", de Kirchner; "Lírica" e "Sobre branco II", de Kandinsky; "Cadrado negro", de Malevich; "Composición II", de Mondrian; "L.H.O.O.Q.", de Duchamp; "O elefante das Celebes", de Ernst; "A chave dos campos", de Magritte; "O entroido de Arlequín" e "Mulleres e paxaros á luz da lúa", de Miró; "O xogo lúgubre" e "A persistencia da memoria", de Dalí.
HAB5.2.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas: "O profeta", de Gargallo; "Formas únicas de continuidade no espazo", de Boccioni; "Fonte", de Duchamp; "Muller peiteándose ante un espello", de Xulio González; "Mademoiselle Pogany I", de Brancusi; "Lagosta, nasa e cola de peixe", de Calder; "Figura reclinada", de Henry Moore.
HAB5.3.1. Explica o proceso de configuración e os trazos esenciais do Movemento Moderno en arquitectura.
HAB5.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: edificio da Bauhaus en Dessau (Alemaña), de Gropius; pavillón de Alemaña en Barcelona, de Mies van der Rohe; Vila Saboia en Poissy (Francia), de Le Corbusier; casa Kaufman (Casa da Cascada), de Frank Lloyd Wright.
HAB6.1.2. Explica as razóns do mantemento e a difusión internacional do Movemento Moderno en arquitectura.
HAB6.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "Unité d'habitation" en Marsella, de Le Corbusier; edificio Seagram en Nova York, de M. van der Rohe e Philip Johnson; o museo Guggenheim de Nova York, de F. Lloyd Wright; a Casa da Ópera de Sydney, de J. Utzon; o centro Pompidou de París, de R. Piano e R. Rogers; o AT & T Building de Nova York, de Philip Johnson; o museo Guggenheim de Bilbao, de F. O. Gehry.

HAB6.3.1. Explica e compara o Informalismo europeo e o Expresionismo abstracto norteamericano.
HAB6.3.2. Explica a abstracción postpictórica
HAB6.3.3. Explica o Minimalismo.
HAB6.3.4. Explica a arte cinética e a Op-Art.
HAB6.3.5. Explica a arte conceptual.
HAB6.3.6. Explica a Arte Povera.
HAB6.3.8. Explica en que consisten as seguintes manifestacións de arte non duradeira: Happening, Body Art e Land Art.
HAB6.3.9. Describe os formulacións xerais da posmodernidade, referida ás artes plásticas
HAB6.4.1. Identifica o autor e a corrente artística (non necesariamente o título), e analiza e comenta as seguintes obras: "Pintura" (Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid), de Tapes; "Grito nº 7", de Antonio Saura; "One: number 31, 1950", de J. Pollock; "Ctesiphon III", de F. Stella; "Equivalente VIII", de Carl André; "Vega 200", de Vasarely; "Unha e tres cadeiras", de J. Kosuth; "Iglú con árbore", de Mario Merz; "Marilyn Monroe" (serigrafía de 1967), de A. Warhol; "O Papa que berra" (estudo a partir do retrato do Papa Inocencio X), de Francis Bacon; "A Gran Vía madrileña en 1974", de Antonio López.
HAB6.5.1. Explica brevemente o desenvolvemento dos novos sistemas visuais e as características da súa linguaxe expresiva: fotografía, cartel, cine, cómic, producións televisivas, videoarte e arte por computador.
HAB6.6.1. Especifica as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para a creación artística e para a difusión da arte.
HAB6.7.1. Define o concepto de cultura visual de masas, e describe os seus trazos esenciais.
HAB7.1.1. Utiliza con corrección a terminoloxía específica das artes en exposicións orais e escritas.

PERFIL DA COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER

HAB1.1.2. Define o concepto de orde arquitectónica e compara as tres ordes da arquitectura grega.
HAB1.3.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas gregas: Partenón, Tribuna das Cariátides do Erecteion, templo de Atenea Niké e teatro de Epidauró.
HAB1.3.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas gregas: Kouros de Anavysos, Auriga de Delfos, Discóbolo (Mirón), Doríforo (Policleto), unha metopa do Partenón (Fidias), Hermes con Dioniso neno (Praxíteles), Apoxiomenos (Lisipo), Vitoria de Samotracia, Venus de Milo e friso do altar de Zeus en Pérgamo (detalle de Atenea e Gea).
HAB1.4.4. Compara o templo e o teatro romanos cos respectivos gregos
HAB1.4.6. Especifica as innovacións da escultura romana en relación coa grega
HAB2.1.4. Explica a evolución da pintura e o mosaico na arte paleocristiá, con especial referencia á iconografía.
HAB2.2.3. Describe as características do mosaico bizantino e dos temas iconográficos do Pantocrátor e a Virxe e a Déesis, así como a súa influencia na

arte occidental.
HAB2.4.2. Identifica e clasifica razoadamente no seu estilo as seguintes obras: San Pedro da Nave (Zamora), Santa María do Naranco (Oviedo), San Miguel da Escalada (León), Santa Comba de Bande e San Miguel de Celanova (Ourense).
HAB2.5.1. Describe as características xerais da arte románica a partir de fontes históricas ou historiográficas
HAB2.5.2. Describe as características e as función das igrexas e dos mosteiros na arte románica.
HAB2.7.1. Identifica, analiza e comenta as esculturas románicas do Xuízo Final no tímpano de Santa Fe de Conques (Francia)
HAB2.8.3. Describe as características e a evolución da escultura gótica, e especifica as súas diferenzas tipolóxicas, formais e iconográficas respecto á escultura románica.
HAB2.10.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas góticas: fachada occidental da catedral de Reims, interior da planta superior da Sainte Chapelle de París
HAB2.11.2. Explica as características xerais da arte islámica a partir de fontes históricas ou historiográficas.
HAB2.14.2. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables de arte medieval que se conservan en Galicia.
HAB3.1.2. Especifica as características da arquitectura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo
HAB3.1.5. Compara a pintura italiana do Quattrocento coa dos pintores góticos flamengos contemporáneos
HAB3.4.2. Describe a evolución da arquitectura renacentista española.
HAB3.4.3. Explica a peculiaridade da escultura renacentista española.
HAB3.4.4. Explica as características da pintura de El Greco a través dalgunhas das súas obras máis representativas
HAB3.6.2. Especifica as diferenzas entre a concepción barroca da arte e a renacentista
HAB3.6.3. Compara a arquitectura barroca coa renacentista.
HAB3.6.4. Explica as características xerais do urbanismo barroco
HAB3.6.5. Compara a escultura barroca coa renacentista a través da representación de " <i>David</i> " por Michelangelo e por Bernini
HAB3.6.8. Especifica as peculiaridades da pintura barroca flamenga e holandesa.
HAB3.9.1. Explica as características do urbanismo barroco en España e a evolución da arquitectura española durante o século XVII.
HAB3.9.2. Explica as características da imaxinaría barroca española do século XVII e compara a escola castelá coa andaluza.
HAB3.11.2. Compara o Barroco tardío e o Rococó, e especifica a diferente concepción da vida e a arte que encerran.
HAB3.11.5. Especifica as posibles coincidencias entre o Neoclasicismo e o Romanticismo na pintura de David.
HAB3.11.6. Distingue entre a corrente tradicional e a clasicista da arquitectura barroca española do século XVIII.
HAB3.14.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte dos séculos XVI ao XVIII que se conservan en Galicia.
HAB4.1.2. Compara a visión de Goya nas series de gravados "Os caprichos" e "Os disparates ou proverbios".
HAB4.3.1. Describe as características e a evolución da arquitectura do ferro no século XIX, en relación cos avances e as necesidades da revolución industrial.

HAB4.3.2. Explica as diferenzas entre enxeñeiros e arquitectos na primeira metade do século XIX.
HAB4.5.2. Compara as visións románticas da paisaxe en Constable e Turner.
HAB4.10.1. Realiza un traballo de investigación sobre as exposicións universais do século XIX e a súa importancia desde o punto de vista arquitectónico.
HAB4.11.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte do século XIX que se conservan en Galicia.
HAB6.1.3. Distingue e describe as características doutras tendencias arquitectónicas á marxe do Movemento Moderno ou Estilo Internacional, en particular a High Tech, a posmoderna e a deconstrución.

INDICADORES	1	2	3	4
Aprender a aprender	Non sabe buscar nin seleccionar a información. Non é capaz de analizar a información establecendo causas e consecuencias e facendo comparacións.	Busca e selecciona información pero non é capaz de establecer causas e consecuencias	Busca e selecciona a información. Analiza a información establecendo causas e consecuencias	Busca e selecciona a información. Analiza a información establecendo causas e consecuencias. É capaz de facer comparacións entre diversos acontecementos históricos

PERFIL DA COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ

HAB1.2.1. Especifica quen eran os/as principais clientes da arte grega, e a consideración social da arte e dos/das artistas
HAB1.5.1. Especifica quen eran os/as principais clientes da arte romana, e a consideración social da arte e dos/das artistas.
HAB2.6.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes da arte románica.
HAB2.9.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes da arte gótica, e a súa variación respecto ao románico
HAB3.2.1. Describe a práctica do patrocinio no Renacemento italiano e as novas reivindicacións dos artistas en relación co seu recoñecemento social e a natureza do seu labor
HAB3.6.6. Describe as características xerais da pintura barroca e especifica as diferenzas entre a Europa católica e a protestante
HAB3.7.1. Describe o papel desempeñado no século XVIII polas academias en toda Europa e, en particular, polo Salón de París.
HAB6.1.1. Explica o papel desempeñado no proceso de universalización da arte polos medios de comunicación de masas e as exposicións e feiras internacionais de arte.
HAB6.7.2. Identifica a arte nos diferentes ámbitos da vida cotiá.

INDICADORES	1	2	3	4
